




Xuristas das Irmandades da Fala



Xuristas das Irmandades da Fala

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Edita:



Deseño e maquetación: Pío García

Imprime:



Deposito Legal: VG 281-2016



GALEGUIZAR GALICIA

PRÓLOGOS

As Irmandades da Fala, de onte a hoxe

A constitución das Irmandades da Fala foi unha oportunidade histórica ben aproveitada polos seus promotores para relanzar a idea da restauración da identidade; un movemento cultural daquela natureza, transversal e, xa que logo, plural porque nelas estiveron representadas as distintas actividades sociais (comerciantes, avogados, músicos, escritores...).

No seu espírito fundacional estivo presente a necesidade de superar a fase anterior, a do Rexurdimento, caracterizada pola súa compoñente literaria. Xorde, pois, un movemento cultural anovador no panorama galego, que había reivindicar no político o federalismo como fórmula de Estado que integrase a pluralidade das nacións, e na madurez do proxecto o iberismo como unha alternativa constitucional que incorporase a Portugal.

Os homes e mulleres das Irmandades fixeron moito fincapé da defensa e normalización da lingua galega, poñendo ao descuberto a inmensa riqueza da nosa antropoloxía cultural. Os seus obxectivos restauradores dunha identidade forte, pero adormecida polas presións do centralismo, axiña tiveron respostas, sumándose a este chamamento moitos sectores sociais que participaron con entusiasmo na arela común de rescatar a autoestima dos galegos. Velaí o grande mérito daquel esforzo intelectual colectivo e prolífica imaxinación.

Os xuristas das Irmandades da Fala preocupáronse polo dereito galego, pedíndo a súa codificación. A relación do

home coa terra e a súa particular división foi merecente tamén de estudos e propostas para modernizar o campo e facer as explotacións agrarias viables e rendibles e motivar o desenvolvemento socioeconómico.

Foron os descubridores dos valores da paisaxe, chegando a propoñer como unha acción do futuro goberno galego a declaración da soberanía estética de Galicia. Unha formulación que tiña por obxecto impedir a desfeita do hábitat galego, ao tempo que e a expropiación da paisaxe, para poñela ao servizo dunha política turística, deseñando proxectos de miradoiros e espazos de recreo, creación de museos e a conversión dos pazos e casas rurais en hospedaxes confortables.

No que fai á lingua galega, as Irmandades propuñan a cooficialidade lingüística do galego e castelán, pero indicando expresamente no seu proxecto para un autogoberno galego, que as leis publicaríanse en lingua galega.

A Irmandade Xurídica Galega quere renderlles recoñecemento e admiración aos xuristas que formaron parte daquel movemento innovador coa publicación deste volume rescatando biografías esvaídas e descoñecidas para os xuristas de hoxe, que terán que ver no seu galeguismo exemplo a imitar.

Xosé González Martínez
*Secretario Asociación de Funcionarios para a Normalización
Lingüística de Galicia (AFNLG)*

Xuristas das Irmandades


Con máis de 2 millóns de falantes no momento presente e cunha tradición literaria que se remonta a 700 anos atrás –tradicón na que non faltan pezas de ouro de innegable valor–, o galego é, en termos planetarios, unha lingua que dista moito de pertencer hoxe ao grupo das denominadas linguas minoritarias. De sermos rigorosos na nosa análise, coincidiremos en que a lingua que foi o código de expresión das persoas que habitaron Galicia durante os mil últimos anos está en condicións de seguilo a ser durante os mil anos futuros grazas á vontade inquebrantable dos seus falantes e porque no último século e medio existiron homes e mulleres que, comprometidos coa realidade social e cultural de Galicia, asumiron a tarefa de dignificar a lingua galega por medio da súa introdución naqueles ámbitos da sociedade nos que estaba relegada, como podía ser o do discurso científico ou o xudicial. Neste sentido, as Irmandades da Fala representaron un papel sen parangón no proceso histórico de facer do galego un idioma útil na totalidade dos múltiples e complexos ámbitos nos que se estrutura a vida moderna. Do exemplo deles cómpre aínda tirar algunhas leccións para o presente, se queremos que os retos que nos propuxemos hoxe non se convirtan en frustración.

Por iso debemos saudar a publicación de *Os xuristas das Irmandades da Fala*, libro que se enmarca dentro desa dinámica de citas históricas imprescindibles, especialmente porque estamos a conmemorar o centenario da constitución das Irmandades en 1916. O mundo contemporáneo chama continuamente á nosa lingua a citas nas que non podemos deixar de estar, e xusto e necesario é que botemos a nosa mirada cara

atrás para saber como responderon ás mesmas encrucilladas históricas as persoas que nos precederon e coas que compartimos motivacións, esixencias, empeños e esforzos corais.

Así pois, non podo máis que congratularme de que a Irmandade Xurídica Galega, asociación recipiendaria do espírito galeguista das Irmandades da Fala, sexa hoxe, cen anos despois, continuadora do relato de saberes e compromisos daquel grupo de persoas que traballaron sen desánimo e con intelixencia para que o galego fose tamén lingua dos estrados dos tribunais.

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística



Os xuristas das Irmandades da Fala

Xosé Manuel Pacho Blanco



1.-Limiar.

O 18 de maio de 2016 cúmprese o centenario da fundación da primeira Irmandade de Amigos da Fala en A Coruña. Foi este o primeiro chanzo para o abrollar do nacionalismo galego tralas previas experiencias rexionalistas que crearon as condicións para construír a identidade política de Galicia. E esta identidade, antes como agora, aséntase sobre a defensa da lingua galega como en todos os ámbitos da sociedade e en todas as súas expresións artísticas, culturais, económicas, empresariais e xurídicas.

Son as Irmandades da Fala, co seu firme posicionamento, as que crearon o necesario para que Galiza comezase a auto-determinarse como comunidade social e política superando, parafraseando a Kant, a súa minoría de idade. Foi xustamente dende aí dende onde comezou todo: a Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos, o Partido Galeguista... E a xeración actual, e a sociedade galega actual somos *deudoras* desa vontade de transformación e de avance que caracterizaba os nosos pioneiros. A Antón Vilar Ponte, a Porteiro Garea, a Lois Peña Novo, a Vicente Risco, a Antón Losada Diéguez.

Este traballo pretende pór de manifesto a estreita relación que tiveron moitos membros das Irmandades da Fala co dereito en todas as súas expresións. Algúns deles estudaran a carreira de Dereito, tanto en Santiago como en Madrid, e traballaban como avogados, como notarios, como profesores de Dereito ou como xuíces.

Malia a catividade de fontes documentais, tentamos recoller os membros con formación xurídica das diferentes Ir-

mandades da Fala. Tamén os que se dedicaron directa ou indirectamente a profesións relacionadas co Dereito. E, finalmente, os que podemos chamar propiamente xuristas, destacando as biografías de Manuel Banet Fontenla, Fermín Bouza Brey, Salvador Cabeza de León, Roberto González Pastoriza, Arturo Noguerol Buján, Valentín Paz Andrade, Lois Peña Novo e Lois Porteiro Garea.

Dunha sinxela observación das súas biografías poderemos concluír que foi o seu amor ao dereito e a Galiza o que os inspirou na súa tarefa, algo que aínda que agora semelle doado, supuxo un paso adiante extraordinario na historia do país. Un fito extraordinario que nos legaron aos que chegamos despois e do que se fai en 2016 o seu centenario. Ese paso adiante comezou arrancou, como veremos a continuación, coa toma de conciencia dun grupo de intelectuais do comezo do século XX que chegaron á convicción de que a defensa da lingua galega era o único camiño para defender a dignidade dos galegos e das galegas.

2.-Contexto histórico das Irmandades da Fala.

Tras o solpor de Solidariedade Galega, un grupo de galegos residente en Madrid e ao que lle doe a perda do idioma e a crise da nosa cultura organiza unha serie de conferencias na Casa de Galicia e no Ateneo, e fundan a *Revista de Estudos Gallegos*, que dirixe Aurelio Ribalta e onde xa aparece nítido o concepto de nacionalidade galega, aplicado a Galicia polo menos nos artigos de Ribalta, e a importancia da lingua como elemento nuclear¹.

¹AA. VV.: *A gran historia de Galicia. Historia política da Galicia contemporánea*, Tomo XI vol. 3, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007, p. 179.

Dende a súa columna *Con letra del Siete en La Voz de Galicia*, Villar Ponte levaba reclamando unha maior sensibilidade do país e dos seus políticos e cidadáns coa nosa lingua². E o 8 de xaneiro de 1916, este home, republicano e galeguista, iniciaba dende este xornal no que traballaba a súa reclamación dunha Liga de Amigos del Idioma, iniciativa que atopou apoios na prensa, incluída a católica³. O escrito era, ante todo, unha defensa da lingua galega, que consideraba a mellor expresión da nosa identidade posto que toda afirmación galega debe partir ineluctablemente do renacemento do idioma⁴. Villar Ponte inicia así a súa moi persoal misión galeguista, e a súa pretensión de crear, e para iso emprega as páxinas de *La Voz de Galicia*, unha Liga de Amigos do idioma galego e defender o nacionalismo galego como afirmación rexional. Aínda que para nós, na actualidade, poida parecer contradictorio, así o expresou no libro titulado *Nacionalismo gallego (apuntes para un libro). Nuestra afirmación regional*, onde ademais defende o uso da lingua galega⁵.

Antón Villar Ponte convocou para o 17 de maio de 1916 unha reunión nos locais da Real Academia Galega, á que asistiu, segundo a información publicada por *La Voz de Galicia* ao día seguinte, “un grupo de entusiastas de la causa

²VILLAR PONTE, A.: *100 artículos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2003.

³BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, en *Mur-guía: Revista Galega de Historia*, núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, p. 53.

⁴VILLAR PONTE, A.: “Al margen de una encuesta”, en VILLAR PONTE, A.: *100 artículos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2003, p. 148.

⁵AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 181.

de nuestra región”⁶. A esta xuntanza asisten case medio cento de persoas de ideoloxías ben diversas, entre as que destacan Lugrís Freire, Carré Aldao, Tettamancy, Florencio Vaamonde Lores, César Vaamonde Lores, Oviedo Arce, Alejandro Barreiro, Augusto Barreiro, Martínez Moras, os irmáns Villar Ponte, Cortés, Fáginas, Iglesias Roura, Baldomir, Francisco Rodríguez, Sánchez Porto, Fernández Mouriño...

Nesta xuntanza acordouse a creación da Irmandade dos Amigos da Fala e, aprobados os Estatutos, Antón Villar Ponte foi elixido primeiro conselleiro da Irmandade⁷. Como teñen sinalado Beramendi e Núñez Seixas a iniciativa que levou á fundación das primeiras Irmandades no 1916, foi endóxena, non foi unha imitación do exemplo catalán, foi a expresión propia dun pobo que comezaba a madurar.

Os obxectivos iniciais das Irmandades da Coruña foron superados sobradamente cando o 28 de maio de 1916 Lois Porteiro, Manuel María González, José Pasín, Salvador Cabeza de León, Salustiano Portela Pazos, Miguel Gil Casares, Leandro Pita Romero, José Portal Fradejas, Xaime Quintanilla, constitúen a Irmandade de Amigos da Fala de Santiago. O seu organizador foi Porteiro Garea, profesor de Dereito na Universidade de Santiago e quen, con tan só 27 anos, e xa fixera un longo percorrido ideolóxico¹⁰. Foi o seu discurso o que marca o rumbo das Irmandades da Fala¹¹.

⁶BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego...”, op. cit., p. 54.

⁷AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 181.

⁸BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1995, p. 93.

⁹BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, op. cit., p. 54.

¹⁰CORES TRASMONTA, B.: *Luís Porteiro Garea*, Editorial TresCtres, Santa Comba, 2005.

¹¹AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 184.

Pouco a pouco foron formándose novas Irmandades en Monforte, o 15 de xuño de 1916¹², en Pontevedra, o 4 de novembro¹³, en Ourense, o 14 de novembro¹⁴ ou en Vilalba, o 24 de novembro¹⁵. Ao ano seguinte apareceron, entre outras, a de Ferrol, o 20 de abril de 1917, a de Vigo, o 20 de maio, e a de Mondoñedo, o 30 de outubro. Foron as agrupacións de Coruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos e Monforte as máis numerosas e estables¹⁶.

Non se pode esquecer que, como ten sinalado Beramendi, as Irmandades foron un movemento de efectivos escasos, que oscilarán entre un mínimo de 400 afiliados e un máximo duns 700 en 1918, case todos procedentes exclusivamente das clases medias e, dentro destas, cun claro predominio de profesionais liberais, docentes, funcionarios e xornalistas máis ou menos profesionalizados¹⁷.

A constitución das Irmandades non procedía do expansionismo das xa existentes senón da capacidade de asociación dos galeguistas e dos federalistas nas distintas cidades e vilas galegas¹⁸. O programa consistía substancialmente en practicar o uso oral e escrito do galego entre os seus afi-

¹²Foi a Irmandade de Monforte, presidida polo notario Banet Fontenla unha das máis activas do país.

¹³As Irmandades non se consolidaron en Pontevedra. BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 99. Castela foi unha figura fundamental moi achegada ás Irmandades, como se pode ver nas súas colaboracións diversas coas Irmandades.

¹⁴Destacan figuras como Losada Diéguez, Vicente Risco, Otero Pedrayo que foron un gran revulsivo do mundo cultural, social e político da cidade.

¹⁵Lois Peña Novo, prestixioso avogado foi a alma mater da Irmandade de Vilalba.

¹⁶BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 99.

¹⁷BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, op. cit., p. 55.

¹⁸AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 184.

liados e, a partir de aquí aí, difundilo na prensa e na sociedade; en chegar a publicar un boletín; en render culto ás grandes figuras do galeguismo; e en cultivar a cultura enxebre mediante excursións ás aldeas e o fomento da música popular¹⁹.

Neste contexto, foi necesario crear un órgano de difusión no que se involucran todos os intelectuais nacionalistas galegos²⁰. Non é outro que A Nosa Terra, que sae do prelo por primeira vez o 14 de novembro de 1916 para dar información sobre as actividades dos distintos centros e, sobre todo, para sentar as bases dun principio de organización e de instrumento propagandístico do movemento²¹.

Así tamén as Irmandades procuraron o apoio dos catalanistas, e conseguindo que Cambó viñese polo menos en dúas ocasións a Galiza e que distintos membros das Irmandades acudisen á Semana Galega en Barcelona²², chegando a aliarse para diferentes comicios²³. Debe destacarse tamén a súa aposta, a súa axuda para que o nacionalismo galego tivese un xornal diario que fose quen de cubrir un espazo que ata ese momento ficaba baleiro²⁴.

¹⁹BERAMENDI, J.: "As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego...", op. cit., pp. 55.

²⁰Este Semanario iniciouse o 14 de novembro de 1916 e rematou o 17 de xullo de 1936. Vid., *A Nosa Terra*, Tomos I-VII, A Coruña.

²¹BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 96.

²²Destacarían Peña Novo e Porteiro Garea, do que se fan eco diferentes medios de comunicación.

²³BERAMENDI, J.: "As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego...", op. cit., pp. 59.

²⁴AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 198. Ao respecto da relación con Catalunya, vid. *A Nosa Terra*, núm. 20, 30 de maio de 1917, p. 1, sobre Francesc Cambó. Tamén, BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 97.

Como sinalamos anteriormente, existía entre os fundadores das Irmandades da Fala unha gran diversidade ideolóxica. Atopamos fundamentalmente a tendencia liberal demócrata e a neotradicionalista, formando parte Peña Novo, Villar Ponte e Castelao da primeira, e Risco, Otero Pedrayo e Losada Diéguez da segunda²⁵. Esta diversidade de ideas políticas acabárase traducindo nun dos grandes conflitos das Irmandades: a crecente tensión entre rexionalistas estritos e protonacionalistas que pasan a ser nacionalistas, en palabras de Beramendi²⁶.

Foi na primeira Asamblea de Lugo onde parecerá que se aclaran as cousas sendo nese tránsito entre 1916 e 1918 cando se reformula a ideoloxía política das Irmandades. Deste xeito, a primeira Asamblea Nacionalista de Lugo de 1918 constitúe a base común de todos os programas do nacionalismo ata alomenos a Segunda República²⁷. Nela estaban presentes como asistentes sesenta persoas, ás que se adheriron dezasete máis. Presidíu a Asemblea Antonio Losada, e entre os asistentes destacaban Risco, Noguerol, Castelao, Cabanillas, Banet Fontenla, Quintanilla, Peña Novo e os irmáns Villar Ponte entre outros.

Defendía Risco o nacionalismo do movemento, e que ía gañando peso intelectual, e, nacendo aquí o nacionalismo galego, empregábase como tal fronte ao rexionalismo²⁸.

²⁵BERAMENDI, J.: *El nacionalismo gallego*, Arco/Libros, Madrid, 1997, p. 36; e BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 94.

²⁶BERAMENDI, J.: "As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego", op. cit., p. 56.

²⁷BERAMENDI, J.: *El nacionalismo gallego...*, op. cit., p. 34.

²⁸BERAMENDI, J.: "As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego", op. cit., p. 62.

Ás Irmandades foron chegando militantes procedentes de distintas opcións ideolóxicas. Unha amalgama de pensamentos, de experiencias e de vivencias que só tiñan en común a vinculación sentimental coa terra e a ilusión de construír algo novo e definitivo para Galiza. Foron, en definitiva, os membros das Irmandades uns defensores da cultura propia de Galiza. Como sinala Beramendi, as Irmandades foron quen de manter con vida a nova criatura que logo se fixo adulta, a idea de nación galega²⁹. Os seus membros lexitiman o orgullo de pertencer a unha xeración que procurou a modernización de Galiza e, sobre todo, darlle unha inxección de autoestima³⁰.

3.-Os membros das Irmandades da Fala vencellados ao dereito.

Debemos ter en conta que a composición socioprofesional da militancia das Irmandades da Fala indica que a grande maioría procede de grupos sociais intermedios en todos os niveis, cunha preeminencia de profesións liberais e profesores³¹. Así mesmo, veremos como os membros das Irmandades estaban vencellados ao mundo do dereito, xa fose porque a súa formación era xurídica, xa fose porque os seus desempeños futuros os vinculaban a esta disciplina.

3.1. Formación xurídica dos seus membros.

A formación xurídica é en moitos dos membros das Irmandades unha característica común, como común é o feito de

²⁹Ibidem, p. 64.

³⁰AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 197.

³¹BERAMENDI, J.: *El nacionalismo gallego...*, op. cit., pp. 40-41.

que moitos deles adoitaron estudar dúas carreiras: Dereito, e Filosofía e Letras na rama considerada por eles máis axei-tada (lingua, filosofía, etc.).

Máis adiante afondaremos nos que se dedicaron directamente a profesións vencelladas ao dereito e que, polo tanto, son licenciados nesta área do saber. Así, falaremos de Bouza Brey, Premio Extraordinario de Dereito, Porteiro Garea, Premio Extraordinario de Dereito e de Doutoramento, Noguerol Buján, Banet Fontenla, Paz Andrade, Peña Novo, González Pastoriza, Cabeza de León.

Pero agora debe consignarse que entre os nosos grandes polígrafos que Vicente Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Losada Diéguez, e Aurelio Ribalta estudaron Dereito. RISCO estudouno por libre na Universidade de Santiago, onde se licenciou en 1906. Otero Pedrayo fixo o preparatorio de Dereito por libre na Universidade de Santiago, e en 1905 vai a Madrid a estudar Dereito na Universidade Central. Filgueira Valverde estuda Dereito en Santiago e licénciase co Premio Extraordinario en 1927. Losada Diéguez estudou Dereito na Universidade de Santiago, aínda que antes estudara Filosofía e Letras en Deusto³². Pola súa banda, Aurelio Ribalta estudou Leis e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago.

Tamén atopamos dentro das Irmandades da Fala e do seu órgano de difusión, A Nosa Terra, estudantes de Dereito

³²LOSADA ESPINOSA, L.: "As raíces, a terra; formación e aprendizaxe da vida" en BERAMENDI, J. (ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais, Vigo, 1985, p. 45.

como Román Piñeiro e Manuel María González³³, sen que se poida atopar ningunha outra referencia documental.

3.2. Profesións vencelladas ao Dereito.

Dentro das profesións vencelladas ao Dereito, debemos facer unha diferenciación entre as que o son directamente, como avogado, xuíz, fiscal, notario ou profesor de Dereito; ou indirectamente, como funcionario do Concello, funcionario do Estado, e mesmo profesor de Rudimentos xurídicos na segunda ensinanza.

3.2.1. Vencelladas indirectamente.

Entre os membros vencellados indirectamente pola súa profesión ao mundo do dereito atopamos a Ramón Cabanillas, que era funcionario do Concello de Cambados. Funcionarios da Facenda do Estado eran Florentino Cuevillas, Florencio Vaamonde, Aurelio Ribalta e o propio Vicente Risco.

Francisco Tettamancy era profesor de Mercantil e Losada Diéguez era profesor de segunda ensinanza de Psicoloxía, Lóxica ética e Rudimentos de Dereito³⁴.

3.2.2. Vencelladas directamente.

Dentro dos membros vencellados directamente pola súa profesión ao mundo do dereito atopamos un gran número

³³A *Nosa Terra*, núm. 5, 25 de decembro de 1916 e *A Nosa Terra*, núm. 9, 6 de febreiro de 1917, respectivamente.

³⁴Unha especie de filosofía e introdución ao Dereito.

de avogados, dos que, en moitas ocasións, apenas temos referencias bibliográficas e que deseguido enumeramos.

Atopamos a Lois Cortiñas, que era avogado en Betanzos³⁵, a Xosé Núñez Búa, que exercía como avogado en Vigo ademais de dirixir un colexio³⁶, a Francisco Fernández del Riego, que traballou como pasante de Paz Andrade³⁷, a Camilo Barcia Trelles, profesor da facultade de Dereito de Oviedo, a Florencio Delgado Gurriarán, avogado en O Barco de Valdeorras, a Augusto de las Casas, avogado e secretario do Goberno civil de Ourense, a Xerardo Álvarez Gallego, avogado e procurador na cidade de Vigo, a Servando González Aller, avogado, a Xosé García Vidal, avogado da Deputación de Pontevedra, a Xosé Irexas Roura, avogado e poeta de A Coruña, tesoureiro das Irmandades da Coruña e exdirector de *A Nosa Terra*³⁸, a Xosé Posada Curros, avogado e profesor da Escola de comercio, a Horacio Francisco Gastañaduy, avogado e funcionario de Facenda, a Antón Maseda Romero, avogado e licenciado en Letras, a Rodrigo Sanz, avogado e xurista³⁹, a Antonio Valcárcel, avogado e secretario da Cámara de Comercio de A Coruña⁴⁰, a Ramón Díaz Ponte, notario⁴¹, a Xesús Fariña Guitián, avogado de

³⁵TORRES REGUEIRO, X.: "A Irmandade da Fala de Betanzos" en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 66.

³⁶CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998, p. 127.

³⁷Ibidem, p. 171.

³⁸Vid., *A Nosa Terra*, núm. 37, 20 de novembro de 1917, p. 5.

³⁹Rodrigo Sanz, é unha figura que ven do agrarismo, un político e avogado xa moi recoñecido. Vid., BRISSET MARTÍN, X.: "Os solidarios ante o invicto marqués" en *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, p. 13.

⁴⁰Vid., *A Nosa Terra*, núm. 44, 30 de xaneiro de 2018, p. 2.

⁴¹Recóllese en *A Nosa Terra*, núm. 8, 25 de xaneiro de 1917, p. 5, unhas interesantes palabras sobre a tarefa do notario, do xurista e a necesidade de defender o galego.

Monforte⁴², a Carlos Sánchez Táiz, avogado en Monforte, a Benigno Varela, avogado en A Coruña e Lugo, e a Xosé Fernández Arias⁴³, avogado.

4.-Os xuristas das Irmandades da Fala.

Recollemos a continuación algúns dos xuristas máis relevantes das Irmandades deses que tiñan a Galiza e o Dereito como enseña. E as palabras que Otero Pedrayo dixo dos máis novos, tamén se poden estender a todos eles porque: “semellaban nados para seguir afondando as aradas dos grandes mestres dos séculos pasados nos eidos e nas ermanzas do Dereito⁴⁴.

4.1. Manuel Banet Fontenla.

Manuel Banet Fontenla naceu en A Coruña o 30 de maio de 1871 e morreu o 29 de setembro de 1962, tamén en A Coruña. Debe destacarse o seu compromiso co rexionalismo e coa cultura galega, sendo un dos membros fundadores da Real Academia Galega e o encargado de ler o discurso do presidente Murguía na sesión inaugural⁴⁵.

⁴²Mencionado en *A Nosa Terra*, núm. 11, 26 de febreiro de 1917 e no núm. 16, 20 de abril de 1917, destacando que marcha a vivir, e a exercer de avogado en A Coruña.

⁴³*A Nosa Terra*, número 7, 15 de xaneiro de 1917, p. 7, onde se menciona a Conferencia do xoven e elocuente avogado don Xosé Fernández Arias.

⁴⁴Referíndose a Peña Novo, Porteiro e Noguerol, vid., OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos...*, op. cit., p. 221.

⁴⁵Vid., *Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 309, A Coruña, 1956, pp. 568-575.

Ostentou o cargo de Tesoureiro desde o 19 de xuño de 1944 ata o 15 de outubro de 1944, durante unha interrupción no labor de Ángel del Castillo López.

Foi avogado, economista e notario⁴⁶; en definitiva, un xurista comprometido co país que impulsou a creación das Irmandades da Fala.

Banet Fontenla rematou os seus estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela en 1892 e, ademais, doutorouse na Universidade Central de Madrid, cunha tese de doutoramento que levaba por título: “De las legítimas. Examen comparativo de las disposiciones del Derecho justiniano y del patrio en esta materia⁴⁷”. Este traballo de investigación é un reflexo inequívoco do seu compromiso con Galiza, posto que pode que sexa no dereito civil onde se agoche a esencia dunha comunidade social diferente, sendo así o dereito civil a mellor expresión dun pobo.

Como destaca Sebastián Martínez Risco, posuía un coñecemento das institucións de dereito consuetudinario galego⁴⁸, e, como tal, así o definiu Otero Pedrayo, como un home cun fondo e realista senso xurídico⁴⁹. Podemos destacar que foi Banet Fontenla unha das figuras máis importantes das Irmandades da Fala, e poida que o feito de ser notario e ter unha posición inequívoca a favor do país e da súa lingua fixo del unha referencia para os novos deste movemento⁵⁰.

⁴⁶FERNÁNDEZ CAAMAÑO, J. M.: *La Coruña vista desde sus libros de actas*, Visiónnet, Madrid, p. 303. Onde se recolle que foi un economista e notario.

⁴⁷Vid. Arquivo Histórico Nacional AHN-28079-UD-1484339 onde consta o seu doutoramento en Dereito, na Universidade Central de Madrid, en 1893.

⁴⁸MARTÍNEZ RISCO, S.: *Manuel Banet Fontenla, Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 352, A Coruña, 1970, p. 462.

⁴⁹OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012, p. 95.

⁵⁰BANET FONTENLA é mencionado en numerosas ocasións en *A Nosa Terra*, órgano de difusión das Irmandades da Fala, destacando sempre a súa posición de referencia en todas as actuacións tomadas e, singularmente, na súa presidencia da Irmandade de Monforte.

Tamén traballou durante uns anos como avogado penalista na cidade de A Coruña, ata que no 1899 aproba as oposicións de notarías co número 1 e se traslada a Monforte para exercer como notario durante máis de trinta anos⁵¹.

En 1930, substituíndo a Andrés Domínguez Durán, exerceu como notario en Santiago de Compostela. Finalmente, volveu á Coruña como notario substituíndo a Ildefonso Fernández Feijoo.

Foi o propio Banet Fontenla quen, no seu exercicio de notario, levantou acta notarial da Asemblea do Estatuto galego outorgada no ano 1932⁵². No ano 1946 regresou á carreira da avogacía abrindo o seu propio despacho na rúa Real da Coruña.

4.2. Fermín Bouza Brey.

Fermín Bouza-Brey Trillo naceu en Pontearreas o 31 de marzo de 1901 e morreu o 11 de xuño de 1973 en Santiago de Compostela, sendo soterrado na vila de Cortegada.

Foi un intelectual que dedicou os seus esforzos á investigación no campo da etnografía, da arqueoloxía e da literatura, deixando numerosos traballos difundidos en publicacións diversas. Colaborou coa Real Academia Galega, na que ingresou no ano 1941, e co Seminario de Estudos Galegos. A súa obra *Nao senlleira* inicia a corrente poética do neotrobadorismo.

⁵¹MARTÍNEZ RISCO, S.: *Manuel Banet Fontenla...*, op. cit., p. 462.

⁵²PAZOS, A.M.: *Xuntos por Galicia. A asamblea de Concellos de 1932 e o Estatuto de Autonomía de Galicia*, CSIC, Cuadernos de Estudios Gallegos núm. 9, Santiago de Compostela, 2009, p. 28.

Pero ademais do seu compromiso coa cultura en todas as súas facetas, Bouza Brey foi un home de lei, como veremos a continuación, e esa formación xurídica e ese dedicarse á práctica do dereito marcaron, como non podía ser doutro xeito, a súa vida.

Ademais de ser licenciado en Filosofía e Letras, tamén se licenciou en Dereito, e con Premio Extraordinario, no ano 1924, pola Universidade de Santiago. Pasados uns anos accedeu ao corpo de aspirantes á xudicatura, comezando a traballar como maxistrado en Vielha (Lleida) no ano 1929. A finais dese mesmo ano foi destinado á Estrada, xa na Galiza.

Ocupa esa praza de maxistrado cando se produce o golpe de Estado no ano 1936⁵³, e dase a curiosidade de que en plena guerra a xurisdición do seu Tribunal esténdese ata o xulgado de Lalín por mor dunha vacante. Tamén no ano 1939, durante a guerra, é nomeado para o posto de oficial, capitán do corpo xurídico militar en Lleida, e despois en Igualada, Barcelona.

En setembro de 1939 volve de novo á Estrada, onde estará ata o ano 1943. Nese momento é nomeado para o posto de xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Santiago, aínda que xa comezaba a ser moi patente a súa precaria saúde, o que condicionou o seu exercicio máis adiante como maxis-

⁵³Como sinala GONZÁLEZ PÉREZ o golpe militar transforma tanto as vidas do país, como o propio desempeño da xudicatura, e son moi ilustrativas testemuñas que recolle, vid. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado. Expediente 153/1951" en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011, p. 26-36.

trado na Audiencia de Lugo e na de Pontevedra⁵⁴. Tivo tamén problemas en Pontevedra por insinuacións sobre a súa vida privada que o levaron a pensar en deixar a xudicatura e exercer como avogado en Santiago de Compostela⁵⁵. Pouco tempo despois, decidiu pedir o traslado aos xulgados de Lleida ou de Soria e, finalmente, no ano 1949, foi nomeado para o Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Lleida, onde estivo pouco tempo porque foi nomeado nese mesmo ano para a Audiencia Territorial de Oviedo.

Permanecerá aló ata que no ano 1955 foi separado da carreira xudicial en circunstancias un tanto estrañas, relacionadas, entre outras cousas, coa conferencia que dera en Buenos Aires, no Centro Galego, en 1951.

Dende ese momento, abriu despacho profesional como avogado na cidade de Santiago, onde exerceu a profesión ata o seu pasamento, en 1973⁵⁶. Recibiu en vida a Cruz de Alfonso X o Sabio, en 1942, e unha insignia moi querida no ámbito do Dereito como é a Cruz de San Raimundo de Penafort, de segunda clase.

Ten recollido Vidal Fraile as diferentes pegadas xurídicas nos escritos de Bouza Brey⁵⁷, pegadas que amosan a súa in-

⁵⁴Sufriu permanentes problemas de saúde que se derivaban na imposibilidade de desempeñar o seu traballo, e na necesidade de mudar de destino laboral para buscar lugares máis axeitados para a súa saúde.

⁵⁵ibidem, p. 46.

⁵⁶PLATAS TASENDE, A.: "Fermin Bouza Brey. Xuíz, avogado, poeta, erudito..." en AA.VV.: *Fermin Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra e Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011, p. 188.

⁵⁷VIDAL FRAILE, M.: *As pegadas xurídicas de Fermin Bouza Brey*, Xunta de Galicia e Asociación de funcionarios para a Normalización Lingüística.

quedanza como investigador e como xurista. Destacan "O casairádego no dereito consuetudinario galego"⁵⁸, "Supervivencia do dereito consuetudinario xermánico no costumario Luso-Galaico"⁵⁹ e "La prueba judicial del juramento sobre el sepulcro del apóstol"⁶⁰.

4.3. Salvador Cabeza de León.

Salvador Cabeza de León nace en Betanzos o 5 de febreiro de 1864 e morre en Santiago de Compostela o 20 de maio de 1934, xustamente o día en que se xubilaba dando a súa derradeira lección maxistral.

Como sinalaba Carro García no *Boletín da Academia Gallega*⁶¹, era un amante do estudo e das letras, e un alumno avantaxado da Universidade de Santiago que desenvolveu o seu labor con escritos de toda índole durante máis de cincuenta anos de docencia. E sempre dende o amor á patria e ao país, colaborando con Brañas e Murguía, formando parte das Irmandades da Fala e presidindo en Santiago o seu primeiro aniversario⁶².

⁵⁸BOUZA BREY, F.: "O casairádego no dereito consuetudinario galego", en *Scientia Iuridica*, T. VI, núm. 30/32, Braga, 1957.

⁵⁹BOUZA BREY, F.: "Supervivencia do dereito consuetudinario xermánico no costumario Luso-Galaico", en *Actas do Coloquio de Estudos Etnográficos Dr. José Leite de Vasconcelos*, Vol. III, Porto, 1960.

⁶⁰BOUZA BREY, F.: "La prueba judicial del juramento sobre el sepulcro del apóstol" EN *Compostellanum*, Vol. IV, núm. 2, Santiago, 1959.

⁶¹Vid., CARRO GARCÍA, J.: "Don Salvador Cabeza de León" en *Boletín da Academia Galega* núm. 253, A Coruña, 1934; e "Gallegos ilustres", en *Raza celta*, núm. 6, Montevideo, 31 de xullo de 1934, pp. 14-15

⁶²Vid., *A Nosa Terra*, número 19, 20 de maio de 1917.

Tamén fundou con Cotarelo Valledor o Seminario de Estudos Galegos, ao que pertenceu como xefe da sección de Historia e do que foi presidente ata a súa morte. Así mesmo, foi membro das Academias da Historia e de Bellas Artes, entre outras, e alcalde de Santiago dende 1910 a 1914.

Licenciouse en Dereito con sobresaínte na Universidade de Santiago en 1884 e doutorouse en Dereito na Universidade Central de Madrid en 1887. Foi profesor auxiliar de Dereito Mercantil e Internacional na facultade de Dereito de Santiago ata que, no ano 1903, accede por oposición á Cátedra de Dereito Internacional Público e Privado da Universidade de Santiago; e dende 1919, tamén á Cátedra de Dereito Canónico. Foi nesta mesma universidade onde se xubilaría no ano 1934. A isto podemos unir o feito de que, entre 1920 e 1928, foi decano da facultade de Dereito da Universidade de Santiago.

Entre os seus traballos xurídicos destaca *A Insinanza do Dereito Román na Universidade de Sant-Yago, hastra o plan de estudos de 1772*⁶³. Tamén *El sistema de la personalidad del Derecho, Algunas ideas de Saavedra Fajardo referentes al Derecho Internacional e Notas de un pleito... aproveitamento de unha ballena*⁶⁴. Tamén deben destacarse *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela e Materiales*

⁶³BOUZA BREY, F.: "A Insinanza do Dereito Román na Universidade de Sant-Yago, hastra o plan de estudos de 1772" en *Separata dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, A Coruña, 1928, Imprenta Lar.

⁶⁴Vid., CARRO GARCÍA, J.: "Don Salvador Cabeza de León" en *Boletín da Academia Galega* núm. 253, pp. 4.

*acopiados y transcritos por... Ordenados, completados y re-dactados por Enrique Fernández Villami*⁶⁵.

Saliéntase tamén a súa competencia nos estudos xurídicos e nos traballos sobre Dereito Internacional, chegando a formar parte xunto con outros catedráticos de Dereito Internacional da representación española no I Universal Races Congress, celebrado en Londres⁶⁶.

E debe destacarse tamén que no ano 1932 presidiu a Comisión redactora do Anteproxecto do Estatuto galego⁶⁷, un traballo dun grande calado xurídico e de grande trascendencia social, e que deixou listo o dictame coas correspondente emendas a finais dese mesmo ano.

Cabeza de León foi un membro eximio da Academia universitaria, e ocupou a cátedra de Dereito Internacional nun tempo onde isto significaba estudar un programa de xustiza para todo o mundo⁶⁸. Lembra Otero Pedrayo a súa derradeira lección de cátedra no Paraninfo da Universidade de Santiago onde desenvolveu un caso clásico do Dereito Internacional, o apresamento do buque Virxinia⁶⁹ co que remataría a súa vida académica e poucas horas despois a súa propia vida.

⁶⁵Vid., FERNÁNDEZ VILLAMIL, E. (ed.), CSIC / Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1946-47, 3 volumes.

⁶⁶Do 26 ao 29 de xullo de 1911, xunto con outros membros como José Gascón y Marín, Manuel Torres Campos, Aniceto Sela e Gonzalo Fernández de Córdoba.

⁶⁷Nesta Comisión estaban, entre outros, Manuel Iglesias Corral, Eladio Rodríguez, Manuel Lugo Freire, Jacobo Arias del Villar, Avelino López Otero, Rodrigo Sanz López, Alexandre Bóveda, Santiago Montero Díaz e Enrique Rajoy Leloup.

⁶⁸OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos...*, op. cit., p. 214.

⁶⁹Ibidem, p. 216.

4.4. Roberto González Pastoriza.

Roberto González Pastoriza naceu en Moaña o 26 de febreiro de 1898 e morreu en Vigo en 1985. Podemos dicir del moitas cousas, pero se cadra o aspecto máis importante é que toda a súa vida xirou ao redor da súa condición de avogado.

A esa condición engadíase a de articulista en diferentes xornais como Faro de Vigo, La Noche ou El Pueblo Gallego e a do compromiso co galeguismo e a lingua galega⁷⁰. Asistiu á II Asamblea Nacionalista celebrada en Santiago de Compostela en 1919, integrouse máis adiante no Grupo Autonomista Galego e colaborou na redacción do Proxecto de Estatuto de Autonomía para Galiza no ano 1936. Tamén debe sinalarse o seu apoio á cultura, destacando a súa colaboración coa Fundación Penzol e coa propia Asociación Cultural de Vigo.

Pero no que atinxe estritamente á súa condición de xurista, estudou Dereito na Universidade de Santiago, licenciándose en 1920. Debe sinalarse que entre os seus profesores estaban dous grandes nomes das Irmandades da Fala, Luís Porteiro Garea e Lois Peña Novo⁷¹.

Pouco tempo despois de licenciarse incorporouse ao despacho do coñecido avogado Adolfo Gregorio Espino, quen,

⁷⁰Vid. ALONSO MONTERO, X.: "Tres cartas de Roberto González Pastoriza sobre o idioma galego, Castelao e García Lorca" en AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013, pp. 83-84.

⁷¹MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: "Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito" en AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013, p. 23.

cando foi nomeado alcalde de Vigo, deixou ao seu colaborador ao cargo do mesmo. Xa no ano 1927, sendo letrado externo do Concello de Vigo⁷², abre despacho propio na Porta do Sol da cidade olívica.

Adoita ser habitual que o exercicio da profesión de avogado só teña visibilidade pública en documentos cando se levan asuntos de notoriedade. Afortunadamente, no caso de González Pastoriza podemos documentar a súa actividade porque era letrado da Caixa de Aforros que había en Vigo, e da Unión de Entidades Viguesas⁷³. Foi el tamén un dos membros da comisión promotora do Colexio de Avogados de Vigo, como se fixeron eco os xornais da súa época⁷⁴.

Atopamos del diferentes artigos xurídicos publicados ao longo da súa vida en diferentes revistas xurídicas, como a *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia, Dereito y Justicia* ou a *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*⁷⁵. Destacan tamén as publicacións *Posibilidades legales de garantizar los préstamos hipotecarios* e *Los límites de la acción del Estado y la ordenación del ahorro*⁷⁶. Debe suliñarse tamén o seu coñecemento do dereito foral, o dereito propio de Galiza⁷⁷, ao que lle dedicou atención durante toda a súa vida.

⁷²Posto que ostentou no Concello ata o ano 1933.

⁷³MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: "Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito...", op. cit., p. 25.

⁷⁴Vid., Xornal *El pueblo gallego*, de 16 de decembro de 1931.

⁷⁵Tamén noutras como o Boletín de Información de la Cámara oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo, ou a Revista Previsión.

⁷⁶MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: "Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito...", op. cit., p. 26.

⁷⁷Poida que sexa este dereito o que garde a esencia propia dunha comunidade social, cultural e política.

Non debemos esquecer que González Pastoriza era sobre todo avogado e vía a vida a través do Dereito⁷⁸. E, así, ao longo da súa vida desenvolveu a profesión de avogado con brillantez e levando asuntos de gran relevancia pública, como os derivados dos feitos de outubro de 1934⁷⁹. Tamén defendeu a varios políticos tralo golpe de Estado de 1936, o que lle trouxo unha serie de problemas que o levaron a ser desterrado á vila de Verín, aínda que o confinamento non durou moito e onde coincidiu con Paz Andrade⁸⁰.

Finalmente, González Pastoriza abriría un despacho na cidade de Vigo, na rúa Queipo de Llano, no edificio onde vivía e onde se mantivo traballando ata o final da súa vida⁸¹. No ano 1978 foi condecorado coa Cruz de San Raimundo de Peñafort de primeira categoría, unha das distincións máis importantes no desempeño da práctica do Dereito.

4.5. Arturo Noguero Buján.

Arturo Noguero Buján naceu en Ourense o 6 de maio de 1892 e morreu asasinado polos afectos ao golpe de Estado en Ferrol o 12 de setembro de 1936.

Foi un home comprometido co seu país e formou parte das Irmandades da Fala e do grupo de intelectuais ourensáns

⁷⁸Vid. ROMÁN ALONSO, F.: "Roberto González Pastoriza lembrado por Arsenio Paz Carballo" en AA.VV.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, p. 71.

⁷⁹Obsérvase que sinala MARTÍNEZ GONZÁLEZ que para este asunto aconsellouse con OSSORIO Y GALLARDO, un dos grandes avogados do país a comezos da primeira metade do século XX. MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: "Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito...", op. cit., p. 36-37.

⁸⁰CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 159.

⁸¹Destacan os importantes clientes cos que contou entre os que destacan Antonio García, Estanislao Durán, os irmáns Fernández López entre outros.

que máis adiante fundarían a revista Nós, onde el tivo un papel fundamental⁸². Tamén colaborou coas revistas *La Centuria* e *A Nosa Terra*.

Aquí queremos destacar a súa perspectiva como xurista. Arturo Noguero estudou Dereito na Universidade de Salamanca e licenciouse con sobresaínte no ano 1915. Pouco tempo despois de rematar a carreira volveu a Ourense e colexiouse como avogado no Colexio de Avogados de Ourense no ano 1916, abrindo despacho profesional no número 12 da rúa Padre Feijoo⁸³.

Exerceu este traballo ata que, en 1925, foi nomeado secretario da Administración Local con categoría de primeira, actuando interinamente en Pereiro de Aguiar e en Aviión, e obtendo finalmente a praza en propiedade nos Concellos de Aviión, Rianxo e Serantes⁸⁴.

Dende 1927 exerce como secretario no Concello de Rianxo, ata que, en 1932, grazas a unha permuta de prazas, pasa a ocupar a praza no o Concello de Serantes.

Publicou diferentes traballos vencellados a cuestións xurídicas e ás vinculacións entre a realide e o Dereito. Así, na revista *La Centuria* publicou catro artigos: sobre o boycott nas folgas, sobre a patria, sobre o delito e a pena nas poesías de Curros Enríquez, e, finalmente, sobre os dereitos dos obrei-

⁸²Pénsese que durante moito tempo foi o seu despacho onde tivo a sede da xerencia a mítica revista.

⁸³ROMÁN ALONSO, F.: *Arturo Noguero. Xornalista, arbitrista e financeiro do galeguismo*, Editorial Ir Indo, Vigo, 2003, p. 15.

⁸⁴Ibidem, p. 44.

ros e a redución da xornada⁸⁵. Merece unha especial atención o traballo titulado “El delito y la pena en las poesías de Curros Enríquez”, onde fai unha interesante reflexión sobre a xustiza penal, e a súa significación e a súa comprensión nas obras de Curros Enríquez⁸⁶, citando tamén ao Padre Sarmiento e a súa oposición á pena de morte⁸⁷.

Fai público tamén un folleto de trinta e dúas páxinas titulado “Parolas sobre a propiedade”, no que se observa a súa formación xurídica⁸⁸. No órgano voceiro das Irmandades da Fala, *A Nosa Terra*, publica un artigo con carácter xurídico que leva por título “Orientacións políticas de Galicia”⁸⁹. Non se debe esquecer que el, xunto con Risco, Otero e Losada Diéguez, entre os máis relevantes, formaban a Irmandade ourensá.

No número 1 da revista *Nós* podemos atopar tamén un traballo de Nogueroles que fala da problemática do traballo en Galiza, e dos dereitos dos traballadores⁹⁰.

⁸⁵Vid., *La Centuria. Revista Neosófica*, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981. Núm. 1, pp. 11-12, Núm. 2, pp. 9-14, Núm. 5, pp. 7-11, Núm. 6, pp.

⁸⁶NOGUEROLES BUJÁN, A.: “El delito y la pena en las poesías de Curros Enríquez” en *La Centuria. Revista Neosófica*, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981, p. 7-11.

⁸⁷Polo seu interese ao respecto, vid. ALLEGUE AGUETE, P. - RODRÍGUEZ ENNES, L.: “Reflexiones sobre algunas ideas punitivas del P. Sarmiento” en *Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales*, Tomo 45, Madrid, 1992, pp. 855-880; e tamén, ALLEGUE AGUETE, P.: *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Edicións Xerais, Vigo, 1993.

⁸⁸Publicación editada en *La región* de Ourense un folleto de 32 páxinas titulado “Parolas sobre a propiedade”.

⁸⁹Vid., “Orientacións políticas de Galicia...” publicado en *A Nosa Terra*, núm. 114, 20 de marzo de 1920 e no núm. 118, 25 de abril de 1920.

⁹⁰Vid., Núm. 1 da *Revista Nós*, 30 de outubro de 1920. Ademais, publica tamén 10 artigos máis nesta revista.

4.6. Valentín Paz Andrade

Valentín Paz-Andrade nace o 23 de abril de 1898 na vila de Pontevedra e morre o 19 de maio de 1987 en Vigo. Por todos é sabido que foi un empresario e avogado que, ademais, exerceu de escritor, de xornalista e de poeta. Pero, por riba de todo, Paz Andrade foi un home que tiña Galiza como centro das súas preocupacións⁹¹, como centro do seu imaxinario vital.

Repasar a súa biografía é repasar as peripecias cruciais de Galiza no século XX: o Valentín galeguista, o Valentín republicano, o Valentín emprendedor⁹², o Valentín conferenciante, o Valentín senador...

Paz Andrade estudou Dereito na Universidade de Santiago licenciándose no ano 1921⁹³ e colexiándose nese mesmo ano no Colexio de Avogados de Pontevedra. De feito, aos poucos días de obter o título tivo que exercer como avogado defensor nun caso de homicidio na Audiencia de Pontevedra⁹⁴. Como el mesmo sinalou, o oficio da defensa parecíalle o que mellor cadraba co seu temperamento de ter que vivir nun país tan corroído pola inxustiza⁹⁵.

⁹¹Recollendo esta reflexión do prestixioso avogado Alfonso Álvarez Gándara. Vid., CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012, p. 9.

⁹²Foi Paz Andrade un dos promotores de Pescanova no ano 1960, do que foi nomeado vicepresidente, vid., CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998, p. 308.

⁹³PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade*, Editorial Ir Indo, Vigo, 1998, p. 5,

⁹⁴Por indicación dun oficial que traballaba na Audiencia amigo da familia. CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998.

⁹⁵Ibidem, p. 62.

Nas súas palabras, compróbase que Paz Andrade sabe que o exercicio da avogacía para un avogado novo é duro⁹⁶ e que é un camiño cheo de atrancos.

Con todo, centrouse na súa actividade profesional tralos problemas derivados do seu activismo xornalístico⁹⁷. O asunto que lle permitiu superar os seus atrancos económicos foi un preito derivado de dereitos de exportación dunhas mercadorías, e no que descubriu que a conduta que era delito e que impedía vendelas, e da que se derivaba unha sanción, despenalizárase. Así, defendeu a retroactividade da lei posterior ao delito, a favor dos reos, e firmouse a absolución; o último paso foi presentar unha reclamación para recuperar os cartos, e unha vez conseguido, cobrou unha substanciosa minuta⁹⁸.

Dende 1926 exerceu como avogado en Vigo e fíxose cargo do asesoramento xurídico da Sociedade de Armadores de Bouzas “La Marítima”⁹⁹. Como avogado dos armadores, asesoráos en cuestións fiscais e laborais¹⁰⁰, e tamén no arbitrio estatal supuxo unha batalla xurídica a reclamación destes

⁹⁶Para un avogado novo, que non fora pasante de algún dos bufetes veteranos abrirse camiño non semellaba doado; reflexións sobre o exercicio profesional que fai Paz Andrade e que é moi ilustrativo. Vid., CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 62-63.

⁹⁷Estámonos referindo aos problemas co xornal Galicia que fai que se centre na avogacía a tempo completo. Vid., CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 64.

⁹⁸Fora autorizada a exportación da mercancía, e falou co xuíz CALVO 65. Estaban as cantidades consignadas na Caixa xeral de depósitos de Facenda en Pontevedra. P. 66 Apareceron oficios do xulgado de primeira instancia de Vigo, derivados de procesos executivos de Bancos embargando as cantidades consignadas, pero como houbera catro anos de inactividade, a instancia civil caducara. P. 66

⁹⁹PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 11.

¹⁰⁰Levou cuestións relacionados coa axencia tributaria, e a reclamación de impostos aos armadores, visita de inspectores, etc.

honorarios, e xurdiron moitos litixios perante o Tribunal Ecnómico Administrativo Provincial, o Central e o propio Tribunal Supremo¹⁰¹.

Nese contexto, como avogado dos armadores logo dunha folga sofre un atentado por parte de sindicalistas, pola súa posición empresarial¹⁰². Ademais, como o propio Paz Andrade sinala, aténtase contra a vida dun avogado en exercicio e o corpo togado séntese atinguído e solidarízase. Principalmente, os avogados do Colexio de Madrid, do que formaba parte, e a Unión Nacional de Avogados, da que era o delegado en Galiza¹⁰³.

Durante a Guerra Civil, tralo golpe de Estado, seguiu exercendo a avogacía, pero o traballo profesional ficara conxelado. Había unha litixiosidade atípica no despacho, para a que nin xuíces nin letrados tiñan moita preparación¹⁰⁴. Paz Andrade permanece en Vigo pero só puido participar nalgún asesoramento xurídico indirecto, en palabras de Carballa¹⁰⁵. Foi desterrado á vila de Verín¹⁰⁶ ata que no ano 1937 puido regresar a Vigo, onde recupera a súa actividade profesional, salvando un breve periodo de tempo no que estivera desterrado en Extremadura. Despois do desterro volveu ao bufete de Vigo exercendo o seu traballo como avogado e as súas posteriores tarefas como empresario e emprendedor¹⁰⁷.

¹⁰¹CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 68.

¹⁰²-A dúbida é se o sucedido fora produto dun enfrontamento entre os escoltas de Paz-Andrade e dous sindicalistas. CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 83.

¹⁰³CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 108-109.

¹⁰⁴Ibidem, p. 132, 161.

¹⁰⁵CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 100.

¹⁰⁶Coincidiu con GONZÁLEZ PASTORIZA desterrado tamén en Verín.

¹⁰⁷CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 159.



Ademais, como todo bo xurista tamén se dedicou a outras facetas do Dereito. Así, no ano 1933 foi nomeado profesor auxiliar da Escola Superior de Traballo de Vigo¹⁰⁸. Impartiu numerosas conferencias sobre Dereito Marítimo tanto dentro como fóra do Estado¹⁰⁹. Debe suliñarse o traballo que fixo sobre o sentido xurídico na obra de Valle-Inclán, que presentou en Vigo¹¹⁰ e no que reflexiona moi acertadamente sobre o que significa o Dereito: “Diluido en el espíritu de cada pueblo, el sentido de la justicia constituye uno de los principios obrantes en el transfondo colectivo”¹¹¹.

Paz Andrade sempre fixo simultáneas a pluma e a toga, e das súas reflexións despréndese un fondo coñecemento da profesión¹¹² porque, como el mesmo di, “a toga é oficio noble, ao que nos entregamos ou non, pero non significa que sexa unha profesión de bon levar, nin moito menos”¹¹³. El responde a ese perfil de avogado do que falara Ángel Ossorio y Gallardo¹¹⁴.

¹⁰⁸PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 59.

¹⁰⁹Impartiu Conferencias sobre dereito do mar, sobre o concepto de zona económica no novo dereito do mar, en A Coruña e Vigo. CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 391 e 398.

¹¹⁰Na presentación en Vigo da Anunciación de Valle-Inclán deu unha conferencia sobre “El sentido jurídico en la obra de Valle-Inclán”, que se incorporou á segunda edición do libro. E cambiando o título “La justicia de Laubanón”. Vid., CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 139.

¹¹¹PAZ ANDRADE, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal Editor Arealonga, Madrid, 1981, pp. 149-163.

¹¹²O avogado acaba queimándose polos intereses dos outros, polos trinta diñeiros das minutas, que moitas veces nin se cobran. E outras parece que os pagara Xudas. E conste que eu fun un namorado da toga e non me arrepentirei de o ser. CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 71 e 104.

¹¹³*Ibidem*, p. 269.

¹¹⁴Reflexionaba PAZ ANDRADE ao respecto das palabras de Ángel Ossorio, “Poucos grandes avogados foron so avogado, xa que o avogado que é só avogado, nin avogado é” Vid., OSSORIO Y GALLARDO, A.: *El alma de la toga*, Imprenta de Juan Pueyo, Madrid, 1920.

4.7. Lois Peña Novo.

Lois Peña Novo naceu en Vilalba o 5 de agosto de 1893 e faleceu en accidente de tráfico o 24 de xullo de 1967 cando volvía de Madrid cara á súa vila natal.

Foi Lois Peña Novo un home sensible co seu tempo, un home que soubo comprender que as teorizacións só serven se axudan a mudar a realidade, e, así, dende esta conciencia foi participando como articulista¹¹⁵, como axitador político e como un home que ocupou relevantes cargos ata o golpe militar de Franco¹¹⁶.

Logo de estudar por libre, no ano 1915 licénciase en Dereito na Universidade de Santiago, e onde traba amizade con Lois Porteiro Garea, do que foi axudante¹¹⁷. Pouco tempo despois foi vivir á Coruña, onde comezou a exercer como avogado, como pasante de Durán García¹¹⁸, ata que abriu despacho propio na cidade¹¹⁹.

No ano 1920 oposita a unha praza de profesor auxiliar na facultade de Dereito de Santiago sen conseguila¹²⁰. Con

todo, exerce a avogacía téndose en gran consideración a súa capacidade xurídica, da que se fai eco *A Nosa Terra*¹²¹.

Finalmente, obtivo por oposición a Xefatura de Sección de Fomento e Gobernación do Concello de Vigo, no ano 1926, feito do que se fixeron eco os medios de comunicación¹²², e dende o ano 1927 é membro do corpo de secretarios de Administración Local de primeira categoría. En 1928 goza dunha excedencia do Concello de Vigo para exercer como avogado¹²³. Vive tres anos en Vigo, ata que no ano 1929 deixa a cidade para ser secretario do Concello de Sada¹²⁴.

Máis adiante, na Segunda República, ocupou distintos postos relevantes: gobernador civil de Cáceres, Sevilla, Extremadura e Valencia. Tamén estivo traballando como avogado para os Fernández¹²⁵, un importante grupo económico que se dedicaba ao sector primario, á exportación de gando, exercendo como asesor xurídico da Unión de Tratantes de gando bovino¹²⁶.

¹¹⁵Vid., os artigos y ensaios de PENA NOVO en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomo II, Santiago, 1995. Pódese comprobar que colaborou asiduamente coa prensa escrita.

¹¹⁶Destaca como Gobernador Xeral de Extremadura, e Gobernador Civil de Sevilla e Valencia.

¹¹⁷ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*, Edicións do Castro, Sada, 1982, p. 24 e 29.

¹¹⁸Vid., *A Nosa Terra*, núm. 9, de 6 de febreiro de 1917, p. 2, onde se destaca esta noticia. Tamén, GARCÍA CENDÁN, B.: "Lois Peña Novo: unha biografía" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, p. 27.

¹¹⁹NOVO AZÓN, X. L.: *Lois Peña Novo*, Ir Indo, Santiago, 1995, p. 18.

¹²⁰GARCÍA CENDÁN, Bernardo: "Lois Peña Novo: unha biografía" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, pp. 30.

¹²¹*A Nosa Terra*, núm. 9, 6 de febreiro de 1917, p. 2. Que o define como "avogado cultísimo" entre outras cousas. Xa anteriormente, falaran del como un elocuente avogado, vid. *A Nosa Terra*, núm. 4, 15 de decembro de 1916, p. 7.

¹²²Vid., *El pueblo gallego*, 25-28 marzo de 1926.

¹²³GARCÍA CENDÁN, Bernardo: "Lois Peña Novo: unha biografía...", op. cit., p. 31.

¹²⁴ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo...*, op. cit., p. 58.

¹²⁵Un importante grupo gandeiro de Lugo, e con diferentes intereses culturais e empresariais, vid. ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*, Edicións do Castro, Sada, 1982, p. 89.

¹²⁶MARTÍNEZ LÓPEZ, A.: "Agricultura e agrarismo na Galicia do primeiro tercio do século XX: actitudes e opinións de Lois Peña Novo" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, p. 131.

Foi no ano 1936 cando obtivo a Secretaría Xeral do Concello de Lugo¹²⁷, onde durou ben pouco porque tres meses despois prodúcese o golpe militar. Dende ese momento Peña Novo concentrouse no exercicio da avogacía dende o seu despacho de Vilalba¹²⁸ practicamente ata 1962, ano no que marchou a Madrid para vivir co seu fillo.

Nas súas obras atópase unha fonda preocupación polo país, dende un coñecemento do Dereito que lle permite comprender mellor os problemas do país. Isto percíbese na súa obra *La mancomunidad gallega*, que se publicou no ano 1921¹²⁹, aínda que, como sinalou Villares Paz, esta obra tivo unha expresión xornalística antes mesmo de constituírse en libro¹³⁰.

Tamén escribiu *Temas interesantes para Galicia*, publicado pola *Revista Mondariz*, e unha conferencia organizada e editada pola Caixa de Aforros de Vigo en 1926¹³¹. En *El pueblo gallego*¹³² publicou *Nuevas orientaciones sociales*. Era o ano 1929. Non se poden esquecer as súas numerosas conferencias ao redor do país, nas se tocaban cuestións relacionadas co Dereito¹³³.

¹²⁷ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo...*, op. cit., p. 89. GARCÍA CENDÁN, Bernardo: "Lois Peña Novo: unha biografía...", op. cit., p. 33.

¹²⁸NOVO AZÓN, X. L.: *Lois Peña Novo...*, op. cit., p. 47.

¹²⁹BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomo II, Santiago, 1995, p. 155. Neste traballo analiza o xeito de implantación da Mancomunidade galega, ao xeito da catalana.

¹³⁰VILLARES, R.: "Lois Peña Novo, analista da política internacional de entreguerras" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, p. 112.

¹³¹Vid. "El problema agrario y su resolución", en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomo II, Santiago, 1995, p. 137.

¹³²Vid., "Nuevas orientaciones sociales" en *Ibidem*, p. 331.

¹³³Sirva de exemplo a Conferencia de PEÑA NOVO sobre os problemas xurídico-económicos de Galiza, vid., *A Nosa Terra*, número 15, 10 de abril de 1917, p. 7.

4.8. Luís Porteiro Garea.

Luís Porteiro Garea naceu o 16 de novembro de 1889 na cidade de Lugo e morreu en Santiago o 27 de outubro de 1918, no andazo de gripe que asolou ao país.

Pódese dicir que ao redor de Porteiro Garea xirou todo o imaxinario político das Irmandades da Fala, pois foi el quen tentou artellar o suxeito político de Galiza dende o seu activismo e dende un fondo coñecemento xurídico que lle permitía comprender o funcionamento do Estado, e, polo tanto, os problemas aos que se enfrontaría Galiza.

Por riba de todo foi un xurista que puxo todos os seus esforzos e coñecementos a favor de crear un país.

No ano 1911 licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago con Premio Extraordinario. Nese mesmo ano foi nomeado secretario do Concello de Arzúa, posto que ocupou durante seis meses antes de marchar para Madrid. Con todo, xa se dera de alta no Colexio de Avogados da Coruña, imaxinamos que con idea de exercer como avogado.

Unha vez en Madrid estivo traballando na sección de contabilidade de *El imparcial*, de Gasset y Artime¹³⁴. E será en Madrid onde, na súa Universidade Central defende, en 1913, a tese de doutoramento, que leva por título "El sistema parlamentario en España y sus relaciones con el caciquismo"¹³⁵.

¹³⁴Este xornal foi fundado por Eduardo Gasset y Artime, natural de Pontecesures, e avó do filósofo José Ortega y Gasset.

¹³⁵Como ilustrativamente sinalou o propio PORTEIRO GAREA propúñase estudar cuestións relativas á forma de goberno, e o caso do caciquismo.

Neste traballo Porteiro Garea fai un estudo crítico das institucións parlamentares, e pon especial atención á na organización territorial¹³⁶. Tamén con esta investigación obtén o Premio Extraordinario.

No ano 1914 presentouse ás oposicións de profesor auxiliar tanto na facultade de Dereito da Universidade Central de Madrid¹³⁷, como na facultade de Dereito da Universidade de Santiago, obtendo una praza finalmente nesta segunda universidade, onde tomou posesión no ano 1915. Tamén foi secretario da Facultade de Dereito e secretario xeral da Universidade¹³⁸.

Como profesor de Dereito civil común e foral na facultade de Dereito de Santiago fixo diferentes reflexións sobre a reforma do Dereito. As súas ideas sobre a transformación do dereito civil pola Gran Guerra¹³⁹ están recollidas na lección dada na propia universidade o 16 de setembro de 1915.

No ano 1915 abriu despacho profesional en Santiago de Compostela e deuse de alta no propio Colexio de Avogados da cidade, onde era recoñecido como un excelente civilista e onde tiña unha gran sona como avogado¹⁴⁰, como revela *A Nosa Terra*¹⁴¹.

¹³⁶Contra o centralismo, opón o que denomina centralismo-descentralizador.

¹³⁷Dáse a curiosidade que a esta praza de Madrid tamén se presentou o eximio xurista Castán Tobeñas.

¹³⁸CORES TRASMONTA, B.: *Luis Porteiro Garea*, Editorial TresCtres, Santa Comba, 2005, p. 71.

¹³⁹Lección de cátedra aberta ao público, aspecto este habitual nese tempo na Universidade.

¹⁴⁰CORES TRASMONTA, B.: *Luis Porteiro Garea...*, op. cit., p. 74.

¹⁴¹*A Nosa Terra*, núm. 6, 5 de xaneiro de 1917, p. 7, que o define como un avogado novo, gran civilista e fogoso orador.

Impartiu diferentes conferencias ao redor do país e publicou distintos traballos de carácter xurídico, destacando a conferencia que impartiu no Ateneo de Madrid, sobre o caciquismo e o sistema de Goberno¹⁴², pero tamén moitas outras onde o fío argumental era unha fonda preocupación polo Dereito, polo seu concepto e pola súa relación coa realidade¹⁴³. Na conferencia que imparte no Circo de Artesanos da Coruña, organizada polas Irmandades da Fala coruñesas, analiza o concepto de nacionalidade e o concepto de Estado¹⁴⁴.

Nalgúns dos seus escritos publicados na sección “Labrador a la moderna” destaca a ausencia de estudos de dereito consuetudinario, e menciona expresamente a Rodrigo Sanz¹⁴⁵. Con motivo da publicación de “un labrador a la moderna” *A Nosa Terra* preguntoulle a Porteiro sobre o alcance do dereito especial de Galiza... e reflexiona moi acadamente ao respecto¹⁴⁶.

Son moi interesantes os seus artigos publicados en *A Nosa Terra*. Destaca un que titula “Dos nosos problemas”, onde reflexiona sobre o problema de non coñecer o galego, si-

¹⁴²Relacionada coa súa tese de doutoramento, e a súa Conferencia máis relevante fora a que dera no Ateneo de Madrid.

¹⁴³Escribe tamén un texto, “A los gallegos emigrados” onde volve sintetizar e aplicar a Galicia o pensamento de León Duguit. Despois analiza “Las leyes de la vida de los pueblos”, de Gustav Le Bon, publicado en 1917. Tamén, aparece en *A Nosa Terra*, Núm. 10, 16 de febreiro de 1917, p. 5, o seu éxito nunha das súas conferencias.

¹⁴⁴E falou tamén na segunda conferencia do idioma, e da lexislación social de Galicia; vid., CORES TRASMONTA, B.: *Luis Porteiro Garea...*, op. cit., p. 121.

¹⁴⁵Que como xa se ten dito publicara un estudo sobre os arrendamentos rústicos e era un recoñecido político e agrarista.

¹⁴⁶vid., CORES TRASMONTA, B.: *Luis Porteiro Garea...*, op. cit., p. 188.

nalando “que os nosos xuíces e notarios saiban o galego é o menos que podemos pedir, se han de ser garantía de xustiza e de fidelidade”¹⁴⁷, aspecto e problema que aínda na actualidade está enriba da mesa. Neste mesmo senso Porteiro Garea reclama que os xuízos orais deben ser en galego, porque é a lingua de Galiza¹⁴⁸.

Tamén abrolla o xurídico no discurso que pronuncia co gallo da fundación da Irmandade da Fala de Santiago, onde se ocupa da lingua da Administración de Xustiza¹⁴⁹. Ou no programa electoral, cando se presentou como candidato en Celanova, onde reflexiona sobre diferentes cuestións xurídicas, como a reforma constitucional¹⁵⁰. Todos estes aspectos fixeron del o máis esgrevio xurista das Irmandades da Fala, o que se reflicte no eco que tivo o seu pasamento e o número especial que publicou *A Nosa Terra* como homenaxe, e no que destaca o artigo asinado por Cabeza de León, o compañeiro de Universidade e irmán da Fala¹⁵¹.

5.- Conclusións.

A observación destas biografías dos xuristas das Irmandades da Fala poñen de manifesto algo que é fundamental

¹⁴⁷ *A Nosa Terra*, número 4, 15 de decembro de 1916, p. 3.

¹⁴⁸ *A Nosa Terra*, número 8, 25 de xaneiro de 1917, p. 5, baixo o título “Cousas que non temos de esquecer”.

¹⁴⁹ CORES TRASMONTE, B.: *Luis Porteiro Garea...*, op. cit., p. 111.

¹⁵⁰ Tamén reflexiona sobre una Lei Xurídico-económica de redención dos foros, e tamén o recoñecemento da Compañía Familiar Galega; vid., CORES TRASMONTE, B.: *Luis Porteiro Garea...*, op. cit., p. 196.

¹⁵¹ *A Nosa Terra*, no núm. 70, 5 de novembro de 1918, da conta do falecemento de Porteiro, e os núms. 73-74 recollen diferentes artigos e necrolóxicas sobre Porteiro, vid., *A Nosa Terra*, números 73-74, 5 de decembro de 1918.

non esquecer: a vontade de dignificar a lingua en todos os ámbitos foi unha aposta crucial das Irmandades da Fala.

Como sinala Villar Ponte, había que conseguir que a lingua galega chegase a ámbitos sociais e culturais que ata ese momento, comezos do século XX, aínda non se tiveran acadado. Obviamente, o camiño non foi, non é doado, pero, con todo, podemos tomar conciencia de que a sociedade actual, e os xuristas de hoxe, nos seus diferentes desempeños, teñen uns venerables antecedentes e uns venerables mestres.

Avogados de prestixio, doutores en Dereito e catedráticos de Universidade, notarios, xuíces, todos eles decidiron apoiar a lingua galega, porque apoiando a nosa lingua poderíamos, e poderemos, acadar a dignidade que unha sociedade moderna e democrática merece. Velaí a grande obra das Irmandades da Fala como colectivo en xeral, e dos seus xuristas como membros do ámbito particular do Dereito. Porque cando Porteiro Garea reclamaba que os xuízos debían ser en lingua galega, cando Cabeza de León reclamaba cátedras para a universidade galega, cando todos eles reclamaban que o galego tivese visibilidade na investigación e nas finanzas, e que o noso dereito fose recoñecido polo noso ordenamento xurídico, estaban a marcarnos o camiño para o futuro.

Poida que moitos deles non puidesen concebir un futuro como o que nós vivimos, poida que moitos deles ficasen asombrados polos debates e problemas que aínda hoxe

atopamos os xuristas nos nosos desempeños, pero o fundamental é que eses xuristas, eses intelectuais estaban abrindo un camiño que endexamais se nos poderá pechar: a defensa do noso.

Estas palabras pretenden recoñecer esa débeda de gratitude que nós temos con todos eles. Agardemos estar á altura.

Bibliografía

AA. VV.: *A gran historia de Galicia. Historia política da Galicia contemporánea*, Tomo XI – Vol. 3, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007, p. 179.

AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.

AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013,

ALLEGUE AGUETE, P.-RODRÍGUEZ ENNES, L.: “Reflexiones sobre algunas ideas punitivas del P. Sarmiento” en *Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales*, Tomo 45, Madrid, 1992, pp. 855-880.

ALLEGUE AGUETE, P.: *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Edicións Xerais, Vigo, 1993.

ALONSO MONTERO, X.: “Tres cartas de Roberto González Pastoriza sobre o idioma galego, Castelao e García Lorca” en AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: “A idade contemporánea ate 1936” en AA. VV.: *Historia de Galicia*, ANPG, A Coruña, 1979.

BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego” en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 51-64.

BERAMENDI, J.: *A vida e a obra de Ramón Vilar Ponte*, Edicións do Castro, Sada, 1991.

BERAMENDI, J.: “Política y nacionalismo en Lois Peña Novo” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.

BERAMENDI, J. (ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais, Vigo, 1985,

BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.

BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1995.

BOBILLO, F.: *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Akal Universitaria, Madrid, 1991.

BOUZA BREY, F.: “La prueba judicial del juramento sobre el sepulcro del apóstol” EN *Compostellanum*, Vol. IV, núm. 2, Santiago, 1959.

BOUZA BREY, F.: “A Insinanza do Dereito Román na Universidade de Santiago, hastra o plan de estudos de 1772” en *Separata dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, A Coruña, 1928, Imprenta Lar.

BOUZA BREY, F.: “O casairádego no dereito consuetudinario galego”, en *Scientia Iuridica*, T. VI, núm. 30/32, Braga, 1957.

BOUZA BREY, F.: "Supervivencia do dereito consuetudinario xermánico no costumario Luso-Galaico", en *Actas do Coloquio de Estudos Etnográficos Dr. José Leite de Vasconcelos*, Vol. III, Porto, 1960.

BRISSET MARTÍN, X.: "Os solidarios ante o invicto marqués" en *Cátedra. Revista eumesa de estudos*.

CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998.

CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012.

CARRO GARCÍA, J.: "Don Salvador Cabeza de León" en *Boletín da Academia Galega* núm. 253, A Coruña, 1934

CORES TRASMONTE, B.: *Luís Porteiro Garea*, Editorial TresCtres, Santa Comba, 2005.

CORES TRASMONTE, B.: *Sociología política de Galicia (1846-1936)*, Librigal, A Coruña, 1976.

FERNÁNDEZ CAAMAÑO, J. M.: *La Coruña vista desde sus libros de actas*, Visiónnet, Madrid.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Pensamento galeguista do século XIX*, Editorial Galaxia – Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo, 1983.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Pensamento galeguista do século XX*, Editorial Galaxia – Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo, 1983.

GARCÍA CENDÁN, Bernardo: "Lois Peña Novo: unha biografía" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.

GARCÍA NEGRO, P.: "A resurreición da lingua nas Irmandades da Fala. O feito lingüístico galego" en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 41-49.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado. Expediente 153/1951" en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.

LOSADA ESPINOSA, L.: "As raíces, a terra; formación e aprendizaxe da vida" en BERAMENDI, J.(ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais, Vigo, 1985,

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: "Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito" en AA.VV.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, MG, 23

MARTÍNEZ LÓPEZ, A.: "Agricultura e agrarismo na Galicia do primeiro tercio do século XX: actitudes e opinións de Lois Peña Novo" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.

MARTÍNEZ RISCO, S.: *Manuel Banet Fontenla, Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 352, A Coruña, 1970.

NOGUEROL BUJÁN, A.: "El boycott", en *La Centuria*, núm. 1, Ourense, 1917.

NOGUEROL BUJÁN, A.: "El delito y la pena en las poesías de Curros Enríquez" en *La Centuria. Revista Neosófica*, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981, p. 7-11.

NOGUEROL BUJÁN, A.: "La redución de jornada", en *La Centuria*, núm. 6, Ourense, 1917.

NOGUEROL BUJÁN, A.: *Parolas sobre a propiedade*, La Región, Ourense, 1918.

NOVO AZÓN, X. L.: *Lois Peña Novo*, Ir Indo, Santiago, 1995.

OSSORIO Y GALLARDO, A.: *El alma de la toga*, Imprenta de Juan Pueyo, Madrid, 1920.

OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012.

PALMOU LORENZO, X.: "Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada", en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.

PAZ ANDRADE, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal Editor Arealonga, Madrid, 1981.

PAZOS, A.M.: *Xuntos por Galicia. A assemblea de Concellos de 1932 e o Estatuto de Autonomía de Galicia*, CSIC, Cuadernos de Estudios Gallegos núm. 9, Santiago de Compostela, 2009.

PEÑA NOVO, L.: *La mancomunidad gallega*, M. Roel, Vigo, 1921.

PEREIRA, D.: "O movemento operario galego no tempo das Irmandades da Fala" en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 35-40.

PLATAS TASENDE, A.: "Fermín Bouza Brey. Xuíz, avogado, poeta, erudito..." en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.

PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade*, Editorial Ir Indo, Vigo, 1998.

RISCO, V.: *El problema político de Galicia*, Biblioteca de Estudios Gallegos, Madrid, 1930.

RISCO, V.: *Teoría do nacionalismo galego*, Editorial Sotelo Blanco – Fundación Vicente Risco, Santiago, 2000.

ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*, Edicións do Castro, Sada, 1982.

ROMÁN ALONSO, F.: *Arturo Noguerol. Xornalista, arbitrista e financeiro do galeguismo*, Editorial Ir Indo, Vigo, 2003.

ROMÁN ALONSO, F.: "Roberto González Pastoriza lembrado por Arsenio Paz Carballo" en AA.VV.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, p. 71.

TORRES REGUEIRO, X.: "A Irmandade da Fala de Betanzos" en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 65-82.

VIDAL FRAILE, M.: *As pegadas xurídicas de Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia e Asociación de funcionarios para a Normalización Lingüística.

VILAR PONTE, A.: *Nacionalismo gallego, nuestra afirmación*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1916.

VILLAR PONTE, A.: *100 artigos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2003.

VILLARES, R.: "Lois Peña Novo, analista da política internacional de entreguerras" en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.

A Autonomía Galega (1846-1981), Xunta de Galicia, Santiago, 1986.

Fermín Bouza Brey. Unha fotobiografía, Edicións Xerais de Galicia, Vigo,

"Lois Porteiro Garea", en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 131-133.

La Centuria. Revista Neosófica, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981. Núm. 1, pp. 11-12, Núm. 2, pp. 9-14, Núm. 5, pp. 7-11, Núm. 6, pp.

Semanario A Nosa Terra, dende o 14 de novembro de 1916 a 17 de xullo de 1936, Edicións Facsímil, A Coruña, 1981, Tomos I-II.

Boletín de la Real Academia Gallega, núm. 309, A Coruña, 1956.



Aspectos xurídicos de Lois Peña Novo

Manuel Roca Cendán

Introdución

O achegamento á poliédrica figura de Lois Peña Novo pode facerse desde moi variados aspectos.

Desde o aspecto económico, porque el, licenciado en Dereito, sobranceou entre as persoas que estudaron a problemática económico-social galega no primeiro terzo do século XX.

Desde o aspecto político, xa que foi o primeiro concelleiro electo nunha candidatura nacionalista, un destacado membro da ORGA e un relevante servidor da II República no primeiro bienio como gobernador civil (en Cáceres, Sevilla e Valencia) e como gobernador xeral de Extremadura.

Desde o aspecto do desenvolvemento do galeguismo, xa que ingresou nas Irmandades na Fala (que no día de hoxe cumpren o seu centenario) no ano da súa fundación, traballando primeiro a prol do rexionalismo galego que nun comezo representaban e, despois, desde 1918, man a man con Lois Porteiro Garea, na elaboración do Programa Nacionalista que se aprobou na Primeira Asemblea das Irmandades da Fala, celebrada en Lugo os días 17 e 18 de novembro de 1918.

Desde o aspecto do propagandismo (primeiro cultural e logo político), xa que foi un dos mellores oradores que espallaron o ideario do galeguismo e o republicanismo en ducias e ducias de mitíns e en varias conferencias.

Pero desta volta non toca ningún deses camiños. Na encrucillada collerei hoxe o vieiro do Lois Peña Novo xurista, do home de Dereito que foi.

O estudante de dereito

Lois Peña Novo naceu en Vilalba o día 5 de agosto de 1893. Estudou de 1907 a 1909 no Seminario do Mondoñedo; ao abandonar os estudos eclesiásticos, naquel tempo non tiñan convalidación civil, polo que fixo o bacharelato como alumno libre: aprobou o día 1 de xuño de 1910 o exame de “Ingreso” no Instituto de Santiago de Compostela e nun ano aprobou as 37 materias que integraban aquel bacharelato.

En xuño de 1911 obtivo o grao de bacharel e despois, en catro cursos académicos, aprobou as tres materias do “Ano Preparatorio da Licenciatura en Dereito” (Lóxica Fundamental, Historia de España e Lingua e Literatura castelás) e máis as dezaseis materias da Licenciatura de Dereito como alumno libre; ao remate do curso 1914-1915, con 21 anos, era Licenciado en Dereito.

Profesor-axudante de Porteiro na Facultade de Dereito

Ao remate da súa carreira, foi profesor axudante de Lois Porteiro Garea, catedrático que se incorporou entón ao claustro da Universidade de Santiago.

Fixéronse moi amigos, e parece claro que Porteiro foi o que o convenceu para que se incorporase en 1916 ás nacentes Irmandades da Fala.

Lois Peña Novo foi un dos fundadores da Irmandade da Fala de Vilalba, na primeira quincena de novembro de 1916, cando aínda non se cumprira un semestre da creación da primeira Irmandade (da Coruña).

Avogado na Coruña

En novembro de 1916 comezou o exercicio da avogacía na Coruña, actividade á que dedicou case unha década, ata marzo de 1926, en que aprobou a oposición para a Xefatura da Sección de Fomento e Gobernación do concello de Vigo.

Na década de vida na Coruña, compaxinou o seu traballo profesional cun grande traballo nas Irmandades da Fala; nas eleccións municipais de 1920 saíu elixido para representar ao nacionalismo galego, e Antón Vilar Ponte quedou ás portas: era a primeira vez que unha persoa dunha candidatura nacionalista galega resultaba electa.

Opositor a profesor da Facultade de dereito...cunha "pronuncia moi galega"

Lois Peña Novo opositou a unha praza de profesor auxiliar da Facultade de Dereito e Ciencias Sociais da Universidade de Santiago.

Non aprobou, pero esa oposición deu materia que escribir e debuxar.

Vexamos o que escribiu Antón Vilar Ponte en xullo de 1920 na primeira páxina do número 123 de *A Nosa Terra*. *Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal, co título: Do rebaixamento da raza*".

(...) O caso é que Lois Pena Novo fixo oposición a esas auxiliares. Y-estivo tan feliz autuando que colleitou loubanzas todol-os ouventes e dalgús señores do Tribunal.

¿E sabedes cal é o defeuto que lle puxeron "algús galegos"?: o de que ten unha pronunciación moi galega. ¿Habrá sintoma maor do rebaixamento miserabre ó que chegou a Raza?

Pois entr'os que semellante chata le puxeron estaba o Casais Santaló, que procura "ter acento napolitano", eisí com'á maioría dos nosos desgraciados "peisanos" precuran pareceren castelás ou andaluces.

Ese parviño, aproveitadiño, cursiliño, o fachendosiño Casais, sostén que Pena Novo, pol-a sua pronunciación, e porque en troques de "derecho" –falando en castelán- dixo "drecho", inda que seiba o que seiba non debe ser catedrático.

¡ Habrá parvada pol-o xeito! ¿Habrá nada máis revelador da degradación espiritual na que se acha a Raza?

¡Que diga eso un auxiliar nacido en Sarria e algús estudantes da Terra!

Pois dinno. Y-ó deciren eso –eles tan patrioteiros i-hespañoleiros- fannos separatistas a todol-os que temos senso común i-amore fondo á Patria natural. Ou non hai lóxica no mundo.

Deste tempo é tamén un coñecido debuxo de Castelao na prensa da época, posteriormente recollido en *Cousas da Vida*, no que ironizou sobre o tema da "pronuncia galega" dunha peroa que dicían que sabía moito.

Funcionario: xefe de fomento e secretario de concello

Despois dun trienio de traballo como Xefe da Sección de Fomento e Gobernación do concello de Vigo, obtivo por concurso a praza de Secretario do concello de Sada, no que permaneceu ata a proclamación da II República.

No goberno que presidía Manuel Azaña, e con Santiago Casares Quiroga de ministro de Gobernación, Lois Peña Novo foi Gobernador Civil en tres provincias e Gobernador Xeral en Extremadura.

O día 5 de maio de 1932 foi nomeado Gobernador Civil de Cáceres, cargo que deixaría o día 31 de agosto dese mesmo ano para pasar a dirixir o Goberno Civil de Sevilla, cun obxectivo moi claro: o restablecemento da normalidade despois da intentona golpista do xeneral Sanjurjo do día 10 dese mes.

Cumprida a encomenda, tomou posesión como Gobernador Xeral de Extremadura, para darlle pulo ao desenvolvemento da Reforma Agraria nesa rexión, misión que cumpríu cunha grande actividade e destacada efectividade na autorización de asentamentos de labregos sen terra, como explicitaron cronistas da época e, sobre todo, un gran experto no estudo da “cuestión agraria” na II república: E. Malefakis.

O día 19 de agosto de 1933 tomou posesión como Gobernador Civil de Valencia, onde estivo ata a crise gubernamental que levou á caída ao goberno de Azaña.

Asesor xurídico dun grupo empresarial

Despois da actividade desenvolta como Gobernador Civil e como Gobernador General, instalouse en Lugo, cidade na que foi asesor xurídico dun grupo gandeiro de Lugo que xa comezaba a ser importante nese tempo: o dos Fernández.

Anos despois este grupo empresarial dos irmáns Fernández creou numerosas empresas galegas, como Zeltia (agosto de 1939), FriLugo (1941), Cementos Noroeste (1953) ou Pescanova (1960) e exerceu o mecenazgo a prol de diversas entidades culturais, entre elas: Editorial Galaxia, Fundación Penzol, Museo provincial de Lugo, Museo de Pontevedra.

Secretario do concello de Lugo

O día 29 de xaneiro de 1936 morreu Carlos Pardo Pallín, que era o secretario do concello de Lugo e a vacante publicouse na “Gaceta de Madrid” o día 16 de febreiro dese ano.

A resolución do concurso produciuse o 9 de abril, asignándolle a praza a Lois Peña Novo “en propiedade con el sueldo de 10.000 pesetas anuais”. A “propiedade” non foi de longa duración (un trimestre...) porque co golpe de Estado de xullo de 1936 suspendérono de emprego e soldo o día 26 de xullo.


Fronte ao levantamento militar, Lois Peña Novo foi unha das persoas que defendeu desde o Goberno Civil de Lugo a legalidade republicana, o que lle custou condea a morte... posteriormente conmutada por penas de cadea (en Lugo e Baralla) e a deportación a Mallén (Zaragoza).

Avogado en Vilalba

Rematada a guerra civil española, foi confinado a Vilalba, a súa vila natal, onde exerceu a avogacía máis de dúas décadas.

Refuxiado na vida familiar e no traballo no seu bufete, a súa progresiva xordeira e o obrigado silencio da “longa noite” xuntáronse para aillalo espiritual e fisicamente: era “tempo de apandar”.

En 1962 foise para Madrid, a vivir co seu único fillo, e traballou algo en asuntos xurídicos que chegaban ás instancias superiores da estrutura orgánica xudicial. Pechou así un ciclo de avogacía que comezara en 1916 na Coruña e, no medio, nas dúas décadas que foron de 1916 a 1936, converteuse nunha das principais figuras que pulou polo desenvolvemento económico e a soberanía de Galicia.



15 Datas da vida do “irmán” Lois Peña Novo

1. 6/8/1893: Naceu en Vilalba (Terra Chá), fillo de labregos.
2. 1912–1914: Participou na Liga de Acción Gallega, movemento agrarista de loita antiforal e anticaciquil.
3. 11/1916: cofundador da Irmandade da Fala de Vilalba (a 4ª, tras A Coruña, Compostela e Monforte).
4. 1917: Comezou a escribir artigos en A Nosa Terra (en adiante, ANT); publicou varias dúcias no seguinte sexenio.
5. 4/1918: Elixido Conselleiro Primeiro da Irmandade da Fala de A Coruña.
6. 15/11/1918: ANT publicou: “Carta póstuma: As derradeiras verbas do loitador” , carta de L. Porteiro a L. Peña Novo, na que lle dí: “Paréceme ben, definitivamente ben, o que me dis dos traballos que vades levar á Asamblea de Lugo (...) o Manifesto desa Asemblea ten que ser unha cousa moi forte, moi radical (n-o senso nazonalista)”.
7. 8/2/1920: primeiro concelleiro electo nunha candidatura nacionalista galega, nas municipais da Coruña. ANT recollía: “Lois Peña Novo terá de ser un rexidor estóric, xa que resulta o primeiro rexedor nazonalista que houbo na nosa Patria”.
8. 1921: publicou un libro sobre A Mancomunidade Galega, no que estudou como implantar un autogoberno galego, como o da nación catalana, co marco legal daquel tempo, foi básico nas arelas nacionalistas de entón.
9. 1/1923: elixido Conselleiro Primeiro da Irmandade da Fala de A Coruña, presidente da sección política e director de A Nosa Terra.
10. 1929: na dictadura de primo de Rivera publicou o libro *Nuevas orientaciones sociales*, que incluía o apéndice: “La estructura económica de Galicia”, posteriormente editado por comunidades galegas en Sudamérica.
11. 4/1931: Alma mater da Asemblea Pro Estatuto de Autonomía, que aprobou un progresista proxecto estatutario con Galicia como República integrada na República Federal española e cunha Banca pública.
12. 17/5/1936: foi unha das persoas que, na Asemblea dese día, decidiron declarar urxente a celebración do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia e que se fixese no mes de xuño dese ano.
13. 6/1936: foi un dos principais propagandistas na campaña pro-Estatuto, na que participou, entre outros mitines, en Lugo, Pontevedra, Vigo (nalgún deles con Alexandre Bóveda).
14. 19-20/7/1936: Defendeu, no Goberno civil de Lugo, a legalidade da República fronte aos sublevados. Foi detido, “depurado” como secretario do concello de Lugo

e condeado a morte, pena posteriormente conmutada por outra.

15. 24/7/1967: morreu, en accidente automobilístico, na véspera do día que el e os seus "irmáns" nacionalistas galegos acordaran fixar en 1920 como Día da Patria Galega.



Roberto González Pastoriza **Crónica dun avogado galeguista**

Xurxo Martínez González

Nunca serei vencido no imperio da memoria
Manuel Álvarez Torneiro

A memoria histórica é tamén un terreo conflictivo onde uns e outros tratan de impoñe-la súa versión do relato. Un combate desigual entre os vencedores e vencidos no escenario militar da Guerra Civil española. Os primeiros empregaron os medios fornecidos polo propio aparello de poder, tomado *manu militari*, fronte os segundos que, silenciados e censurados, mantiveron de xeito (semi)clandestino a lembranza dos asasinados, represaliados, perseguidos e exiliados.

O esvaradizo espazo da memoria esixe unha rigorosidade por parte de quen escriben a crónica histórica. Porén a interpretación dos feitos realízase dende unhas circunstancias concretas e dende unha ideoloxía (explícida ou implícita). Observámo-la profanación constante e a mantenta realizada polos herdeiros dos vencedores, con coñecidos esforzos por borra-lo pasado ou nega-la importancia do acontecido. A (mal)chamada transición democrática decantouse por reiniciar todo como se antes non pasase nada nin existise democracia (que foi entón a Segunda República?). Por esta razón adoito escoitamos enumera-los presidentes da democracia española a partir do ano 1978.

Unha sociedade analfabeta do seu pasado e descoñecedora do traballo dos devanceiros, elaborará un patrón mutilado de principios éticos e correrá o risco de educar na desmemoria que, no fondo, significa un desprezo polos que trouxeron a liberdade e os dereitos cívicos. Mais tamén soste, mediante o silencio, un relato dominante que co-

incide co dos vencedores. Os triunfos sociais chegaron porque houbo quen loitou por eles. Velaí un das máis intensas débedas cos nosos ancestros.

Outra cuestión da memoria afecta ás chamadas nacións periféricas que viven a experiencia da subalternidade, nos termos expresados por González-Millán no seu magnífico ensaio *Resistencia cultural e diferenza histórica* (Sotelo Blanco, 2000). Porque pobos como o galego padecen unha dupla dificultade precisamente por sermos periferia: a mencionada recuperación da memoria para o relato común e, ademais, a interpretación nacional dese relato dende as particulares condicións en que aconteceu a guerra en Galiza.

O combate cívico exercido durante a conflagración e a longa ditadura foi, e é, silenciado nos currículos escolares. Onde está recollida a experiencia de persoas, aínda vivas, que loitaron nos últimos latexos do tardofranquismo ou aquelas que padeceron a tortura nos primeiros anos da transición? A memoria histórica vai alén da contenda civil e restarlle anteción os que militaron nos principios democráticos nos derradeiros anos de Atila é aceptar, novamente, un relato histórico dos outros, é dicir, dos vencedores e os seus testamenteiros.

O espazo da memoria e a súa consolidación como relato histórico segue sendo, no noso presente, un asunto polémico. Continúa, pois, a pugna entre os evasores e os activistas da memoria. Nós queremos contribuír, aínda que sexa cun miligramo de importancia, á dignificación dos esquecidos e esquecidas pois, coidamos, transmite valores e proxectan patróns de comportamento positivos.

Grazas á rede de Galeguizar Galicia, que confía o seu traballo á construción dun relato propio (combinado de memoria e nación), ofrecemos desta volta o perfil militante e profesional de Roberto González Pastoriza, a quen en Vigo todos coñecían como don Roberto. Mostra non dos modais da vella escola senón de respecto a quen tras de si traía unha honrosa folla de méritos a prol do colectivo.

A primeira educación

En maio de 2014 o Concello de Moaña acordaba de maneira unánime nomear Roberto González Pastoriza fillo predilecto a título póstumo. Un recoñecemento serodio que dá conta dos méritos e da relevancia da actividade dun intelectual oculto baixo a súa propia modestia e silencio. Xusto un ano antes a Irmandade Xurídica Galega decidira homenaxealo e difundí-la súa memoria (así como restituí-la) mediante a publicación dun libro¹. Entón moitos e moitas souberon que don Roberto fora, entre outras actividades, o avogado que defendera a varios concelleiros e ó alcalde republicano de Vigo en 1936. Mais vaíamos devagar por esta travesía vital.

José Benito González Portela, secretario do xulgado de Moaña, e Teodora Dolores Pastoriza Díez, filla dun mestre local, acolleron nos seus brazos a Roberto Víctor González Pastoriza naquel 26 de febreiro de 1898. Eles encargáronse axiña de ofrecerlle unha coidada educación, dentro dos esquemas dun catolicismo de influencia humanista, e tamén un exemplo de comportamento: o seu pai ensinaba a ler e escribir os analfabetos do lugar sen cobrarlles un can.

¹Vid. *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei* (2013).

As primeiras letras aprendeunas nunha escola da vila natal. Daquela época lembraba, e narraba decote ós amigos epistolares, a aprendizaxe do galego “qu’eu deprendera, de cativo, cand’a miña escolanía de Moaña. Me non eu esquecín dendesd’entón e saime arreo sin m’eu decatarse”². Unha confesión que parece indicarnos que o galego non era a lingua de uso habitual no seu fogar.

Entre 1912 e 1915 atopámolo como estudante no *Colegio Cívico-Militar de María Auxiliadora*, fundado en Vigo en 1897, onde obtivera unhas destacadas notas como nos relata *El Noticiero de Vigo*³. Unhas cualificacións coincidentes cun espléndido currículo académico. O grao de bacharelato acadouno cun sobresaínte o 19 de xuño de 1916, tras superar a correspondente proba no Instituto de Pontevedra⁴.

A chegada á Universidade de Santiago de Compostela ofreceu unha nova galería por onde albisca-lo coñecemento e o propio país. O seu óptimo rendemento na disciplina de Dereito permitíronlle destacar entre o alumnado. Alí coñeceu, por seren os seus mestres, a dous dos máis importantes líderes das Irmandades da Fala: Luís Porteiro Garea (“capitán” da irmandade compostelá e morto na flor da vida en 1918) e Lois Peña Novo (profesor axudante do anterior e primeiro concelleiro electo por unha candidatura nacionalis-

²Roberto tiña o costume de acompañar as cartas cun texto titulado “O meu galego”, asinado no Con o 17 de setembro de 1971. Del tomamos a referencia.

³Cf. *El Noticiero de Vigo*, núm. 11.338 (25-IX-1912). Outros sobranceiros alumnos naquela época foron Enrique Blein (alcalde republicano da cidade e fusilado), Ramón González Sierra (recoñecido oftalmólogo), José Ramón Fontán (alcalde na ditadura) ou Juan Balaño Ledo (xerente de *Faro de Vigo*).

⁴Vid. Expediente persoal, Leg. 577, Exp. 2. Arquivo Histórico Universitario.

ta, na Coruña en 1920). Entre os compañeiros de facultade están algúns dos seus bos amigos ó longo da vida: Manuel Rivas Landeira, Luis Losada, Fermín Bouza Brey ou Valentín Paz Andrade.

O mesmo ano en que remata a carreira, 1920, o noso protagonista publica tres poemas en galego na revista viguesa *Vida Gallega*, dirixida polo entón xa exirmandiño Jaime Solá. Unha mostra da querenza polo noso ou, canto menos, unha mostra da sensibilidade pola cultura propia.

Os inicios laborais en Vigo

Logo de remata-la carreira retornou á Ría de Vigo. Axiña se incorporou ó bufete de Adolfo Gregorio Espino, quen foi alcalde da cidade atlántica e posuía un enorme prestixio social⁵. Esta experiencia permitiu a González Pastoriza saber, dende os seus comezos profesionais, o funcionamento da urbe e introducirse en círculos sociais capaces de condicionar-la vida local.

O acceso de Adolfo Gregorio Espino á alcaldía de Vigo, xa na ditadura primorriverista, provocou o relevo na xefatura do despacho. O novo alcalde delegou en don Roberto o mando. A decisión revela non só a confianza que tiña naquel novo avogado, de escasa experiencia, senón a alta consideración profesional. Mais tamén influíu, abofé, que o letrado moañés se integrara na *Juventud de la Liga de Defensores de Vigo*, co cargo de vicesecretario (González Martín, 1998).

⁵Adolfo Gregorio Espino militaba na *Liga de Defensores de Vigo*, que serán no futuro os promotores da fundación d' *El Pueblo Gallego*.

Até 1927 González Pastoriza se encargou de consolidar e afianza-la súa sona de avogado. Asumiu os asuntos xurídicos de varias empresas. Así medraba tamén a súa relevancia nos circuítos sociopolíticos vigueses. Con respecto a este tema cómpre dar conta do seu casamento coa pianista María Luisa Sanjurjo Oza⁶, muller procedente dunha familia de tradición militar dende os tempos da francesada e de parentesco co General José Sanjurjo, coñecido golpista contrario á República.

Mais, como dicíamos, don Roberto emancípase e decide abrir un despacho propio con enderezo na Porta do Sol, número 14, segundo. A principal ocupación foi concentrarse nos procesos xudiciais do Concello de Vigo tras ser nomeado letrado externo da institución⁷. Desempeñaría este cargo deica 1933 en que renuncia a continuar vencellado á cámara municipal⁸.

Ante esta nova situación decide trasladar o bufete á rúa Velázquez Moreno número 22, segundo piso, lugar onde recibiría a visita de destacados nacionalistas como Castelao. A poeta María do Carme Kruckenberg, sobriña de don Roberto, lembraba: “Era íntimo amigo dun tío meu, Roberto Pastoriza, activista dunha esquerda non violenta, cun pro-

⁶Nada en Vigo (1896) e filla do promotor urbanístico Benito Sanjurjo (casado con Francisca de Oza) responsable de varios edificios significados da rúa Urzáiz. Foi discípula de José Tragó (catedrático de piano no conservatorio de Madrid). Entre as primeiras composicións atopamos a peza para piano titulada “Miña terra” (1912). Tras numerosas actuacións ó longo dos anos 20, enfermou gravemente tendo que retirarse da escena pública. Morreu na cidade natal en setembro de 1949.

⁷O seu antecesor no cargo fora o xa citado Lois Peña Novo.

⁸No Nadal de 1932 fai firme a súa renuncia como letrado municipal, nunha instancia enviada ó concello, para o exercicio do ano 1933. Arquivo Municipal de Vigo, JUS-6.

fundo amor á terra. A miúdo, xogando na casa dos meus curmáns, chamaban á porta, e daquela entraba Castelao para visitar ao meu tío⁹. O noso protagonista recordaba: “Il rubéu unha moitedume de vegadas ô meu despacho. Coase que endexamais fallaba á tertulia que os sábados tiñamos en Pontevedra, con Cabanillas, Osorio Fernández-Tafall, etc.”¹⁰. Naquela Pontevedra republicana tamén entaboaría relación con Alexandre Bóveda, con quen terá traballar como asesor na redacción dos capítulos dedicados ó dereito e á administración no Estatuto galego.

A actividade profesional durante eses anos resultou frenética xa que formaba parte da asesoría xurídica da caixa de aforros, pertencía á secretaría da Unión de Entidades Viguesas e a presidencia de distintos comités laborais¹¹. Ademais, no Nadal de 1931 atopámo-lo nome de don Roberto na comisión promotora do Colexio de Avogados de Vigo, xunto a Senra, Raimundo Vidal Pazos e Agustín Rivas Villanueva¹².

Durante todo este tramo temporal deu saída á súa inquedanza intelectual publicando diversos estudos, artigos e libros arredor case sempre de cuestións profesionais. Por exemplo, en 1926 publica *Posibilidades legales de garantizar los préstamos hipotecarios* e, uns meses despois, *Los*

⁹Víd. <http://www.galiciahoxe.com/mare/gh/unha-vida-poesia/idNoticia-270571/> [Consulta do 21 de abril de 2016]. Anos despois, Kruckenberg visitaríaa a Castelao en Bos Aires co motivo de falar sobre don Roberto.

¹⁰Cf. Carta a Sebastián Martínez-Risco (30-IV-1976). Fondo Roberto González Pastoriza. Arquivo da Cámara de Comercio de Vigo.

¹¹Por exemplo o *Comité Paritario de la Industria Hotelera, Comités paritarios de Tranvías, Construcción y Artes Gráficas* ou *Comités Paritarios del Comercio al por mayor y detalle*.

¹²Cf. *El Pueblo Gallego* (16-XII-1931).

límites de la acción del Estado y la ordenación del ahorro, ambas obras patrocinadas pola caixa de aforros. Tamén analizou na prensa a lei de redención foral e comezou a colaborar en 1928 coa prestixiosa *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, órgano oficial da *Academia Nacional de Jurisprudencia y Legislación*¹³. Pero Roberto González Pastoriza exhibía outra faceta publicista colaborando con *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo e Galicia*, este último dirixido polo seu colega e camarada Valentín Paz Andrade e no cal empregou o pseudónimo de Gonzal Pastor.

A militancia política

Roberto González Pastoriza traba relación co nacionalismo nos anos universitarios. En 1919 as Irmandades da Fala celebran a II Asemblea Nacionalista na capital galega. Entre os concorrentes atopamos o seu nome canda outros da talla de Ramón Cabanillas, Losada Diéguez, Castelao, os Villar Ponte ou Xaime Quintanilla. Seguramente, na nosa opinión, a súa asistencia, que expresa a simpatía polo nacionalismo, en realidade foi máis unha coincidencia da súa estancia na capital galega do que unha xa firme militancia irmandiña.

Dende entón non soubemos de máis relación co nacionalismo organizado até que se suma ó manifesto promovido por Xavier Soto e o poeta Manuel Antonio. Nel reclamábase ó Concello de Vigo o izado da bandeira galega polo 25 de

¹³Outras revistas en que publica ó longo da vida foron *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia*, *Astrea*, *Lar*, *Derecho y Justicia*, *Boletín de Información de la Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo* ou *Previsión* (onde dirixiu a sección de Dereito).

xullo, data declarada polas Irmandades da Fala como o Día de Galiza¹⁴.

Cando a ditadura de Primo de Rivera agonizaba aparecía en Vigo, no ano 1930, o Grupo Autonomista Galego (GAG), liderado polo avogado Valentín Paz Andrade e con González Pastoriza entre os fundadores¹⁵. Este sería un dos colectivos promotores da reunificación do nacionalismo galego baixo as siglas do Partido Galeguista.

O GAG organizaría un mitin polo 25 de xullo de 1930 no Teatro García Barbón. Alí resoaron as voces de Castelao, Otero Pedrayo e Valentín Paz Andrade. Posteriormente os asistentes acudiron ó coñecido Xantar da Barxa (no actual terreo das torres de García Barbón). Alí imaxinámo-lo rostro e perfil esguío de don Roberto.

A chegada da República moveu as pezas do taboleiro político. Houbo unha resituación e recomposición. Os debates, vividos con intensidade naquel ano de viño e flores, provocaron finalmente a discrepancia e a baixa de don Roberto do GAG en xuño de 1931. O letrado de Moaña disentía da postura do seu partido ante as eleccións ás Cortes Constituíntes. El defendía a tese de intervir como un “órgano atento exclusivamente a los intereses permanentes de Galicia”¹⁶ mais non participar na contenda electoral. É dicir: pro-

¹⁴Cf. Vázquez Gil, L. (2011): “Bandeira galega ergueita no concello (2)”, en *Atlántico Diario* (12-IV-2011).

¹⁵A directiva do GAG conformábase Valentín Paz Andrade, como presidente; M. Elías Barros, como vicepresidente; Víctor Fraiz, como secretario; Enrique Vilarelle, como vicesecretario; Ovidio Temes, como tesoureiro; José Monteiro, como contador, e Roberto González Pastoriza, como bibliotecario. Cf. *El Pueblo Gallego*, (14-I-1931).

¹⁶Cf. “Carta abierta. Una baja en el Grupo Autonomista Galego”, en *El Pueblo Gallego* (7-VI-1931).

curaba crear un colectivo que incidise con propostas galeguistas, de xeito transversal, nas distintas opcións políticas. Por este motivo solicita convocar unha asemblea e someter a debate a postura, co fin de fixa-la posición do grupo de xeito colectivo ante a actuación individual de Valentín Paz Andrade en nome do mesmo. Non houbo tal xuntanza e a petición foi obviada. Ese proceder foi o móbil polo cal Roberto González Pastoriza, xunto a outros militantes, decide abandona-lo GAG.

A separación foi un lapsus de tempo. En decembro de 1931 nacería o Partido Galeguista e nel fundiríanse de novo os nacionalistas vigueses.

Os anos da República

Chegou a República. Don Roberto expresábase nos seguintes termos: “la sociedad existe por los asociados; es de ellos, y para ellos; ahí el camino; la soberanía social; la soberanía del pueblo; su único instrumento, el vehículo que pudiese rodar por este camino de democracia sin embustes, sin mixtificaciones, la República”¹⁷.

Por outra parte aparece un colectivo promovido por un feixe de intelectuais como José Ortega y Gasset, Gregorio Marañón ou Ramón Pérez de Ayala. Era a *Agrupación al Servicio de la República*, creada en febreiro de 1931. A súa delegación atlántica, *Agrupación Viguesa al Servicio de la República*, estaba dirixida por un comité executivo con-

¹⁷Cf. “Relieve electoral. Independencia y juventud”, en *El Pueblo Gallego* (28-VI-1931).

formado por Manuel Gómez Román (arquitecto), Manuel Ferreiroa Veiga (médico), Francisco González Garra (médico), Xerardo Álvarez Gallego (avogado) e Roberto González Pastoriza.

Tres daqueles dirixentes (Manuel Gómez Román, Xerardo Álvarez Gallego e Roberto González Pastoriza) orientarán a súa actividade para o nacionalismo organizado; isto é, integráronse na sección viguesa do Partido Galeguista¹⁸. Mais don Robero, incorporado á corrente progresista, reduciría a súa militancia a unha posición de segunda fila. Así llo confesa a Manuel Portela Valladares: “Apartado del apasionamiento a que me llevaría una política activa, que no practico”¹⁹.

Se cadra, e dicímolo só como hipótese, o feble estado de saúde da súa dona pode explicar esta ausencia. Moitos anos despois confesáballe nunha carta a Manuel Fraga: “la larga enfermedad de mi Santa me impidió aceptar los Gobiernos Civiles de Lugo y de Badajoz, la candidatura del Frente Popular para Diputado a Cortes, la Alcaldía de Vigo que coactivamente quiso impornésemme, y la Dirección General de Administración Local”²⁰.

Unha anécdota destes anos foi o seu encontro con Federico García Lorca en Vigo. A chegada do poeta granadino

ó *hinterland* nárranola Landeira Yrago: “Apeado del tren de Madrid, huésped del Comité Vigués, Federico recala en Vigo, ciudad para é desconocida, el día 6 de mayo [de 1932]. Le rodean prestigiosas figuras –el abogado González Pastoriza, el médico Arbones, el arquitecto Gómez Román, el industrial Fadrique, el catedrático Toledano Cañamaque...– que le acompañan a la tertulia del Derby y al restaurante Casa Pepe, en la calle Doctor Cadaval, próximo al desaparecido diario *El Pueblo Gallego*” (Landeira Yrago, 1986: 42).

O mesmo don Roberto rememorou para Landeira o sucedido aquel día: “Fumos dempois, con algúns amigos, a tomar unhas copas ó Bar Derby, que naquela tempada tiña gran popularidade, nã rúa Urzáiz. E foi alí, sobor do mármore das mesiñas, onde nos servían, que, respondendo a seus pregos, ibamos escribíndolle os sinónimos da moitedume de verbas galegas, apús das consonancias i asonancias que il desexaba prós poemas que matinaba faguer na nosa fala”²¹. O resultado foron uns magníficos poemas cos que García Lorca homenaxeou a nosa terra.

Por confesión propia do noso letrado sabemos que “Federico fué traído a Vigo por el ‘Comité de Cooperación Intelectual’, que yo presidía. Fué disuelto por el franquismo”²² ou, dito doutro xeito, “foi vetada câ xenofobia que houbo de xurdire nã segunda metade do ano 36”²³. Descoñecemos

¹⁸Compartirían militancia local con Valentín Paz Andrade, Ramón Obella Vidal, Xerardo Álvarez Gallego, Manuel Gómez Román, Elías Barros Martínez, Alexandro R. Meixide, Ramiro Illa Couto ou o escultor Camilo Nogueira.

¹⁹Cf. Carta a Manuel Portela Valladares (13-IV-1935). Cartas de 1935 con González Pastoriza, Roberto sobre diversos asuntos, PS-Madrid, 735/69. Archivo Histórico Nacional.

²⁰Cf. Carta a Manuel Fraga Iribarne (1-VII-1976). Fondo Familia González-Pastoriza Sanjurjo.

²¹Cf. Carta a Xosé Landeira Yrago (4-XI-1976). Fondo Roberto González Pastoriza. Arquivo da Cámara de Comercio de Vigo.

²²Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (14-VII-1978). Fondo Francisco Fernández del Riego. Outros dirixentes deste comité de Vigo foron Manuel Gómez Román, Eduardo Cabello, Eugenio Arbones, Ricardo Trillo, R. López Costas e José Ramón de Castro (Vid. *El Pueblo Gallego*, 7-VIII-1932).

²³Cf. Carta a Xosé Landeira Yrago (4-XI-1976). Fondo Roberto González Pastoriza, arquivo da Cámara de Comercio de Vigo.

dende nin até cando exerceu esta presidencia pero resulta unha información relevante para irmos configurando a fasquia polifacética deste avogado moañés.

Outro feito que cómpre rescatar dese escuro lugar do esquecemento é a actitude de Roberto González Pastoriza nos días posteriores á sublevación de outubro de 1934. O avogado asumiu a defensa de conspicuos líderes republicanos como Enrique Heraclio Botana (dirixente sindical e socialista vigués), Emilio Martínez Garrido (alcalde de Vigo), José Antela Conde (alcalde de Lavadores), Ramón González Brunet (concelleiro socialista de Vigo), Ignacio Seoane Fernández (concelleiro socialista de Vigo), Antonio Vidal Vilas (concelleiro socialista de Vigo), Roberto Rosendo Rodríguez (enfermeiro paseado en 1937) e Francisco Herrera Hidalgo. A causa era a suposta participación dos acusados nos episodios revolucionarios e, por esta razón, foran encarcerados o día sete de outubro e suspendidos nas súas funcións como cargos electos²⁴.

Don Roberto participou na asemblea de constitución da Asociación de Escritores Galegos, celebrada en Compostela no mes de maio de 1936. Dous meses despois estaba en Madrid coa delegación galega que fixo entrega do Estatuto de Galiza. Así recorda con Ramón Otero Pedrayo: “Neste intre volto d’escoital-a conferencia do Vilas Nogueira, apresentando o seu libro “O Estatuto Gallego”. Lle dixen qu’eu, que fun un dos que lle fixemos entregue –sin representación– ô xefe do Estado daquela”²⁵.

²⁴Para a defensa deste caso, don Roberto acudiu ó consello do relevante avogado Ángel Ossorio y Gallardo, quen representaba os presos Manuel Azaña ou Lluís Companys, líder catalanista.

²⁵Cf. Carta a Ramón Otero Pedrayo (20-VI-1975). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

Crer na xustiza nos tempos do feixismo

A data do 20 de xullo de 1936 quedou esculpida con pólvora nos muros dos edificios da Porta do Sol. Os feixistas, ó mando do xeneral Carreró Vergés, abriran fogo contra a multitude que os rodeaba causando numerosos mortos e feridos. Comezaba así a feble resistencia, de apenas tres días, por parte dos demócratas e a inmediata persecución dos desafectos ó novo réxime do falanxismo. A casa de Roberto González Pastoriza foi rexistrada polas autoridades militares. El refuxiárase no fogar dun dereitista local. Os antecedentes políticos eran suficientes para levalo ó cuartel. A intervención de persoas distinguidas, como Adolfo Gregorio Espino, resultaría decisiva para sacalo axiña da cadea. Nun informe policial posterior lemos: “fué detenido por el Delegado de Orden Público de aquella ciudad e ingresado en la Cárcel, habiendo sido puesto en libertad en el mes de Diciembre del año 1936 y desterrado a Verín, imponiéndosele una multa de diez mil pesetas”²⁶.

Con todo don Roberto quixo exercer-la avogacía e defende-la xustiza democrática nuns días de máuseres e putrefacción humana. As instantáneas gravadas dos corpos defuntos nas gabias das estradas, nos pés das tapias do camposanto de Pereiró, na beira do mar en Alcabre ou nas ladeiras do monte do Castro. A todo eles e elas pediulles Luís Pimentel: “levantádevos coa boca negra para trabar nas estrelas que nada fixeron na noite por salvarvos”.

²⁶Información 2-43 sobre Roberto González Pastoriza por delito de masonería. TERMC, 11 613. Archivo Histórico Nacional.

O 2 de agosto de 1936 son procesados por rebelión militar (causa nº 142/36) o alcalde Emilio Martínez Garrido, o deputado da Fronte Popular Antonino Bilbatúa, o concelleiro socialista Waldo Gil e o histórico socialista e sindicalista Enrique Heraclio Botana. Son postos en busca e captura o deputado Ignacio Seoane e o concelleiro Ramón González Brunet. Ó seren detidos, tamén asume a súa defensa don Roberto (Chaves Cuiñas, 1986: 312).

O investigador Chaves Cuiñas indica: “Y con paciencia infinita afrontó D. Roberto golpes e insultos de los fascistas que lo condenarían al destierro la madrugada misma del día señalado para el Consejo de Guerra de aquellos hombres, de aquellos sus amigos que depositaban su esperanza común en el gran jurista y conciudadano...” (Chaves Cuiñas, 1986: 313). O estigma social daquela defensa debeu ser notable nun Vigo onde abrollaban feixistas por uquer, candidatos a pistoleiros que facían méritos para aproveitarse socialmente da nova situación.

A firmeza expresada na inocencia dos republicanos vigueses e a defensa íntegra dos procesados faino disentir totalmente co tenente da garda civil “O Rabioso”, temido polo seu carácter vingativo. Realiza unha serie de peticións que serán rexeitadas polo capitán xuíz instrutor, Manuel Lage. Elevadas as reclamacións ó auditor de guerra, este nega, nun ditame do 9 de agosto, a legalidade das leis republicanas, consideradas “facciosas”, e reconece unicamente a existencia dun poder, o da *Junta de Defensa Nacional*.

O 19 de agosto o auditor de guerra informa á defensa dos procesados a apertura do consello de guerra sumarísimo

contra estes e a aplicación do código de xustiza militar. Ante esta modificación Roberto González Pastoriza foi apartado da causa polo seu carácter de avogado civil. O día 22 foron condenados a pena de morte acusados de traizón. Cinco días despois eran asasinados en Pereiró.

En canto á represión exercida contra don Roberto, podemos le-los seguintes datos no expediente producido pola Audiencia Provincial de Pontevedra de Responsabilidades Políticas en 1942: “Fue sancionado con la multa de diez mil pesetas por la Comandancia militar de la Plaza de Vigo, por resolución de 17 de octubre de mil novecientos treinta y seis, que satisfizo seg. folios 53 y 54 y desterrado a Verín y quedando detenido en la prisión de dicha población”²⁷. A finais de 1938 élle levantada a orde de desterro en Verín.

O seu expediente persoal revela que sufriu unha depuración sen sanción (pero con expediente aberto) e que non puido exercer a profesión até xullo de 1939²⁸. Para figuráno-la presión do axexo e da vixilancia á cal someteron a don Roberto podemos reparar no escrito de defensa que el mesmo elabora ante a causa aberta en 1945, relatado en terceira persoa: “Fué juzgado el suscrito en cuatro ocasiones y por autoridades de otros tantos linajes: por la militar, inmediatamente de Julio de 1936; por la Comisión provisional de responsabilidades de la Provincia, cree que simultaneamente; por quienes ostentan la Directiva del Colegio de Abogados de Vigo, en funciones “depuradoras”, después; y por el Tribunal de Responsabilidades, por último”²⁹.

²⁷Expediente de Responsabilidades Políticas nº 1226/941. Archivo Histórico Nacional.

²⁸Expediente de Roberto González Pastoriza. Ilustre Colexio de Avogados de Vigo.

²⁹Información 2-43 sobre Roberto González Pastoriza por delito de masonería. TERMC, 11.613. Archivo Histórico Nacional.

Don Roberto pertencía ó bando dos perdedores. Así, alén das perdas económicas e da represión política, estaba tamén o dano público realizado ó prestixioso avogado. Deixou de ser asesor da caixa de aforros, perdeu moitos clientes e tivo que relanzarse de novo como letrado. Álvaro Gil Varela e Xosé Fernández López, empresarios galeguistas e grandes amigos do avogado moañés, botáronlle unha xenerosa e solidaria man.

A clandestinidade

En xullo de 1943 procédese á reorganización do Partido Galeguista cunha xuntanza na casa que Fernández del Riego tiña en Coruxo (Vigo). Non sabemos se don Roberto estivo presente pero, seguramente, soubo dos seus resultados. Cómpre saber que o nome de González Pastoriza aparece un ano despois entre o dos participantes na constitución da Xunta Galega de Alianza Democrática en Compostela (Fernández del Riego, 2003: 98)³⁰.

A ditadura axexaba os perdedores. En 1945 é xulgado polo “Tribunal para la represión de la masonería y del comunismo”, polo delito de ser masón. Era a causa nº 11.613/45. Don Roberto levou a causa do odontólogo José de Angulo Fernández-Capalleja, por mor dunha praza en disputa con Ángel Salvador Bugallo Pita³¹. Tanto o doutor como o avogado sufriron presións e mesmo ameazas para desistir nas súas pretensións³². A situación chegou deica o punto de seren

³⁰Outros dos presentes foron Ramón Piñeiro, Francisco Lamas e Lois Peña Novo.

³¹Caso do que saíra vitorioso tras anos de litixio.

³²Elina de Angulo Cordobés, filla de José de Angulo, relatounos estes feitos.

denunciados por un anónimo por pertenza á masonería, xa que José de Angulo era rotario. A casa do avogado foi rexistrada pola BPS (Brigada Político-Social). No arquivo sumarial recóllese un informe da causa nº 155/37 onde se lle sitúa na loxa “Viculus” e a localización na súa biblioteca dun impreso sobre o código masónico³³.

Finalmente, non atoparon ningunha proba para implicalo e as actuacións foron arquivadas de xeito provisional, segundo o fallo do 10 de novembro de 1945, e definitivo vinte anos despois. Porén si sufriu distintas restricións durante o proceso xudicial que o afastaron do exercicio laboral deica o 28 de abril de 1947³⁴.

Francisco Rei Drox “Chacama” chega a Galiza en 1947 para establecer contactos políticos co gallo de conforma-la Unión de Intelectuais Libres. Ulpiano Villanueva, médico colaborador da guerrilla, foi o encargado de tendelas pontes entre “Chacama” e a intelectualidade galega. Tras un seguimento por parte das autoridades, Ulpiano Villanueva foi detido xunto a Ramón Baltar Domínguez baixo acusación de pertenza ó *Socorro Rojo Internacional* na comarca de Ordes (por onde se movera o Foucellas). Deseguido caeron outros activistas, entre eles Francisco Fernández del Riego, José Otero, Darío Álvarez Blázquez, Jorge Seoane ou o noso protagonista. Verbo deste episodio, Fernández del Riego desvelou que o seu enlace con Chacama era un pasante do despacho de Pastoriza de quen temía fose un infiltrado:

³³Información 2-43 sobre Roberto González Pastoriza por delito de masonería. TERMC, 11.613. Archivo Histórico Nacional.

³⁴Expediente de Roberto González Pastoriza. Ilustre Colexio de Avogados de Vigo.

“Era un delator-culpable, ou infiltrado? Nunca cheguei a sabelo” (Fernández del Riego, 2003: 102).

Logo de dúas semanas sen comunicación e sometidos a interrogatorio foron procesados polo xulgado militar “para la represión del comunismo, la masonería y el espionaje” (causa nº 438/47)³⁵. A acusación contra González Pastoriza foi sobresaída en 1965 pero antes xa sufrira un desterro a Verín, onde residiu apenas un ano (1947-1948). Daquela época confesa a Ángel del Castillo: “De veras, muy de veras, nunca como durante la etapa de estos años, me convino el recato. Por eso, con el mayor cuidado procuro permanecer siempre recluido en el ámbito profesional. Cuando no me resisto a cojer [sic] la pluma para la publicidad, lo hago bajo pseudónimo”³⁶.

De volta, en 1948, don Roberto foi nomeado académico correspondente da Academia Galega³⁷. Un feito feliz que axiña se trincou co falecemento en Vigo da súa dona María Luisa Sanjurjo, no outono de 1949. A dor dunha ausencia até a fin.

O tardofranquismo

Tras unha breve estada en Arcade (González Martín, 1998), abriría un bufete propio na viguesa rúa Queipo de Llano,

³⁵Cf. Borobó, “O exemplo de Ulpiano Villanueva de Castro”, n’*A Nosa Terra* (17-23-VII-2003).

³⁶Cf. Carta a Ángel del Castillo (6-IV-1948). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

³⁷Cf. *La Noche*, nº 8.399 (8-IV-1948). Foi proposto por Sebastián Martínez-Risco, Paulino Pedret Casado e Manuel Casás (presidente da institución e tamén avogado). Na defensa da súa candidatura faláron Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey e Ramón Otero Pedrayo.

número 1 (actual rúa do Progreso)³⁸. De novo a retoma-lo pulso laboral. Comezaría a traballar con clientes como Antonio García (dono da Panificadora), Estanislao Durán (da consignataria Durán) ou Xosé e Antonio Fernández López (propulsores de empresas como Pescanova, Zeltia etc.)³⁹. Contou, en todo intre, coa axuda do inestimable amigo Adolfo Gregorio Espino, quen falecería na primavera de 1962.

A represión vivida levouno a mingua-la súa actividade clandestina. O seu nome aparece próximo á Editorial Galaxia ou á Fundación Penzol⁴⁰, mais mantendo a prudente distancia. No ano 1975 dille por carta ó director da nomeada institución, Francisco Fernández del Riego: “Si en ‘Penzol’ faltare algún [exemplar das obras de González López], eu donaría”⁴¹. Participou no xornal *La Noche* con artigos sobre asuntos profesionais, como o titulado “El derecho foral gallego”⁴² ou “En torno a nuestro derecho foral. Galicia y su primacia ante el fuerismo en el orden administrativo”⁴³. Mandou colaboracións a revistas da colectividade galega en América. É o caso da *Lar. Revista del Hospital Gallego*, onde publica no número especial polo Día da Patria de 1958, “El patrimonio familiar gallego. Un pretérito y una as-

³⁸No mesmo edificio, no cuarto andar, vivía don Roberto. Hoxe hai nese preciso lugar unha placa que así o lembra.

³⁹Ademais no despacho de don Roberto formáronse diferentes letrados como Manuel Pérez Gómez, Arsenio Paz, Jesús-Guillermo Rodríguez Gil ou o seu propio neto, Jaime Barreras González-Pastoriza.

⁴⁰De feito a esta institución filantrópica doou boa parte da súa biblioteca.

⁴¹Cf. Carta a Francisco Fernández de Riego (27-IX-1975). Fondo Francisco Fernández del Riego.

⁴²Cf. *La Noche*, nº 7.937 (10-X-1946).

⁴³Cf. *La Noche*, nº 8.215 (4-IX-1947).

piración”. O artigo leva unha dedicatoria a Lois Peña Novo e Antonio Rosón Pérez por seren “dos miradas diferentes, atentas al mismo panorama gallego, desde la atalaya lucense”⁴⁴.

Moitas horas dedicou, ó longo da súa vida, ó estudo do dereito foral galego deica converterse nunha das voces máis autorizadas. Xa sabemos dos seus primeiros traballos arredor deste asunto nos anos previos á Segunda República e a continuidade que tivo (véxanse os citados artigos en *La Noche*). Agora, na década dos 60, atopámolo como analista no debate arredor da Lei de compilación do dereito civil foral de Galicia, aprobada o 2 de Nadal de 1963.

A Cámara de Comercio de Vigo editaba o *Boletín de Información de la Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo* dende a década dos 60. Roberto González Pastoriza posúa unha sección co título de “El caso y sus normas”⁴⁵. En 1962 constitúese o *Comité Regional de Derecho Marítimo de Vigo* que será presidido por Raimundo Vidal Pazos e con Roberto González Pastoriza na vicepresidencia, quen tamén presidía a comisión de información e publicacións⁴⁶. Ambos foron referentes desta temática dentro do dereito galego. En 1968 atopámoslos como concorrentes ás primeiras xornadas administrativas de Galiza, celebradas no mes de setembro en Compostela.

⁴⁴Cf. *Lar. Revista do Hospital Gallego* (25-V-1958).

⁴⁵O noso letrado colaboraría con esta institución viguesa durante os anos de presidencia de Fernando Conde e de José Nogueira Dalmás.

⁴⁶Cf. *Faro de Vigo* (23-III-1962). A aprobación dos estatutos por parte das autoridades realizouse no ano 1963.

Unha anécdota deste tempo, sobre a cal ten falado Alonso Montero en máis dunha ocasión, é o gusto de don Roberto por enviar felicitacións de Nadal en lingua galega. Son as coñecidas como “nadaliñas”.

González Pastoriza integrárase na Asociación Cultural de Vigo como socio número 147, dado de alta o 30 de Nadal de 1966⁴⁷. Un punto de encontro entre o vello letrado republicano e nacionalista xunto ás novas mocidades interesadas no pasado e na defensa de Galiza.

O descanso final

O 23 de xuño de 1977 don Roberto causou baixa como exercente no Colexio de Avogados de Vigo. Mais figuraba como membro fundador. Co gallo da súa xubilación tributáronlle unha homenaxe en Vigo. Apenas uns meses despois, en xaneiro de 1978, o Ministerio de Xustiza condecorouno coa “Cruz distinguida de 1ª clase de San Raimundo de Peñafort”. En 1982 os socios fundadores do Colexio de Avogados de Vigo foron condecorados coa insignia de ouro. No crepúsculo vital chegaron os recoñecementos á súa traxectoria.

Coas primeiras eleccións, logo da morte de Atila, fixo defensa dos principios galeguistas⁴⁸. Tras votar ó senado don Roberto expresáballe por carta a Francisco Fernández del Riego: “Neste intre veño de votar prô Senado. ¡Terra a

⁴⁷Información que agradecemos Xosé González e Ricardo Gurriarán.

⁴⁸En 1980 afirmalle a Fernández del Riego por carta: “Tanto o gran amigo Antonio Viana Conde, coma eu, somos cotizantes do Partido Galeguista dende sempre”. Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (1980). Fondo Francisco Fernández del Riego.

Nosa!⁴⁹. Nese contexto don Roberto recupera tres artigos publicados no ano 1933 en *El Pueblo Gallego* para publicalos de novo, e nunha única entrega, baixo o título “Precedentes legales de la autonomía”, desta volta nas páxinas de *Faro de Vigo*⁵⁰. Pequenas achegas para o debate arredor do Estatuto galego.

A morte alcanzouno o 16 de febreiro de 1985 en Vigo. O seu corpo acouga en Pereiró, no mesmo lugar en que case medio século antes foran enterrados aqueles fusilados polo feixismo a quen don Roberto lles puxo voz e xustiza nas condicións máis adversas. Un xesto humano que nos educa nos valores máis altos. Non o esquezamos nunca.

Bibliografía

Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Edicións Xerais: Vigo.

Borobó (2003): “O exemplo de Ulpiano Villanueva de Castro”, n’*A Nosa Terra* (17-23 de xullo).

Calvo, Tucho (1998): *Valentín Paz Andrade, a memoria do século*. Edicións do Castro: Sada.

Castro, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Deputación Provincial de Ourense: Ourense.

Chaves Cuiñas, Antonio Manuel (1998): *La UGT de Vigo. Una aproximación histórica*. Fundación Luis Tilve: Compostela.

⁴⁹Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (15-VI-1977). Fondo Francisco Fernández del Riego.

⁵⁰Cf. *Faro de Vigo* (30-VII-1978).

Fernández del Riego, Francisco (2003): *Camiño andado*. Editorial Galaxia: Vigo.

García Cotarelo, Xosé Antonio; Lois Calviño, Rubén Víctor e Fernández Jiménez, Xesús (1986): *A autonomía galega (1846-1981)*. Xunta de Galicia: Compostela.

González Martín, Gerardo (1998): “Roberto González Pastoriza, abogado del que se cumple el centenario de su nacimiento”, en *Faro de Vigo* (29 de agosto).

Landeira Yrago, José (1986): *Federico García Lorca y Galicia*. Edicións do Castro: Sada.



**Fermín Bouza Brey e Trillo:
Maxistrado, Intelectual e Poeta**

I Centenario das Irmandades da Fala

Clodio González Pérez

I.No tempo das Irmandades da Fala (1916 –1931)

O 18 de maio de 1916 fundábase na Coruña a Hirmandande dos Amigos da Fala Gallega, e o seguinte 14 de novembro comezaba a andaina o seu voceiro A Nosa Terra co artigo “A bandeira ergueita” de Antón Villar Ponte, no que se le: *Total-a nosa presoalidade está na nosa lingua [...] O valor universal d’un idioma, faino ó Xenio [...] A traballar con fe. Este boletín e de todol-os gallegos. A sua dona é Galicia enteira. Non ten outra...*

Daquela Fermín Bouza Brey tiña quince anos e uns meses (nacera en Ponteareas o 31 de marzo de 1901), e estaba a cursar o bacharelato no instituto de Pontevedra, que concluiría no de Ourense, pero xa lle empezaba a buligar o verme da cultura, pois o un de xullo do ano seguinte insire no periódico vilagarcían Galicia Nueva o primeiro artigo verbo dunha excursión que fixera cos compañeiros¹.

As Irmandades seguiron traballando nos anos sucesivos consonte co seu lema *todo por Galicia e pra Galicia*, ao mesmo tempo que se ía afianzando o ideario nacionalista do mozo ponteareán residente dende neno nas terras arou-sás. O pai, Luís Bouza Trillo, que sendo tenente alcalde izou por primeira vez a bandeira galega no concello vilagarcían, estivo moi relacionado co movemento galeguista, levando

¹Noméanse unicamente algúns artigos en particular publicados nos xornais e revistas relacionados coas *Irmandades da Fala* ou afíns. Para coñecer toda a súa obra, dende o primeiro artigo, “Exploradores. La excursión del viernes” (*Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, 1-VII-1917) ata o derradeiro, “Costumbres lúdico-entomológicas del niño en Galicia” (*Actas del II Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares*, Zaragoza, 1974), pódese ver GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Bouza Brey: Aproximación bibliográfica”, en *Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia, 1992, pp. 111 a 149.

tamén consigo aos actos aos dous fillos, polo que é de supoñer que se relacionase con Vicente Gómez Paratcha, representante das *Irmandades* de Vilagarcía na Asemblea de Lugo do 17 e 18 de novembro de 1918, director do xornal e logo semanario *Heraldo de Arosa. Diario regionalista* (1918 a 1920), de tendencia filonacionalista: *a fomentar ese sentimento regional dedicaremos nuestros esfuerzos, pues en ese régimen vemos la salvación y engrandecimiento de nuestra patria...*²

A partir do mes de xaneiro de 1918 reside en Santiago de Compostela, onde cursa Dereito, á vez que empeza a relacionarse con varios compañeiros tamén doutras facultades que profesaban as mesmas afeccións, cos que en adiante compartirá senlleiras tarefas culturais, como a creación do Seminario de Estudos Galegos. En 1920 publica a primeira recolleita de literatura popular na revista *Ultreya*, e ao ano seguinte autocelebra o aniversario co Romance dos vinte anos, inédito ata 1980:

*... ¡Vinte anos!;Leda idade!
¡Inda se soña cas fadas!
Temos todos unha noiva:
a estrelia da esperanza...*³

As súas colaboracións na nosa lingua van a máis. No mes de outubro de 1920 nace *Nós*, coa porta aberta a todos os

²Na relación de asistentes á “1ª Asamblea Nazionalista” de Lugo figura só como V. Paratcha (*A Nosa Terra*, 73-74, 5-XII-1918); VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina*, II, Ed. Galicia, B. Aires, 1966, p. 1.294; VIANA, V.: *Periódicos y periodistas de Villagarcía*, 1988, p. 52.

³BOUZA BREY, F.: *Obra literaria completa*, Ed. do Cerne, Santiago de Compostela, 1980, pp. 159-160.

colaboradores como consta nas “Primeiras verbas”: *poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respecto das catro antinomias da mente contemporánea: poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo coleitivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos [...] A todol-os que nos lean SAÚDE E TERRA*. Malia que a súa primeira achega é do 15 de agosto de 1922, seguindo dende entón ata inserir 75 artigos, contando tamén as recensións de libros, e en marzo de 1929 dá ao prelo Cancioeiro das ribeiras do Tea, recolleito xunto con L. Brey Bouza, que despois de se publicar na revista sae como un dos suplementos que se repartían de balde como agasallo.

No Galicia de Vigo colabora o 31 de xullo de 1923 (neste caso en castelán), o xornal fundado en Vigo por Valentín Paz-Andrade, Castelao e Losada Diéguez, entre outros, independente, liberal e defensor dos intereses e da personalidade de Galicia.

O 12 de outubro do devandito ano toma parte na fundación do Seminario de Estudos Galegos, cando estaba a piques de rematar os estudos de Dereito, que conclúe en xuño de 1924 coa cualificación de sobresaliente e premio extraordinario. Tamén vai ser neste mesmo ano cando colabore por primeira vez n’*A Nosa Terra* co gallo do Día de Galicia.

A tempada máis frutífera da prensa nacionalista corresponde á tempada 1916-1923, mingando de xeito alarmante

coa ditadura de Primo de Rivera (13 de setembro de 1923 - 28 de xaneiro de 1930), coa implantación da censura previa, a represión do nacionalismo e a prohibición de inserir outros artigos que non fosen de carácter cultural e folclórico. Aquí unicamente resistiron o vendaval ditatorial *A Nosa Terra* e *Nós*, desaparecendo entre outros o xornal *Galicia* de Vigo e a colección “Lar” de narracións curtas que dirixía na Coruña L. Carré Alvarelos, na que Bouza Brey publica en 1926 *Cabalgadas en Salnés*.

Coa fin de atenuar o baldeiro e como refuxio cultural, en 1927 xurde a revista *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, na que colabora xa no primeiro número co traballo “Estazóns prehistóricas da Ría de Arousa. Anta e penedo grabado de Oleiros”, ao que seguirá dous anos despois “Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galicia”, neste caso xunto con Florentino L. Cuevillas.

O 2 de xaneiro de 1928 toma parte nas oposicións ao Corpo de Aspirantes á Xudicatura, que supera co número nove, sendo o seu primeiro destino, con carácter interino, o xulgado de Vielha (Lleida) ao que se incorpora no mes de novembro. Como fará sempre para onde vaia destinado, o primeiro que fai ao chegar é tratar de coñecer a historia e os costumes da zona, como amosan neste caso os tres artigos que publica sobre estas terras, dous en 1929 e o terceiro en 1932.

O un de agosto de 1929 é destinado xa como xuíz de Primeira Instancia en propiedade para o xulgado da Estrada, podendo entón colaborar en todas as actividades que se

desenvolven en Santiago e, en particular, no Seminario de Estudos Galegos. O mesmo que en Vielha, ao ano seguinte publica o primeiro traballo relacionado coa terra de Tabeirós, “Epígrafes medioevae da eireja de Ourazo” (*Boletín da Real Academia Galega*, XIX, 1930), ao que seguirán outros máis nos anos sucesivos⁴.

II. No tempo do Partido Galeguista (1931–1936)

A situación política e social tornouse máis liviá a partir de finais de xaneiro de 1930 en que Primo de Rivera é substituído polo tamén xeneral Berenguer e este polo almirante Aznar-Cabañas, tempada que se adoita coñecer pola *dita-branda*, durante a que as *Irmandades da Fala* desaparecen pasando a formar parte do Partido Galeguista, que se constitúe o 6 de decembro de 1931, oito meses despois da proclamación da II República.

Durante este tempo a existencia de Bouza Brey desenvólvese como a de calquera outro funcionario, coa diferenza que el ao traballo cotián do xulgado engade o de investigador, poeta e conferenciante. Unicamente un feito altera para ben a súa situación: a partir do 31 de outubro de 1933 é destinado para o novo “Colegio Subvencionado–Estatál” da Estrada, dependente do Instituto Nacional de Segundo Ensino de Santiago de Compostela, o amigo e compañeiro do Seminario de Estudos Galegos e de outras moitas anqueiras culturais, Antonio Fraguas Fraguas, que ademais de

⁴Verbo da súa obra relacionada con esta comarca: PORTO, J. A. / PAZ GARÇA, F. X.: “As Terras da Estrada na obra de Fermín Bouza Brey. Guía bibliográfica”, *Contrarretanca. Revista de información da Estrada*, 1992.

secretario do centro, tamén desempeña o mesmo cargo no Partido Galeguista estradense. Ambos os dous comparten iguais inquiredanzas, dedicando o tempo de lecer a achegar obxectos e datos da comarca, e a montar un pequeno museo histórico no instituto, principalmente con materiais procedentes das escavacións e catas levadas a termo polo alumnado nos xacementos castrexos da contorna, en total 27, case a totalidade dos existentes. Dalgún descubrimento xa dá conta en 1935, “A propósito de un objeto lítico del Castro de Ribela”, pero en conxunto non o faría ata 1944, “Castros de la comarca de la Estrada”.

Son anos de moita actividade intelectual como testemuñan as publicacións, que entre 1931 e 1936 (este só ata xullo) acadaron o número de 72, sen contar as colaboracións en xornais, e o libro de poemas *Nao Senlleira* (1933).

III. A Guerra Civil (18 de xullo de 1936 – 1 de abril de 1939)

Os días seguintes ao 18 de xullo foron de dúbidas e sobresaltos na Estrada. As novas que chegaban eran incertas, non se sabendo de certo o que estaba a suceder noutras partes, ata o 20 en que xa se clarexa a situación ao tomar o mando da poboación o comandante da garda civil, Manuel Deza Bello, a inmediata destitución da corporación municipal e no seu lugar o nomeamento dun delegado gobernamental, Pedro Gil Crespo, capitán retirado de infantaría, e como alcalde Alfonso Constenla, capitán do corpo de inválidos. Inmediatamente comezan as vinganzas persoais, as persecucións e os “paseos” organizados polos fascistas, sobre todo por parte da falanxe. O seguinte 3 de agosto, tanto o

xuíz coma o persoal do xulgado reciben a orde de gardar *a mas absoluta fidelidad a la situación que representa la Junta de Defensa Nacional de España*⁵.

Ante tan terrible situación, Bouza Brey trata de salvar a vida dalgúns veciños que non cometeran máis delito que manifestar as súas ideas contrarias aos dos sublevados. Decreta o procesamento de varios para que estean protexidos baixo a súa xurisdición, declara a favor doutros (como no xuízo sumarísimo contra Manuel Vázquez Cruz, que sería pasado polas armas o 2 de decembro seguinte), e ata se atreve a esixirlle á garda civil explicacións sobre seis mortos que apareceran na Ponte do Regueiro (entre os que había un que fora absolto nun consello de guerra celebrado en Pontevedra uns días antes), ao que responde o comandante que eran trasladados do cárcere de Lalín a Pontevedra e que *al llegar al Kilometro 23 de la carretera de Chapa a Carril aquéllos emprendieron veloz carrera tratando de huir de la fuerza conductora que tuvo necesidad de hacer fuego sobre los mismos y resultando los seis relacionados con lesiones por los proyectiles que le produjeron la muerte instantanea...*

O maior problema con que se atopa é a defensa de varios veciños que dispostos a defender a República, o goberno lexítimo, requisaran varias armas a persoas de conduta dúbida. Os feitos ocorreron os días 19 e 20 de xuño, pero oito dos participantes non foron denunciados ata o mes de

⁵Todos os textos que se citan reproducense no meu traballo "Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado. Expediente 153/1951", publicado no libro *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011, onde ademais de completos, tamén consta onde se poden consultar actualmente.

novembro. Co gallo de evitar que fose "paseados" decreta a prisión incondicional dos procesados e unha fianza de 2.000 pesetas, actuación que lle custou unha dura amonestación por parte do fiscal militar, Joaquín Otero Goyanes, o 14 de xullo de 1937, porque os feitos *debieron haber determinado la inmediata inhibición a favor de la jurisdicción de guerra, como lo hace en este momento la Sala á propuesta del Fiscal de la Audiencia, ao tempo que o acusa de méritos bastantes para reputar que la conducta del funcionario aludido implica manifiesta desafección al Movimiento Nacional, é inobservada de lo mandado en el bando de la Junta de Defensa Nacional.*

Por esta actuación a Comisión de Justicia de la Junta Técnica del Estado, previo informe do xeneral xefe do Octavo Cuerpo del Ejército, comunícalle á Audiencia Territorial da Coruña a *depuración y sanción definitiva que en justicia debe imponerse, al Sr. Juez de Instrucción de La Estrada, sendo suspendido de funcións á vez que se acuerda a formación del correspondiente expediente para depurar la conducta de dicho funcionario.*

Acode persoalmente a Burgos e, ante as novas de que será repostado no cargo, dende Pontevedra remiten un informe para evitalo, no que se afirma que *sería de pésimo efecto su reposición por entender que el Movimiento de la Nueva España, los cargos de la importancia del que nos referimos, deben hallarse en manos de quienes ni siquiera sean dudosos para la renovación de nuestra España.* No se tivo en conta e o 13 de decembro de 1937, *volvió a encargarse de su jurisdicción el Juez de 1ª instancia de La Estrada Don Fermín Bouza Brey-Trillo.*

Ante unha situación tan tensa trata de abandonar esta vila, para o que solicita o traslado varias veces (Santoña e Tui), pero ademais de ter que seguir, tamén é nomeado xuíz Lalín, ata que é designado o 8 de febreiro de 1939 para os servizos de xustiza militar como oficial primeiro honorífico coa graduación de capitán, con destino primeiro en Lleida, logo en Igualada (Barcelona) e por último a Ourense. Pero foi unha estadía moi curta, se se ten en conta que o 20 de setembro do mesmo ano xa estaba outra vez na Estrada solicitando calquera dos xulgados seguintes: A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, León, Valladolid, Salamanca, Burgos, Palencia, Zamora, Ávila e Segovia.

Durante este tempo péchase o instituto (1937), é expulsado do ensino o seu amigo Antonio Fraguas e desaparecen os fondos do museo escolar, agás algunhas pezas que el consegue salvar⁶.

IV. Durante a ditadura franquista (1 de abril de 1939 – 11 de marzo de 1955)

Malia que quizais non o soubese, continuaron as denuncias persoais contra el, a súa actuación como xuíz e o recordo do seu pasado antes e durante a República, sobresaíndo en particular a do falanxista Manuel Pasero (que non era

⁶Actualmente consérvanse no Museo do Pobo Galego 88 pezas arqueolóxicas no legado Fermín Bouza Brey que pertenceron ao devandito museo (REY CASTIÑEIRAS, J. / RODRÍGUEZ CALVIÑO, M.: "Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza Brey e Fraguas Fraguas no Museo do Pobo Galego", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela", 4, 2001). Sobre a estada do profesor Fraguas na vila estradense, GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Vida e obra", en *Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999*, Museo do Pobo Galego, 2006.

así, senón Paseiro) que lle manda unha en 1940 ao Director General de Seguridad acusándoo de que antes do Glorioso Movemento Nacional militarara nas filas do Partido Galeguista, *y que su papel no era pasivo, sino, por el contrario de toda actividad, tanto que publicó una obra editada en esa Capital encomiástica del Frente Popular* (unha das tantas falsidades que os inimigos teceron sobre a súa vida), e que tamén *los sujetos rojos que eran encarcelados para luego seguirle el correspondiente sumario, resultaban especialmente atendidos y protegidos por el mismo*.

Xenreira que vai a máis polos seus traballos de investigación que saen en Galicia, Madrid ou Portugal, por ser convidado a tomar parte en congresos recoñecéndose así a súa valía, por ser nomeado membro numerario da Real Academia Galega (1940), Comisario Provincial de Escavacións Arqueolóxicas de Pontevedra (1941), e recibir en 1942 a cruz de Afonso X o Sabio.

Todos os anos solicita cambio de destino, pero o seu dezo non se materializa ata o 7 de decembro de 1943 en que acada o traslado para o xulgado de Primeira Instancia de Santiago de Compostela, e non máis que dous anos despois, o 21 de decembro de 1945, é ascendido á categoría de maxistrado e destinado á Audiencia Provincial de Lugo.

A saúde non o axuda e, neste caso en particular, quizais tamén a mágoa de ter que abandonar a querida Compostela. Solicita baixa por enfermidade e, no caso de producirse a vacante, que se lle conceda praza na Audiencia de Pontevedra. Como non pode deixar o leito, o 12 de febreiro seguin-

te ten que ir o xuíz de Primeira Instancia ao seu domicilio para asinar a posesión, pero non chegaría a ter que marchar para a cidade das murallas, pois o seguinte día 22 é nomeado para Pontevedra, pero tampouco pode tomar posesión persoalmente, xa que o 28 de febreiro solicita un mes de licenza, acompañando certificado médico xustificativo, por ter *padecido últimamente una septicemia estafilocócica con bronconeumonía, efecto de cuyas enfermedades le han quedado, aparte la debilidad general de que necesita reponerse, desarreglos cardíacos que le impiden incorporarse á su destino, haciendole imposible por algun tiempo el ejercicio de sus funciones, siendole, por el contrario, necesario reposo en el campo a donde debe trasladarse.*

O primeiro de outubro de 1948 o Ministro de Xustiza, Raimundo Fernández-Cuesta, concédelle a Cruz Distinguida de 2ª clase de San Raimundo de Pañafort, pola colaboración que lle presta co gallo da ofrenda ao Apóstolo Santiago o anterior 25 de xullo na que fora delegado do Xefe do Estado. Distinción que non foi ben acollida polos compañeiros por envexa, así como tampouco entre os inimigos (sobre todo falanxistas) polo gran recoñecemento que supoñía para a súa persoa tendo en conta que era o terceiro ano que se concedía. Tan mal lles sentou a algúns, que ao dicir do poeta Manuel Cuña Novás, bo coñecer da situación por vivir na capital do Lérez, esta *concesión foi a mecha que prendeu as envexas dos inimigos políticos e persoais que tiña*⁷.

⁷Fermin Bouza Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 156.

A imposición desenvolveuse na Audiencia pontevedresa nun acto íntimo o 22 de decembro de 1948, ao mesmo tempo que xa empezan a circular pola cidade rumores e unha cantiga de escarnio acusándoo de homosexual, do que nunca se dixera nada nin tampouco consta nas denuncias de que fora obxecto para expulsalo da xudicatura (1937 e 1940). Polo que atinxe en particular á cantiga, vense dicindo que o autor foi Celso Emilio Ferreiro, funcionario en Pontevedra dende 1941 e por entón secretario da Fiscalía de Taxas⁸.

1. Fuxindo dos inimigos

A permanencia na capital do Lérez tórnase insoportable, o que fai que se agraven as súas doenzas, tendo que solicitar licenza por enfermidade de 30 días a finais de abril de 1949, por sufrir un *fuerte ataque de Acetonuria, en el curso de la enfermedad diabética que padece*, véndose obrigado a residir en Santiago onde o atende o doutor García Sabell. A baixa prorrógase un mes máis, que aproveita para facer unha viaxe a Madrid e solicitar persoalmente un novo destino en Soria ou Lleida o 19 de maio do devandito ano que, sen dúbida por recomendación do ministro, o mesmo que lle concedera a Cruz de San Raimundo de Pañafort, Fernández-Cuesta, ao día seguinte Franco asinaba o seu nomeamento para a praza de xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Lleida.

⁸*Idem*, p. 158; CALLÓN, C.: "A verdade do rumor. As lendas negras contra Fermin Bouza Brey", *Galicia Hoxe*, 2-XI-2009.

Non pasou máis que catro meses na capital catalá, onde malia ao pouco tempo sobresaíu como persoa culta, tanto é así que ata foi nomeado conselleiro do Instituto de Estudos Ilerdenses. O 30 de setembro seguinte (con efectos do 18) de 1949, é promovido á praza de Maxistrado de ascenso á vez que se destina á Audiencia Territorial de Oviedo. Na capital asturiana ofrécenlle unha axudantía na universidade, traballa no Instituto de Estudos Asturianos, cataloga o fondo do conde de la Vega del Sella que estaba na universidade, e é nomeado en 1951 Comisario Provincial de Escavacións Arqueolóxicas de Oviedo.

2. A conferencia de Buenos Aires: o comezo da fin

Co pretexto de que a súa muller, Emilia Álvarez Álvarez, tiña que arranxar certos asuntos familiares na Arxentina, quere tamén el visitar ese país no que nunca estivera, embarcando o matrimonio na compañía dun dos fillos os primeiros días de xuño de 1951, para o que solicita 30 días de licenza que, alegando motivos de saúde, pide outros tantos estando xa en Buenos Aires no Consulado General de España.

Aproveita a estancia para falar con veciños e amigos exiliados e intervir en actos culturais (Facultade de Letras da Universidade, Instituto de Antropología, Sociedad de Folklore, etc.).

O 25 de xullo imparte unha conferencia no vestíbulo do local social do Centro Gallego, dentro dos actos programados da "Semana Gallega", como membro fundador do Padroado Rosalía de Castro (fundado en 1947), á que pertencen os seguintes parágrafos:

Donas e señores:

Dando cumprimento a un mandado de iste Centro Galego de Buenos Aires, lumieira de Galiza nas terras austras, veño a saudar en Rosalía como símbolo a todol-os galegos do mundo.

Veño a saudar na nosa festa maior a todol-os fillos de Galicia que nos catro enderezos da Rosa dos Ventos precuran pol-o ben de ela nas Cencias e nas Artes; na Industria e na Economía; na Administración e mais no Insiño; no lírico e no práctico, na materia e no espírito, no grande e no pequeno...; aos sábeos e aos artistas; aos eruditos e aos mestres; aos homes das finanzas e aos gozosos poetas; as xentes que viven do limpo traballo nos campos e mares e aos santos que pregan por ela diante do Eterno no inmenso dos Ceos.

E saúdo aos que son e aos que foron.

Aos que son. Ou sexa que teñen a dita de n-ela viviren e a aqueles outros ditosos tamén ca esperanza de achar seu acougo no colo materno que andan esparexidos por praias alleas; aos que viñeron pol-o seu pé con ventura celta inquedanza e aos que o trebón da sorte axotou mar abaixo sin dor nin amparo.

Aos que foron. Ou sexa a aqueles que levaron na vida un dourado nome patente por sempre na laxe ferreña da humana memoria mentras a nosa Historia alente e mentras corra un nervo sensible da estirpe galaica, e a aqueles outros anónimos dos que apenas conserva lembranza

n-un feito grorioso calquera esquencida crónica, mais que souberon labrar fermosos minutos da Humanidade ¡Benia ti, ñoto ourive que batiche a couraza de Aníbal, que cantou Sillio Itálico! ¡Benia ti, vedraño da cohorte sicambra, que loitache por Roma nos desertos da Africal! ¡Louvora a ti, ribeirao, que buscache con Elcano e Cortés as entranas da virxen América!

Víctor a ti, escudeiro, que, en Asia, por socorrer a unha dona que subira ao monte sagro onde aunou El Señor, caíche da esquiva montana e chegache ao val feito anacos, como conta o viaxeiro Tafur! ¡Gloria a vos monxe bieito, cangado dos anos, que, ca armónica ás costas, tocando muiñeiras e cantando panxoliñas, alumeache ca luz evanxélica os abesedos dos bosques da Australia! ¡Salve ti, pedreiro novo, que depenicache con cinseles no cruceiro e no ousío da eirxa, e a ti moza, que dormes de adro baixo campá garrida dempois de deixarnos para o noso cancioeiro cen cántigas tristes, e a ti, rapaciño, que entoache n-outrora ledos cantos de maio coberto de fiúncho e de frores silvestres!

¡Grande día o de hoxe pra vos xuntar en paz a todos ao pé de Rosalía! Porque Rosalía é o símbolo perenne de Galicia que canta os seus sonos de acotío e chora as súas dóres de todo tempo. Vinde, pois, todos axiña, vivos e mortos, corpos e somas insoslaibres, a danzar cos vosos espíritos diante de Rosalía como diante da Arca da Alianza dos galegos sin distingos, sin pasión que os arreden, sin retesías, nin acedumes fraternas...

De seguido fai un percorrido pola existencia da nosa poetisa, ata os últimos dous parágrafos:

Breve e sin lances foi a súa vida; mais ela abrangue os mais lonxicuos hourizontes da Pátria. Rosalía é a lembranza mística onde a Raza comulga o amor ou a dor de cada día. En ela converxen as saudades dos ausentes, os recordos dos emigrados formándolle un arco de néboa que axigante e sube, sube hasta que Santiago Zebedeo, o Patrón noso, o peleriño como cada un de nós, recolle esa brétema nas gándaras estelares e formando baraza ca fita de estrelas do seu nome levaranos por ise camiño a todos os que morramos co anseio da patria lonxana a dormir n-ela, no seo de Galicia, arrolados a carón do seu corpo apostólico pol-a terra nai.

E agora... pechade connigo os ollos mortaes e imos todos, ben abertos os ollos do espírito, alí onde eu veño. Ven a vedes, a Galicia, firme e serea, como onte, como mañán, como sempre. Leva, si queredes, mais loito no pardo mantelo...; ten mais vidrados os ollos, de seu pensatibres; unha bágoa agachada baixa pol-a branca meixela, pro inda ten forzas pra arrandear os berces dos novos fillos, pra acariñar os novos fogares ca man verdegada dos campos vizosos, pra dar consolo a tantas nais que alá vos choran, pra badalar tal festa como hoxe nas campanas das parroquias todas presididas polo grave esquiñón de Compostela, e pra repinicar tolamente na grande alborada que ten de vir na hora xusta e xigante da Historia⁹.

⁹A conferencia completa publicouse na revista Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, núm. 460, agosto, 1951. Foi reproducida en "Fermin Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxis-trado. Expediente 153/1951", no libro *Fermin Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Pontevedra, 2011, pp. 52-56.

A conferencia non gustou ao embaixador de España, o pro-nazi Emilio de Navasqüés¹⁰, e máis aínda por ser no “Centro Gallego”, claramente antifranquista, e non na “Casa de Galicia” afecta ao ditador, alegando que no acto non estaba a bandeira de España e si as de Arxentina e Galicia, polo que o conselleiro de cultura da embaixada pediulle ao noso Maxistrado que na seguinte conferencia, que foi na Facultade de Filosofía e Letras e que versou sobre “Galicia como factor del folklore americano”, fixese unha rectificación pública por ter participado na *mojiganga puesta en escena por el “Centro Gallego” de esta capital*.

A embaixada remitiu o informe ao Ministro de Xustiza, que inmediatamente solicitou máis elementos verbo da actuación de Bouza Brey que permitisen adoptar as resolucións oportunas, ao que responde o 8 de novembro afirmando que non tiña nada que engadir ao último despacho, pero que *en cuanto a su actuación en medios españoles, ya he señalado que concurrió a celebraciones públicas cuyo carácter antinacional no podía ocultársele porque era patente y notorio a los ojos de todos. Pronunció una conferencia en un acto, en el que junto a la bandera argentina aparecía la llamada “gallega”, y en el que la española estaba conspicuamente ausente, e que preguntado por el Doctor Ara*

¹⁰IRUJO, J. M^a.: “Oro nazi bajo la manta del Gobierno de Franco”, El País, 16-III-1997, e “Los espías nazis en España”, *El Correodigital*, Aula de Cultura virtual, 17-II-2003; GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Fermín Bouza Brey e Emilio de Navasqüés”, *Alameda*, 33, Noia, 2009, e “Emilio de Navasqüés, un personaxe funesto para Galicia”, *La Voz de Galicia* (supl. “A Voz de Barbantía”), 28-V-2010. A Asociación para a Memoria Histórica solicitou que o colexio público do Cruceiro de Roo (Outes – A Coruña) deixe de chamarse “Emilio de Navasqüés”, e tamén que se retire do mesmo a placa dedicada a Franco: *En reconocimiento al Gobierno del Caudillo y a La Unión de Residentes en Outes en Buenos Aires*, 1953.

porqué no se ausentó al verlo, este digno magistrado español contestó que “eso no podía hacerlo”. No se trata, por tanto, de actos concretos de extrema gravedad, sino más bien de un estado de espíritu de, cuando menos, tibieza nacional, elocuentamente reflejado en acciones y omisiones.

3. O expediente 153/1951: a expulsión da maxistratura

O 26 de novembro de 1951, o secretario xeral do Tribunal Supremo acusa recibo do despacho confidencial do embaixador e ordena que se pase ao inspector Nombela Gallardo, iniciándose así o expediente 153/1951 que concluiría pouco máis de tres anos despois coa súa expulsión da maxistratura. O extravío, sen dúbida interesado, da case totalidade da documentación do devandito auto, privanos agora de saber como se foi desenvolvendo o proceso e tamén de coñecer os cargos e as testemuñas que interviñeron no mesmo.

O 10 de xaneiro de 1952, o presidente do Tribunal Supremo remitiu ao Ministro de Xustiza o informe do inspector, baseado no despacho do embaixador e nun informe do presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, no que ademais das súas actividades culturais en terras arxentinas e, en particular, *haber sido destacado actor de la mojiganga puesta en escena por el Centro Gallego de la Argentina con ocasión de un homenaje a la poetisa gallega Rosalía de Castro, así como haber adoptado actitudes y maneras poco en consonancia con las que son exigidas a un Magistrado del Estado Español, por primeira vez alúdese na documentación á súa suposta homosexualidade: se procuró, inves-*

tigar profundamente el carácter, los modos y formación de este Magistrado que pudieran en su día ser elementos valiosos para justipreciar con exactitud la conducta que se iba a juzgar, y al hacerlo se vió dolorosamente sorprendida esta Inspección Delegada al recibir informe del Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial de Oviedo en el que se alude a un supuesto vicio de homosexualismo atribuído a dicho Magistrado durante su permanencia y destino en la Audiencia Provincial de Pontevedra.

O inmediato día 18 é suspendido provisionalmente das funcións de maxistrado, constando no informe que o inspector lle envía ao Ministro de Xustiza que o expediente disciplinario é por *supuestas irregularidades de conducta pública y privada*, determinación que aproba decontado o 31.

Segundo expón o denunciado nas súplicas que dirixe ao Ministro de Xustiza e ao Xefe do Estado, os cargos que se lle imputaban eran os seguintes:

- a) Pola súa actuación en América.
- b) Por transcurso de prazo posesorio (segundo parece tiña que se reintegrar ao cargo antes e non o fixo ata o 12 de novembro).
- c) Por cuestión ou pensamento político (nos informes confidenciais acúsase de galeguista, simpaticante coas esquerdas, e ata de que *publicó una obra editada en esa Capital encomiástica del Frente Popular*, segundo denuncia o falanxista Manuel Paseiro en 1940).

d) Por conduta inmoral (*se alude a un supuesto vicio de homosexualidad atribuído a dicho Magistrado*, acusación que aparece por primeira vez documentada en 1952 no informe do inspector por información facilitada dende Pontevedra).

Como queda dito, o 31 de xaneiro de 1952 foi suspendido provisionalmente das funcións de maxistrado, e na mesma data do devandito mes pero de 1955, xusto tres anos despois, o presidente do Tribunal Supremo trasladáballe ao Ministro de Xustiza, o carlista Antonio Iturmendi Bañales¹¹, o acordo tomado pola Sala de Goberno do Tribunal Supremo, constituída en Sala de Xustiza, que *en su sesión de 10 de diciembre p. pdo., y a los efectos que con relación a la resolución definitiva procediere, tengo el honor de elevar a V.E. el adjunto expediente del número del margen, instruido por la Inspección Central de Tribunales por irregularidades de conducta contra el Magistrado con destino en la Audiencia Territorial de Oviedo Don Fermín Bouza Brey, y en cuyo expediente dicha sala de Justicia ha informado en el sentido de la separación de la Carrera Judicial de dicho funcionario.*

O 11 de marzo de 1955 o ditador Francisco Franco asinaba a destitución do noso maxistrado, a proposta do Ministro de Xustiza e previa deliberación do Consello de Ministros: *Vengo en acordar la destitución del cargo de Magistrado de ascenso, de DON FERMÍN BOUZA BREY Y TRILLO, que sirve su*

¹¹Finou en 1976 e ao ano seguinte o rei Juan Carlos I creou o título Conde de Iturmendi para honrar a memoria *del que fue presidente de las Cortes y del Consejo del Reino... leal servidor de la Nación y constante defensor de la Institución Monárquica* (Real Decreto 24/1977, do 5 de xaneiro).

cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, quien causará baja definitiva en el Escalafón de la Carrera Judicial.- Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid, a once de Marzo de mil novecientos ciento y cinco. F. Franco.

Faltábanlle 20 días para cumprir 54 anos. En adiante, ata o pasamento acaecido o 11 de xuño de 1973, dedicaríase ao seu bufete de avogado en Santiago de Compostela, e, sobre todo, a investigar e a traballar en prol da nosa cultura, a súa defensa e difusión, como viña facendo dende os anos mozos de universitario cando xunto con outros compañeiros fundan o Seminario de Estudos Galegos, motivo principal polo que se lle incoa o expediente 153/1951, de tan tráxicas consecuencias para súa vida.

VI. BIBLIOGRAFÍA

a) Fontes documentais

- ARCHIVO HISTÓRICO DE ASTURIAS, Oviedo: Tribunal Superior de Justicia de Asturias – Audiencia Territorial de Oviedo: Expedientes de magistrados; Informes reservados de magistrados.
- MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, Madrid: Dirección General de Relaciones Culturales: Bouza-Brey, Fermín.
- MINISTERIO DE JUSTICIA, Madrid: Archivo General: Expedientes personales (Bouza-Brey, Fermín); Cruz de San Raimundo de Peñafort (Bouza-Brey, Fermín).

• MUSEO DO POBO GALEGO, Santiago de Compostela: Fondo “Fermín Bouza-Brey”.

• TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, A Coruña: Arquivo Xeral: Audiencia Territorial da Coruña, Expedientes de maxistrados: Bouza-Brey, Fermín.

b) Publicacións

DASILVA FERNÁNDEZ, X. M. / GONZÁLEZ PÉREZ, C. / ACUÑA CASTROVIEJO, F.: *Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia, 1992.

Fermín Bouza-Brey, 1901-1973. Unha fotobiografía, Ed. Xerais, Vigo, 1992.

Fermín Bouza Brey. Un xuíz de lei, Fundación Lois Peña Novo, Pío García Edicións, Vigo, 2008.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Bouza Brey: Aproximación bibliográfica”, *Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia, 1992.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: / PALMOU LORENZO, X. / SOBRIÑO PÉREZ, A.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.

PALMOU LORENZO, J.: “Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2010.



Ollos de Lene Luar

Henrique Harguindey Banet

*Dous amores a vida
gardar me fai:
a patria e o que adoro
no meu fogar.
A familia e a terra
onde nacín,
sen eses dous amores
non sei vivir!
Cando xa no meu peito
non sinta amor,
cando da miña terra
non vexa o sol,
ven, morte, ven axiña
cabo de min,
que sen amor nin patria
non sei vivir!*

Salvador Golpe (1850-1909)

Hai poucos anos, en 2010, asistindo a un acto en lembranza de don Francisco Fernández del Riego, que acababa de falecer, súa irmá dona Ana María evocou o sentimento galeguista familiar e recitou os saudosos versos de Salvador Golpe musicados por Xosé Baldomir na conmovente canción *Meus Amores*.

Un arreguizo percorreume o corpo todo levándome á miña infancia ; esa era unha das cancións que miña nai nos cantaba de nenos.

Meus pais, que criaron en Lugo os fillos e fillas con agarimo e bondade, falaban sempre en castelán, fóra circunstancias

extraordinarias de pauta diglósica. Con todo, na Galiza da posguerra civil sementaban -se cadra inconscientemente- o aprezo pola lingua a través de distintos mecanismos : por exemplo, utilizando, para os seus fillos nomes familiares de base galega como Pilocho, Gerucho, Quirriño, ou empregando léxico, flexións verbais e construcións sintácticas autóctonas. Era ese « castelán de Galicia », tan particular e tan falado en todo o país, no que hibridaban a lingua importada, a oficial, e a propia, a popular e maioritaria.

O que xa non debía ser tan frecuente é que as nais lles cantasen aos cativos cancións galegas de contido patriótico, coma a devandita *Meus Amores*.

Dentro do sorprendente repertorio da miña -que podía incluír un cuplé como *¿Donde se mete la chica del diecisiete?*, un himno relixioso como *Fundador sois, Ignacio, y general* ou o estarrecedor *Soy el novio de la Muerte*- meu irmán Xosé Miguel e mais eu gustabamos particularmente de *Casta dos celtas*; ela, tras insitirmos nós en que a cantase, accedía :

*Casta dos celtas, esperta axiña!
Ergue do fango da escravitú!
Teus doces laios, patria da ialma,
enchen o mundo de norte a sur.
Do teu pasado, bendita terra,
nai amorosa da miña nai,
creba as cadeas que te asoballan
e cingue a croa da libertá!
Cantai gallegos, o himno xigante*

*dos pobos libres, dos pobos grandes!
Cantai, gallegos, a idea santa
pola independencia da nosa patria!*

*Os de Castilla son castellanos
os de Galicia gallegos son,
pero non somos, como españoles:
nin amos eles, nin servos nós!
Das costas bravas do Finisterre
astra as douradas beiras do Sil,
ruxen os berros de guerra e morte
contra os tiranos do meu país.
Cantai gallegos, o himno xigante
dos pobos libres, dos pobos grandes!
Cantai, gallegos, a idea santa
pola independencia da nosa patria!*

E ao rematar, con ollos pícaros e sorrir cómplice, advertíanos: «*Chiss! Esto no se puede cantar! Es el himno separatista gallego!*»

Pilar Banet -víase sen que o dixera- estaba orgullosa de seu pai, «*un dos fundadores da Academia Galega*» como nos contaba, e transmitía á súa descendencia os valores que ela mesma recibira.

Mais non foi senón ata o momento en que, á morte de meu pai, nos trasladamos á Coruña, a vivir na casa de meu avó, que meu irmán e mais eu (con 16 e 14 anos) tivemos ocasión de tratalo, cando el xa andaba perto dos noventa. Cómpre que até ese momento, o ano 1960, faga unha pequena lembranza da súa vida.

Manuel Banet Fontenla nace o 30 de maio de 1871 na Coruña, na rúa Rego de Auga, nunha casa que daquela tiña o mar pola súa fachada traseira. Seu pai, capitán da Mariña Mercante tamén nado na Coruña, era de familia santiaguesa de orixe foránea, chegada a Compostela no século XVIII. Fose o apelido Banet de orixe rosellonesa, piemontesa ou da rexión do Lago de Como, o que parece establecido é que o primeiro Banet instalado en Compostela foi Xoán Bautista Banet e Tanini, decorador que fixo traballos na catedral e outros edificios da cidade. Por parte materna -os Fontenla, coruñeses de orixe pontevedresa- abundaban os médicos e xuristas de sona.

Tras unha infancia feliz na Coruña, Manuel estuda en Santiago a carreira de Dereito -seis cursos que el fai en cinco- e remata con sobresaínte en todas as materias a excepción de unha. Para lle facer esquecer o desgusto causado por esa cualificación «desfavorábel» seu pai mándarao no vran de 1889 a París onde durante mes e medio visitara a Exposición Universal, subira á recién construída Torre Eiffel e fixera excursións a Versalles, Sèvres e outras localidades.

Rematada a licenciatura fai en Madrid o doutoramento -tamén coas mellores notas- e en xullo de 1893 é un flamante Doutor en Dereito.

A estada en Madrid confirma o sentimento galeguista que xa fora agromando anteriormente en Compostela. Vexamos como o propio Banet Fontenla evoca esta toma de conciencia nunhas súas breves e inconclusas memorias¹:

¹Adaptamos, tanto neste documentos como nos artigos que reproducimos, a lingua do orixinal á actual normativa.

A miña estadía en Madrid servíume de pouco, pero deume vagar para me decatara ben axiña da podrencia centralista : alí o ideal era o asalto ao Orzamento do Estado, e aínda se sentía chamar « gallego » a quen se lle estimase calquera torpeza. Que diferente era o ambiente centralista do das nosas vidas ! Daquela publicábase en Santiago un semanario que se chamaba A Patria Galega, e alí estaban Murguía, o mestre do Rexionalismo Alfredo Brañas e unha moza de homes e rapaces que matinaban todo en galego. Alí presenciábase como a estudiantina, á fronte da que estaba o malogrado Carmelo Castiñeira Antelo, e outros cen, repartíanse como se fose pan bento as flores murchas que había no féretro de Rosalía cando as súas cinzas foron levadas de Iria Flavia á capela de San Domingos, en Santiago. Aqueles días foron unha inenarrable epopea de Galeguidade.

E cando eu estaba en Madrid, estaban a Coruña e outras vilas galegas en aberta oposición ao Goberno por ter acordado este a supresión da Capitanía Xeral de Galicia. Foi aquilo un forte estremecemento do pobo galego, e non pasou de aí polo capeo dos políticos, caciques sempre e beneméritos do centralismo.

Rematada tan brillantemente a carreira, Manuel Banet establécese de avogado na Coruña, mais non se pecha no seu traballo senón que efectúa unha intensa actividade facendo constantes excursións e percorridos polo hínterland coruñés, no que, con grupos de amigos, se

desprazaba a pé, a cabalo ou en tren. Nesa época faise asiduo do grupo da Cova Céltica, o grupo de escritores e galeguistas que se reunía na librería de Carré Aldao. Vexamos como el os evoca:

Fun asistente asiduo á Cova Céltica dende que Uxío Carré a trasladou para a rúa Real, onde con el xuntábase unha enxebre tertulia : Murguía, Pondal, Martínez Salazar, Rodríguez González, Tettamancy Salinas, Marcial de la Iglesia, os Vaamonde Lores, Martelo Paumán, Lugrís Freire, Salvador Golpe, Indalecio Lenzano e tantos outros que por aquel tempo deitaban a impronta do seu enxeño e o seu amor a Galicia, e onde semellaba tal como se o latexo dos seus corazóns fose un só.



As vivencias, lecturas e amizades do avogado mozo van forxando o seu ideario e a súa cosmovisión, na que destaca o papel fulcral do campesiñado, como salienta este parágrafo, continuación do anterior:

Dende este polo da Galeguidade arribei a outro, con ser máis perto, descoñecido para moitos [...] as estadias nas aldeas que foron para min o polo verdadeiro, porque alí atopei o sentir nativo da Galeguidade. As nosas xentes da campía e da montaña, que foron participantes na cultura dos señores, quedaron sen dirección polo absentismo destes e cairon máis doadamente, en troques do agarimo da irmandade, nas garras dos caciques de todos os tempos que se crían no ambiente vilego ; e non embargantes foron eles, os das campías e os da montaña, quen conservaron no seu seo defendéndoo valentemente dos ataques da desgaleguización da que sempre os rodearon os elementos políticos axudados nas greas caciquís que polo xeral foron quen en realidade tiveron man dos cataclismos nos artefactos. Nisto estiveron sempre uns e outros en bandos distintos e opostos.. E, ao me facer cargo do desvío que nas xentes vilegas se ven tendo encol da xente rural, con fonda dor e como por instinto, preferín sempre á fina galeguidade dun valioso escritor galego que fala arreo castelán, quizais simulando o acento cortesano, a forte, nativa e esgrevia galeguidade dos que polo seu traballo están decote xunguidos á terra, sen afeites nin elucubracións. [...] E cheguei incluso a estimar como verdadeiros casos de conciencia todas as actividades tendentes á desgaleguización, na catequese, no ensino, no trato altivo das xentes que [...] falan castelán aos galegos que quizais ás vegadas saben ambas as dúas falas, e así procurei falar galego [...] e moitas veces tería gostoso prescindido da incomprensíbel pragmática dos Reis Católicos que obrigaron a dar todos os instrumentos públicos na fala de Castela.

Un bo feixe de integrantes da Cova Céltica crea a Liga Galega, que o 4 de xaneiro de 1898 escolle a súa primeira directiva, Banet Fontenla será o vicepresidente. Tres días antes, polo San Manuel, o grupo de amigos agasállao cun caderniño de poemas feitos para a ocasión ; son eles Galo Salinas, Eladio Rodríguez, Florencio Vaamonde, Euxenio Carré, Enrique Carré, Avelino Barbeito, Francisco Tettamancy, Evaristo Martelo, Manuel Lugrís Freire e Marcial de la Iglesia. O aprezzo e a alta valoración do seu compañeiro mozo é patente nos versos de todos eles, mais é na pluma de Lugrís onde chega ao cénit no poema que lle adica:

A Manuel Banet Fontenla

*Teño a ialma magoadada
de soedades
e na lira n'atopo
ledos cantares
desde que penso
que hei de saír pra sempre
do chan galego.*

*Cando me atope lonxe
da patria nosa
poderei quitar da ialma
as mágoas fondas
co'estas noticias:
- « Redimiuse, xa é libre
a patria miña... »*

*- « Banet é xa ministro
na súa Terra;*

*cunha nena casouse
moi feiticeira;
ten unha filla
co nome doce e ledo
de Carmeliña.»*



En 1899 Manuel Banet leva oposicións a Notarías gañando a praza de Monforte e casa con aquela «nena moi feiticeira», Carme Diaz-Varela Otero -natural de Navín (Quiroga) e con casa familiar en Rosende (Sober)- coa que residirá den-

de 1901 en Monforte. Alá nacerán a maioría dos seus once fillos: Manoel, Carme, Xosé-María, Lois, Pilara, Fernando, María, Enrique, Emilia, Elvira e Carlos Banet Díaz-Varela. Ese longo período monfortino de trinta anos será sen dúbida o máis feliz e frutífero da súa vida.

Porén, non perde o contacto cos seus amigos galeguistas da Coruña e colabora con eles no nacemento da Academia Galega, da que foi académico de número dende a fundación, en 1906, ata o falecemento del, en 1962. Como anécdota cómpre resaltar que Banet Fontenla foi quen, na sesión inaugural, leu o discurso do Presidente, Manuel Murguía.

Dende Monforte e materializando as súas arelas na constitución de plataformas colectivas, Banet proxecta a súa actividade infatigábel a toda Galiza, Primeiro, a partir de 1907 e dentro do abalo que supón no país o movemento agrario, únese á *Solidaridade Galega* de Rodrigo Sanz, Manuel Lugrís e outros nunha intensa acción organizativa e propagandística. En Monforte celébranse tres importantes asembleas agrarias en 1908, 1910 e 1911.

En 1916 ten lugar un dos máis importantes fitos da historia política galega: a creación das *Irmandades da Fala*. A partir do chamamento efectuado por Antón Villar Ponte na publicación *Nacionalismo gallego* agroma por todo o país unha floración de irmandades locais: A Coruña, Santiago, Pontevedra, Ourense, Vilalba, Ferrol, Betanzos e moitas outras. A de Monforte é unha das primeiras en se constituír e será unha das máis activas; o seu presidente: Banet Fontenla.

Banet recibe en Monforte, en setembro de 1917, o grupo de persoas da *Lliga Catalana* (Cambó, Puig i Cadafalch, Morera i Galicia, Rahola etc) que viaxan ao noso país para consolidaren os contactos; con eles comparte mitín monfortino e acompañaos á Coruña onde tamén intervén nos actos celebrados. Igualmente formará parte do grupo galego (Rodrigo Sanz, Peña Novo, Lois Porteiro, Antonio e Ramón Villar Ponte e outros) que devolve a visita viaxando a Cataluña.

En 1918 participa activamente na 1ª Asemblea Nacionalista de Lugo e a súa actividade galeguista polas Terras de Lemos e polo país enteiro é incesante. Durante anos, e dende o seu primeiro número, escribirá no órgano da Irmandades, *A Nosa Terra* artigos dos que este parágrafo dá moi ben o ton:

Contra da noxenta política centralista, por quen queira que sexa representada, imponse a política nacionalista, a que encarna na liberdade dos pobos; contra do uniformismo centralista, a variedade que é suprema lei de existencia; contra do patrioteirismo latricón e paroleiro, de cuño século XIX, o patriotismo san, século XX, que acucia o desenvolvemento da potencialidade moral e económica das rexións, non a vida ficticia que do centro queiran dar senón a vida real e intensificada en todas as rexións seguindo a súa especial maneira de ser.

Cómpre moito, pois, que a opinión galega, concentrándose, como se dixeramos, sobre de si mesma e

seguindo o camiño que os nacionalistas abriron, se resolva a se manifestar e se imponha a eito para rematar por sempre a farándula política, desbotando lonxe todo aquilo que na súa actuación non camiñe á par dos nosos intereses, da nosa espiritualidade, da suprema esixencia da afirmación da nosa persoalidade colectiva como pobo consciente dos seus deberes e tamén dos seus dereitos. E cómpre, asemade, decatármonos que así chegaremos lexitimamente a sermos cidadáns dun pobo libre e progresivo, non lixado pola sórdida servidume caciquil que o deshonora nen atusado polo absurdo centralismo que o esquilma e afoga.

(« *Pola dignidade cidadá* », *A Nosa Terra*, nº 92, 1919)

A etapa monfortina da familia Banet Díaz-Varela finda en 1930 ao se trasladar o pai como notario a Santiago.

Instalado en Compostela, incorpórase axiña á actividade galeguista local, formando parte dende os primeiros meses de 1931 da *Agrupación Nazonalista de Santiago*, e converxendo logo, no mes de decembro, na creación do Partido Galeguista, do que será membro do Consello Executivo. Banet Fontenla é un referente, unha figura que representa a pervivencia dos combates da galeguidade ao longo do tempo. É ben revelador o feito de que no listado dos afiliados ao partido el ocupe o número dous, entre Lugrís -número un- e Castelao, número tres.

En decembro de 1932 celébrase en Santiago a importantísima Asemblea de Concellos de Galiza que elabora o primei-

ro texto de Estatuto de Autonomía. Banet, na súa calidade de notario levanta a acta das sesións.



En 1933 publica na editorial Nós o folleto *A prol do Estatuto*. A el pertence este anaco:

Feito e aprobado o Estatuto pola maioría dos concellos galegos, polos trámites e co senso democrático que a Constitución da República presupón e require, en vigor o decreto no que se reconece a persoalidade da Galiza e se regula o referendum plebiscitario daquel, restando só a actuación cidadá das urnas, non hai xa posibilidade de variamento ningún.

O triunfo do plebiscito, a autodeterminación da Galiza para se constituír como pobo libre e consciente

da súa forza e do seu dereito e dos seus destinos no mundo, segundo a Constitución permite, é o camiño só para ela da verdadeira democracia; e porén é primordial obriga de cidadanía para todos os galegos o lle render ao Estatuto que se vai plebiscitar o seu voto favorábel. A este Estatuto – fixamente- que é o único que temos, que foi feito e aprobado pola inxente maioría dos concellos galegos [...] e que foi labor democrático do pensamento e da vontade galega de arestora e non obra nin duns nin doutros, nin de dereitas nin de esquerdas nin de partidismos de ningunha clase. Labor galego, feito para servir os máis altos intereses da nosa Galiza, a súa saúde e a súa redención, do xeito só como se podía facer, polos trámites constitucionais. Falouse recentemente dunha xuntanza ou asemblea para decidir se a Galiza vai ou non, en cabo, á Autonomía; pero: quen se pode considerar con dereito ou con facultades para semellante emprego? Como se tería de desbotar o que está ben e legalmente feito, esborrallando o que os concellos fixaron e condenando a Galiza a unha máis longa espera no intre que non se fixese outro Estatuto, que en nada esencial tería de se diferenciar deste? Ou é que xa hai autonomistas que admiten a posibilidade de non termos autonomía? Non, tal cousa non pode ser, este estatuto tardará máis ou menos en ser plebiscitado, pero ten que selo porque a Galiza toda quere e necesita a autonomía, e o camiño andado non se pode desandar sen desdouro e sen prexuízo dela. Hai algunha dificultade? Pois non furtala senón ollala fite a fite e removelas como queira que sexa. Cómpre irmos ao plebiscito tan axiña se poida, co espírito ergueito. O triunfo é descontado.

Unha triste circunstancia virá ensombrecer a súa vida en 1934: o falecemento da súa querida esposa, Carme Diaz-Varela.

†
ROGADE A DEUS EN CARIDADE
POLA ALMA DA SEÑORA
DOÑA CARME DIAZ-VARELA E OTERO
QUE FALECEU O DOUS DE FEBREIRO DO ANO 1934

R. I. P.

Seu esposo Manuel Banet Fontenla, fillos Manuel, Carme, Xosé-María, Lois, Pilara, Fernando, María, Enrique, Emilia, Elvira e Carlos Banet Diaz-Varela xerros; Miguel Alcón, Xerardo Harquindey e Carme López de Bejo irmáns; Benito, Ramón, Xosé e Xulia irmáns políticos, netas, sobriños, curmáns e demais parentes

*Érdáq moito de o agrade-
ceren.*

PREGARIA

Señor, Deus, que nos deixaste a sinal da tua Paixón na sámana Santa na que foi envolto teu corpo santísimo cando por Xosé fuches baixado da Cruz, concédenos, oh piedosísimo Señor, que pol-a tua morte e sepultura sexa levada a alma da tua serva Carme, á Gloria da Resurrección, onde vives e reinas con Deus Padre, en unidade do Espírito Santo, Deus por todos-os séculos dos séculos. Amen.

VIA CRUCIS
OFRECIMENTO

Foi por min, pecador, que Ti, meu Deus! seguistes o dórosísimo camiño do Calvario, onde morrestes na Cruz. Concédeme de me, arrependido e contrito, lembrar agora a tua paixón e morte, co a firme vontade de non tornare endexamais pecar. Amen.

1.ª Estación.—Xesús e condenado a morte.
Meu bon Xesús, teu silencio depréndeme a leval-as contrariedades con paciencia. Padre noso, Avemaría e Gloria.

2.ª Estación.—Xesús co a Cruz ás costas.
Esta Cruz, meu Xesús, debere de seré miña: meus pecados crucificáronte. Padre noso, Avemaría e Gloria.

3.ª Estación.—Xesús coí pol o primeira ves.
Por esta primeira caída, prégo-te, meu Xesús, de me non deixar caire en pecado mortal. Padre noso, Avemaría e Gloria.

4.ª Estación.—Encoñtranse Xesús e María.
Que ningún afecto tarreo me arrede, meu Deus, do camiño da Cruz. Padre noso, Avemaría e Gloria.

5.ª Estación.—O Cirineo axuda a Xesús.
Meu bon Xesús! que eu sosteña resnadamente toda a proba que sexa da tua vontade o me enviases. Padre noso, Avemaría e Gloria.

6.ª Estación.—A Verdádo limpa o resto do Señor.
Imprime, meu Deus! na miña alma, deica eu morrer, a lembranza do teu sufrimento por min. Padre noso, Avemaría e Gloria.

E outro esgazamento, o político, producirá en Banet unha nova dor en abril de 1936: en desacordo coa alianza no Frente Popular, abandona o seu benquerido Partido Galeguista.

A patria e o que adoro no meu fogar, [...] sen eses dous amores non sei vivir

A maiores, a barbarie fai tráxica irrupción na vida de toda a xente.

Malia todo haberá que tratar de seguir. Banet ten que facer moitos esforzos para conservar a súa seguranza e o seu traballo, mais hai unha familia.

Outros moitos homes e mulleres, amigos e coñecidos, alleos e distantes, perden moitísimo máis.

Entón, como se a mudanza de escenario puidese aliviar a súa fonda mágoa, decide trasladarse á terra feliz da infancia e a mocidade. En 1940, a súa notaría pasa á rúa Real, da Coruña.

Banet une os seus esforzos cos doutros vellos galeguistas da Academia (Habíaos! Os Otero Pedraio, Bouza Brei, Cuevillas e outros) para evitar que a institución desapareza arrasada polos que intentan destruír o ser diferenciado de Galiza e calquera cousa que cheire a Cultura e a Democracia. Unha fotografía propiedade da Academia Galega perpetúa eses instantes de loito, de medo e de desacougo; se a lembro ben, as brancas chaquetas de gala das autoridades falanxistas non tiraron aínda derriba as correaxes mortíferas, e o vello Banet, acurrunchado nun recanto, bota unha ollada de esguello, fuxidía e distante, aos xerarcas que Atila envía para se enseñorearen da nosa Alta Institución.

El responderá ao discurso de toma de posesión de Sebastián Martínez-Risco como académico de número, cubrirá ausencias dos titulares na Xunta Directiva, será a voz da Academia na celebración do seu cincuentenario, presidirá a ofrenda floral a Curros, os actos de homenaxe a Cabanillas... Pouca cousa se a valoramos dende hoxe, labor heroico se o enxergamos dentro da longa noite de pedra.

Por exemplo, ese cincuentenario da Academia,

Banet é designado pola institución para abrir o evento e dar o discurso inaugural. O único supervivente dos académicos fundadores fai –como esperaríamos del– unha louvanza acesa da Academia e das arelas dos Murguía, Curros, Carré Aldao, Pondal, Lugrís e demais impulsores, louvando o papel de Fontenla Leal e a emigración americana na súa creación, evoca expresamente –en calidade de académicos– figuras como os irmáns Villar Ponte e Castelao, e realiza unha afoutada defensa da nosa lingua e unha alusión ben concreta aos dereitos dos pobos:

A nosa Real Academia Galega é hoxe o meirande órgano cultural que para si mesma espontaneamente instituíu a propia Galiza, e coma cousa enteiramente nosa, cómprelle acadar para a súa laboura o rendido concurso de todos os galegos – os bos e xenerosos do bardo inmorredoiro- que lle non ha faltar, e a ela terán de virar todos a ollada, coma ao abrente, malia algúns que, enxordados polo bruído prepotente das inxerencias estatais que cobren estruturacións orgánicas naturais nadas da variedade do íntimo de cada pobo, as non deberan descoñecer nin agachar mais deixalas tornar as súas faces cara ao ceo sen redes que as entalar: Democracia verdadeira é a dos pobos, sen que a individual, a dos cidadáns, se non pode dar. E quen, por ningunha razón nin en ningures, ousara matinar de as lexítimas acucias dos pobos ir xamáis ferir unidades [debe saber que si fi-ren] as abafantes uniformidades mais non aquelas

unidades que son cerne de íntimas, recíprocas e leais afeccións, marcadas, para máis, coma co ferro, coa indelével impronta que deitou o decorrer dos séculos, a Historia.

Unha outra súa intervención será, coa aparente gabanza do bilingüismo, a reivindicación da lingua galega e a reclamación da reconstrución das Irmandades da Fala, algo que precisaba de moita valentía para ser expresado publicamente naquel tempo, maiormente ante os fociños dos esbirros do Réxime.

Temos, endemal, adoito un algo de barafunda idiomática polo uso da fala vernácula e da de Castela e polo recíproco influxo dunha sobor da outra, máis alporizado aínda na fonética que no léxico. Pero, con ser rexo e forte o pulo da lingua que o Estado impón coma súa, como oficial e única, non abonda, de certo, para esmagar a fala galega, a maternal, que dende nenos empregan -para expresar os íntimos sentires da súa alma e as ocurrencias todas da súa vida- millóns de irmáns nosos, moradores dos nativos eidos ou espaxados por toda a face da Terra e deica o cabo do mundo. A inxente grea galega é por necesidade bilingüe, mais o seu bilingüismo non vai agora de enriba para embaixo como acontece en Cataluña -onde dende o pagès deica a dona e o prócer, gabándose de falar a fala nativa, enxerguen todas as xentes no bloque máis axeitado e afervorado para a procura do melloramento cultural- senón que se manifesta aquí en bandas ou estratos sociais, máis ou menos des-

debuxados, nos que as xentes semellan escabildadas nun senso de arredamento unhas das outras, sen que así poida a Galiza se aproveitar do virtuosismo da comunión dos seus fillos na veneración desta fala que a todos debe xunquir como adoadado vencello para erguermos a nosa cultura autóctona. E a prol disto, nun espírito de alta e axeitada unidade, teríanse de plantear alén os nosos problemas privativos de toda orde, incluso económica, que xa non consinten adiantamento.

[...] Falan hoxe en galego as tres cuartas partes da poboación polo menos: desde logo os que moran na campía, os que viven do traballo do mar e unha chea de xentes das vilas que non deixan o galego por costume familiar ou por imperativo racial, ou aínda pola consciente fachenda de cumprir a obriga de conservaren e anovaren e perfeccionaren ese herdo dos nosos antergos, por eles esgazado do sermo vulgaris e transmitido a través das xeracións para que deviñese, como agora, no máis belido e escorreito dos idiomas neolatinos.

[...] Pero dáse, endemal, nas vilas, unha banda ou estrato de xentes de nacencia galega que poderían, polas súas preclaras cualidades e deberían por obriga coa Nai Terra, ser os primados, como se dixeramos, a aristocracia do pensamento e da cultura autóctona da Galiza, e non oustante arrédanse e semella nalgúns casos coma se temesen, ao falaren galego, como se os beizos se lles lixar. Quizais polo influxo

das ideas racionalistas, coidan que diante do estatismo teñen de se esborrallar e achanzar as organizacións e as estruturacións naturais dos pobos, así como se por riba delas abondase pasar o rebolo do centralismo uniformista que lles non deixar fitar ben a realidade. E non obran ben, porque non abonda o ser nado en Galiza senón que cómpre levar no íntimo o espírito da galeguidade.

Esta diversificación das xentes galegas polas falas que adoitan usar é, en verdade, lamentábel e tamén non pouco vergoñenta. Se unha fala pon de relance a existencia dun pobo coas súas características sicolóxicas, é indudábel tamén que a súa forteza ten de se manifestar no xeral e adoitado uso que dela fagan os seus naturais. Por mor disto a Nosa Terra axexa e require de todos os seus bos fillos o pór cada un da súa parte canto labor e esforzo cumprir para darmos ao Mundo enteiro tal probaa de comunión espiritual da alma galega na respeitosa veneración e uso da nosa fala.

[...] Polo que á Nosa Terra atinguir, imos tendo xa, se queremos, algúns medios de xeito para enfiar e cumprir a devandita finalidade. É un deles a actuación da Real Academia Galega. [...] E é o outro o labor da Irmandade da Fala, que xa viviu e inzou por toda a Terra e actuou nas vilas principais e deixou valioso rouso do seu rápido pero inxente labor [...] As irmandades cómpre que remanezan e tornen a actuar decote no emprego, do xeito que denantes o facían,

*encol da fala e da cultura galegas, e non cómpre si-
quera o matinar, senón que o seu labor ten que ser
enteiramente apolítico, arredado sempre de canto
puidese, directa ou indirectamente, atinguir á orga-
nización e funcionamento estatal.*

A longa cita foi imprescindíbel para deixarmos constancia dunhas palabras aínda plenas de actualidade. A intervención de Banet Fontenla foi soada e dou a medida do seu perenne compromiso coa Fala e coa Terra. Así o entenderon os irmáns Antón e Manuel Beiras -compañeiros outrora mozos no Partido Galeguista- que o felicitaron efusivamente. Así o entendeu tamén alguén que no nº 25 do *Galicia Emigrante* de Bos Aires escribiu unha crónica baixo o pseudónimo de Xoán Mazarico e que ao parecer é Isaac Díaz Pardo. O autor critica a inoperancia da Academia, comprendendo as dificultades externas da ditadura e louvando os esforzos dos galeguistas. Nomeadamente gaba a intervención de Banet, o único que falou en galego no actos:

*Logo falou o único numerario supervivinte dos fun-
dadores, o octoxenario avogado e escribán don Ma-
noel Banet Fontenla que, rexo e baril, de cote xuve-
nil, alzou a súa verba por riba de todos os presentes.
Botábase de menos que o escenario non fose, para
a voz varuda do que falaba, de pedra das canteiras
galegas nas que as verbas do vello petrucio resoa-
sen como era mester. Falou o mestre das tarefas que
cómpren á Academia, dos que con el compuxeron o
corpo consultivo hai medio século, do porvir, das ur-
xentes tarefas a realizarse e de moitas cousas máis*

*que terán que ser lidas cando se recollan na publi-
cación da Academia todos estes actos. Pero pódese
anticipar que a súa intervención foi magnífica, cal co-
rresponde a un dos que aman a Terra por enriba de
todo. A potente verba de Banet Fontenla, dita en bo
galego, tivo en vilo o auditorio cando valentemen-
te acusou ao poder central de manter esnaquizada
a Galiza en catro provincias artificiais, pretendendo
disolver os seus valores característicos, e outras cou-
sas... (Ao findar o señor Banet Fontenla, o Goberna-
dor Civil, que é de Murcia, fixo manifestación hostil
ao seu discurso crebando o máis elemental protoco-
lo e non aplaudíndolle).*

Banet foi home de acción e de fala, de intervención cálida e vibrante nas conferencias, mitíns e actos públicos que o fixeron percorrer incesantemente o país galego no espallamento dos seus ideais. Mais, aínda así, tivo tempo a deitar a súa palabra escrita en artigos aparecidos en diferentes publicacións, dende a *Revista Gallega* á *Nosa Terra* ou *Erte*.. ! pasando por *O Tío Marcos da Portela* ou as revistas da emigración cubana *Galicia* e máis *El Eco de Galicia*. Artigos e colaboracións de combate político e de reivindicación da patria e a lingua, da que recollía con interés lexicográfico termos en bisbarras recuadas. Tamén ás veces compuxo pequenas creacións literarias -as mais delas perdidas- como o relato en prosa *Os Xemeos*, a novela *As estivadas*, os versos de *O sino de Pinol* ou aqueloutros de circunstancia cos que agasallaba aos seus no xantar que reunía a familia polo San Manuel e nos que a palabra *dignidade* rimaba con *galeguedade*. Velaí, desta faceta, unha glosa que publica no libro de gravados ao linóleo de Xaime Prada , editado en 1927:

Pobo ou vila?

Ducia e media de lares, labregos os máis deles. Rueiros espidos, de xente que anda a traballar. Quinteiros e resíos onde empalleirar a herba e gardar o millote nos hórreos que remata a cruz. E alá, estremando os verdegantes arredores das leiras e as sombrizas fragas e os soutos de carballos e castiros, de freixos e pinabetes, inzando mestos pola chanzada e rubindo a aba do couto do nordés deica chegaren ao cimo, onde semellan xigantes na albisca de quen veña ao val.

Certo que o señor abade predica ás veces en castelán e que o escolante non fala galego nin o entende porque seica é catalán. Pero, digamos a verdade: abonda isto para ser un pobo?


Don Rufo, o que bota os emigrantes, coida que cómpre só chantar uns letreiriños cos nomes das rúas e traer axiña un posto de civís.

Mais, en troques, home de tanto tino coma é o sancristán dixo trasantonte: «Deixarse de alcumacións, que os pobos son de Castela, e a este noso lugar, se queredes aqueloutralo, chamádelle en galego, vila, Vila da Eirexa e non máis.».

Epílogo: Dous anos co meu avó

Vivín co meu avó dous anos, dende 1960 ata o momento en que finou, en setembro de 1962. Foron dous anos que deixaron en min unha fonda impronta.

Meu irmán Xosé Miguel e mais eu mergullabámonos extasiados na súa biblioteca, que abrangía case todo o pu-



blicado en galego entre 1880 e 1936. Dende os tempos da Cova Céltica e a Liga Gallega aos do Partido Galeguista, dende a Biblioteca Gallega de Martínez Salazar ás coleccións de Céltiga e Lar ou á editorial Nós, dende Pondal a Castelao.

Xosé Miguel e eu comezamos a falar en galego e escoitabamos en animada conversa as lembranzas do vello patrucio, a quen preguntabamos arreo, ávidos de coñecer a nosa Historia. Preguntas inxenuas e posicionadas:

-Avó: e non hai ninguén que estea agora a reconstruír o galeguismo?

-Si, ese rapaz de Vigo, Fernández del Riego.

Non erraba meu avó. Nin ao personalizar en del Riego a re-fundación do galeguismo baixo a ditadura de Franco (aínda que era un grupo e os galeguistas traballaban como nunha piña) nin ao lle chamar paternalmente “rapaz”, porque iso era unha persoa de apenas cincuenta anos para outra de noventa, máxime cando don Paco fora na infancia compañeiro de estudos dalgún dos seus fillos e coincidira despois, sendo un mozo, nos tempos e as angueiras composteláns.

Ademais das conversas, aínda tiña folgos abondo para facer paseos pola Coruña, onde o acompañei a pé, en trole ou en tranvía. E lémbreme cando en 1961 fun con el a uns actos da Asemblea Luso-Galaica que presidíu, e na que tiven o inmenso pracer de -por única ocasión- escoitar a verba fluída de don Ramón Otero Pedrayo .

Lembro de meu avó un rostro sereno, cordial e bondadoso, un sorrir afábel e uns ollos de lene luar. Se cadra a súa esperanza -que nunca morrera- no futuro da vella Galiza e do seu idioma atopaba un novo pulo.



A vizosa actividade de reafirmación galega que se producíu no país a partir do anos 1960 fixo xermolar o sementado por aqueles homes e mulleres que co seu esforzo e a súa vida pasaron a testemuña ás xeracións novas.

Manuel Banet Fontenla -coa modestia que o caracterizaba- diría que el non fixera nada e que fora un ninguén, mais os que coñecemos a súa vida e prezamos debidamente a dimensión do seu labor ben sabemos que foi persoeiro importante na Historia do noso país.

De Lei e de Xustiza é proclamalo.

Nota: Agradezo a colaboración e o alento para este traballo por parte de diferentes netas e netos, nomeadamente Pilar Banet López de Rego, e da miña cuñada Rosario Vidal Pérez -viúva de Xosé Miguel Harguindey Banet. Elas puxeron ao meu dispor diverso material que facilitou esta semblanza.



As Irmandades da Fala e nós
O panorama previo do século XIX

Xoaquín Monteagudo Romero

Como é sabido, no século XIX asistimos á nacionalización dos Estados, ao par da consolidación do liberalismo burgués e do desmantelamento da sociedade estamental do antigo réxime. A nova ideoloxía liberal concibe os Estados como expresión política das nación e a estas como unha noción vencellada coa soberanía do pobo, isto é, cunha concepción laica e tendencialmente democrática da orixe e leximitación do poder político.

Con base nese ideario vanse forxando as identidades nacionais a partir de tradicións étnico-culturais preexistentes e esas identidades son divulgadas e impostas por medio de dous aparellos ideolóxicos: un sistema educativo cada vegada máis extenso e intenso que aspira a chegar a todos os cidadáns; e unhas institucións da vida pública e da cultura divulgativa (medios de comunicación de masas, primeiro a prensa e logo o radio e a televisión). As culturas nacionais son elaboradas polas *intelligentsias* de cada país e transmitidas a través da imprenta e do sistema educativo. Primeiro, os escritores, e logo os intelectuais son as figuras socio-culturais que xorden a principios e a finais do século XIX e se converten en protagonistas da creación da cultura nacional.

A lingua é un elemento central desa cultura porque se considera a manifestación do espírito nacional e constitúe o medio de aculturación das xentes. Desencadéase a partir daí un proceso de uniformización lingüística que se expresa na estandarización das linguas e na imposición de idiomas estado-nacionais, e que produce procesos de asimilación a grande escala. Sen embargo, o pulo do nacionalismo

desde o albor do século XIX maniféstase en dúas correntes contrapostas: dunha banda, a tendencia dos vellos Estados saídos do antigo réxime a homoxeneizar a súa poboación; e a contraria, a de vellos pobos sen Estado a reivindicaren o dereito a un Estado propio.

Como regra xeral, os movementos de emerxencia nacional estiveron precedidos de reivindicacións lingüístico-culturais de xeito que a recuperación e o cultivo de linguas ata daquela sumerxidas apareceu como unha cuestión central. En España, un dos elementos esenciais dese proceso foi a elevación do castelán a idioma nacional (español) vencellado a un conxunto de procesos que constitúen a modernización e que se orientan no camiño da centralización lexitimada por unha ideoloxía nacional-española: establecemento dun aparello institucional uniformista (Estado e lexislación) sempre máis amplo e poderoso, que esixía entroutros mecanismos o emprego dunha única lingua de uso xeral.

II. A construción do Estado-nación e a politización da problemática lingüística. O despertar da consciencia lingüística en Galicia

Ao longo do século XIX sucedéronse en España as disposicións destinadas a artellar o aparello legal e a organización territorial dos poderes do Estado e das administracións, orientadas continuamente no sentido da centralización. Os alicerces botáronse no segundo e terceiro cuarto do século e o edificio afirmouse no derradeiro, en pleno período da Restauración: así en 1833, dividiuse o territorio do Estado en provincias (Javier de Burgos) e en 1834, as provincias en

partidos xudiciais; posteriormente ten lugar a codificación penal de 1848 e publícanse as leis Hipotecaria en 1861, a do Notariado en 1862, a de Rexistro civil, e a Municipal e a de Organización da administración de xustiza en 1870; continuase o fenómeno codificador coa aprobación en 1881 da Lei de axuízamento civil, en 1882 da Lei de axuízamento criminal, en 1885 do Código de comercio, e do Código civil e da Lei de bases de procedemento administrativo en 1889. En definitiva, a Restauración supuxo, a este nivel, a racionalización e modernización do Estado, da Administración e da orde xurídica do país, así como o robustecemento do poder central. Por outra parte, os avances na burocratización significaron un incremento notable do número de funcionarios públicos e unha maior mobilidade xeográfica destes.

Ao par de toso iso, contra o derradeiro tercio do século XIX comezan a aparecer as referencias explícitas ao castelán como única lingua admitida oficialmente nos documentos públicos: por exemplo, na Lei do Notariado (“Los instrumentos públicos se redactarán en lengua castellana y se escribirán con letra clara, sin abreviaturas y sin blancos”) ou na do Rexistro civil (“...cuando los documentos se hallen extendidos en idioma extranjero o en dialecto del país, se acompañará a los mismos su traducción al castellano...”).

En paralelo, nos cen anos que van desde aproximadamente 1840 a 1936, desenvólvese o proceso que conduciu á emerxencia do galego como lingua contemporánea, que se adoita dividir en varias etapas:

a) Un período de transición (ata 1840), que se caracteriza porque comeza a circulación de impresos en galego, con carácter esporádico e irregular, como simple transcripción da fala coloquial.

b) Un período de eclosión (1840 a 1879), cunha notable acumulación de erudición e reflexión lingüísticas, que manifestan unha notable mutación na consciencia lingüística dun sector importante da *intelligentsia* galeguista. Aparecen os primeiros textos literarios en galego con vocación de exemplaridade pero só se aspira a construír unha variedade literaria ou poética cultivada e a dignificar a imaxe do idioma e do país.

c) O período de emerxencia (1880 a 1915), durante o que se produce unha intensificación na produción do galego escrito con incursións en distintos xéneros poéticos e, de menor alcance, na prosa. Na década de 1880 é cando publican as súas principais obras os escritores do Rexurdimento (Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Murguía), comezan a proliferar as revistas en lingua galega e progresa o coñecemento e divulgación da literatura galego-medieval. En 1906, fúndase a Real Academia Galega.

d) Un período de modernización (de 1915 a 1936), no que xogan un papel protagonista as Irmandades da Fala e que se caracteriza porque tanto no plano da consciencia lingüística como no do cultivo do idioma maniféstase unha decidida vocación de lingua

nacional, completa e modernizada coas primeiras propostas programáticas de autonomía política de Galicia e de oficialidade do idioma. O cultivo da lingua consolídase tanto na prosa literaria como non literaria.

III. As Irmandades da Fala e a modernización da lingua

No período de modernización do idioma galego aparecen os aspectos propiamente políticos das reivindicacións lingüísticas e as organizacións políticas e sociais protagonizan a loita pola mellora do estatus da lingua galega. Entre 1916 e 1918 asístese en Galicia á xénese dun movemento e dunha ideoloxía, o nacionalismo galego, que supón a primeira manifestación político-ideolóxica do espertar da consciencia galega que abrollara confusamente no provincialismo e se manifestara con máis vigor no Rexurdimento. Deica 1916 o rexionalismo galego atópase sen medios para a actuación política e soamente se plasma públicamente na revista mensual “Estudios Gallegos” editada en Madrid por Aurelio Ribalta desde febreiro de 1915 a decembro de 1916.

Pola súa parte, A Nosa Terra da primeira época (1907-1908), boletín bilingüe da organización Solidaridad Gallega, ofrece un exemplo perfecto de cal era o cultivo do galego na época rexionalista: reducido a unha sección literaria na que é patente a predilección pola poesía e polo conto popular ou folclórico.

Por outra parte, o acto de constitución da Real Academia Galega, que tivo lugar na Coruña en setembro de 1906, é

un claro expoñente das limitacións do rexionalismo e do Rexurdimento. Como dí Alonso Montero, houbo alí versos en galego e prosa en castelán, poemas de exaltación máis ou menos retórica en galego, e discursos en castelán comprometidos radicalmente co idioma galego: a contradición entre a doutrina e os feitos non podía ser máis clara. Todo canto se escribiu nas décadas anteriores, desde os xogos frorais da Coruña de 1861, non servira para modificar no fundamental o esquema herdado: os discursos e a prosa eran en castelán e o galego quedaba para a declamación poética. Esa era a lóxica propia da mentalidade daquela época.

Pero desde o albor do século XX vanse consolidar no decorrer histórico da nosa lingua dúas liñas evolutivas que xa colleran forza no século anterior: o bilingüismo con diglosia esténdese socialmente producindo unha progresiva diminución das porcentaxes de persoas monolingües en galego e unha acusada desgaleguización idiomática pero, por outra parte, vaise consolidando do brazo dos movementos galeguista e nacionalista o discurso alternativo tendente á demanda de rehabilitación da lingua galega. Son dous efectos da modernización de Galicia aparentemente contradictorios porque a extensión e a elevación do nivel cultural das xentes, ao par que facilita a substitución lingüística tamén favorece que sexan máis numerosas as persoas que toman consciencia da necesidade de defender o status do galego.

Nese marco, rexístranse tres fases na evolución do galeguismo galego de entreguerras:

a) Unha inicial ou de constitución (1916 a 1923), na que aparecen os xérmolos de organización, prodúcese a elaboración ideolóxica e fíxase un programa político e cultural, cuxo protagonista son as Irmandades da Fala.

b) Outra intermedia (1924 a 1930), de letargo político forzado e de profundización cultural, durante a Ditadura de Primo de Rivera, cuxa organización máis significativa é o Seminario de Estudos Galegos. E

c) Finalmente, a de madurecemento (1931 a 1936) envorcada na actividade política e tronzada polo levantamento militar e a guerra civil, que protagoniza o Partido Galeguista.

IV. As reivindicacións lingüísticas das Irmandades da Fala (1916 a 1923)

A transición entre o vello rexionalismo de herdanza decimonónica e o nacionalismo emerxente prodúcese de 1916 a 1918: en xaneiro de 1916 aparece o libro Nacionalismo gallego de Vilar Ponte que marca o sinal de partida para a fundación da primeira Irmandade de Amigos da Fala na Coruña o 18 de maio do mesmo ano e para as que irán xurdindo posteriormente ao longo de 1916 en Santiago, Monforte, Pontevedra, Ourense e Vilalba. A finais de 1917 resuscita a cabeceira de A Nosa Terra como boletín monolingüe en galego, con periodicidade variable e que se constitúe en voceiro directo do galleguismo ata a súa clausura en 1936. O peso das Irmandades da Fala aumenta ao longo de 1917 e

1918 coa incorporación de núcleos de militantes de Ourense e Pontevedra nos que figuran Vicente Risco, Antón Losada, Castelao e Ramón Cabanillas. De principio as Irmandades aparecen con obxectivos exclusivamente culturais aínda que decontado tomarán tamén un carácter político.

O fito que marca ese salto cualitativo é a I Asemblea de Lugo (novembro de 1918) na que participan os principais persoeiros do movemento e da que sae un Manifesto que xa é un programa político de partido, no que se define a Galicia como unha nación para a que se reclama a autonomía, reivíndicase a oficialidade do galego e rexéitase expresamente o concepto de rexionalismo. Foi a primeira vez que a cuestión de oficialización da lingua se formulou en termos claros e públicos.

A atención programática a esa cuestión será constante nas asembleas das Irmandades: así na II, que se celebrou en Santiago en novembro de 1919, acórdase reclamar a implantación na Universidade de Santiago das cátedras de dereito, historia, e lingua e literaturas galegas (nesta ocasión é na que se decide conmemorar o Día de Galicia o 25 de xullo do ano seguinte). Entre os acordos tomados na III Asemblea en Vigo, figura o encargo a Vicente Risco de que elaborase un plan pedagóxico para o ensino galego, a reclamación de creación das Facultades de Filosofía e Letras e máis de Ciencias da Universidade de Santiago, e o establecemento dunha comisión que traballase pola “uniformidade do idioma”. Na IV asemblea de Monforte, en febreiro de 1922, decidiuse impulsar a elaboración dun dicionario galego, “unha intensa propaganda entre os mestres de escola, os cregos

e os centros de ensino, especialmente a Universidade, con arreglo ao plan pedagóxico” e esixírlles aos poderes públicos o dereito a redactar en galego os documentos notariais e que sexan galegos os funcionarios xudiciais.

En resumo, esta etapa de 1916 a 1923 representa un momento intensamente creativo no que, á parte de sentar os alicerces do edificio ideolóxico do nacionalismo de entreguerras, fúndase unha publicación periódica monolingüe (A Nosa Terra), politízase a cuestión lingüística ata o punto de que o uso do galego en actos políticos será o sinal que distinguía aos galeguistas, e imponse o emprego formal da lingua galega nos espazos de publicidade ata o de aquela reservados ao castelán (conferencias, xuntanzas asociativas, etc.) así como na prosa e nas actividades teatrais.

Nese período, grazas ás Irmandades da Fala e logo ao Seminario de Estudos Galegos, a lingua galega dá un paso cualitativo decisivo: xa non será só ou preferentemente un idioma literario senón que pasa a empregarse con naturalidade nos actos públicos, nos ensaios, nas actividades científicas e na prensa. E as reivindicacións idiomáticas non se cinxen á esfera escolar ou do ensino, senón que apelan ás administracións civís e de xustiza, e á igrexa.

V. Breves reflexións desde 2016

En resumo, no primeiro tercio do século XX o galego avanzara significativamente polo camiño da súa elaboración formal e da súa rehabilitación social, e a lingua que chegara a 1900 cun tímido renacemento literario, sumida nunha xe-

ralizada desconsideración e nun marco totalmente desventaxoso para ela, ía camiño de se converter en 1936 na lingua oficial de Galicia consolidándose grazas a un acelerado proceso de elaboración, como instrumento normal para calquera expresión literaria, o ensaio, a prensa escrita ou a oratoria académica e política. O estatuto de 1936 abríalle as portas para unha futura integración nas administracións públicas e de xustiza, e no ensino. Os niveis de monolingüismo en galego daquela permitían ser optimistas de cara á reversión do lento proceso de abandono que se puxera en marcha desde o final da Idade Media e que se avivara nos principios do século XX coa mobilidade social e a desruralización.

Pero a guerra civil española coutou todas esas expectativas e, á parte da catástrofe política, social e cultural que supuxo, trouxo como consecuencia unha “longa noite de pedra” de catro décadas para o noso idioma. Aínda que este non sexa o lugar nin a ocasión adecuados para entrarmos con detalle nas consecuencias para o galego da guerra civil e da ditadura franquista, convén salientar que o éxito da sublevación contra a legalidade democrática significou que o galego non tivo ocasión de estrearse como lingua xurídica e administrativa –xa que o Estatuto de Autonomía de 1936 non se chegou a promulgar– ata cincuenta anos despois, en plena década de 1980, co establecemento da Xunta de Galicia, nun contexto histórico e nunhas circunstancias políticas, sociais e económicas radicalmente diferentes das do primeiro tercio do século XX.

Nesas novas circunstancias é nas que nos tocou vivir aos membros da Irmandade Xurídica Galega, nunha época his-

tórica na que se conseguiu o establecemento dos aparellos normativo e institucional que poden permitir a consolidación do galego como lingua xurídica e administrativa, como son, por unha parte, a autonomía política de Galicia e a oficialidade do noso idioma e, pola outra, a codificación da lingua grazas ao labor do Instituto da Lingua Galega e da Real Academia Galega. Sen embargo, a pesar desas condicións favorables e da introdución máis ou menos exitosa do galego no sistema educativo, nos últimos trinta anos non fomos quen de que callase o “proceso de normalización lingüística” especialmente nos ámbitos das profesións, actividades e funcións propias do dereito. A ideoloxía neoliberal do “mercado das linguas” e da predominancia da “lingua máis idónea” -en forma de darwinismo lingüístico-, así como as forzas políticas que nela se inspiran, son os principais obstáculos que hoxe en día se opoñen á normalización do galego.

Pero esa constatación, lonxe de levarnos ao desalento debe constituír un estímulo para perseverar no obxectivo de conseguir que o galego sexa unha lingua xurídica de uso normal nos tribunais, nos despachos e administracións do noso país. E esa meta está agora máis preto porque nunca houbo en Galicia unha xeración coa preparación intelectual e coa decidida vontade que concorren nos xuristas dos nosos días, moitos deles agrupados no seo da Irmandade Xurídica Galega.

É un traballo ao que estamos convocados, non só por responsabilidade de cara á sociedade da que formamos parte senón porque tamén llo debemos aos nosos preclaros devanceiros das Irmandades da Fala de hai un século.



O xurista Lois Tobío

Xulio Ríos

Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906 - Madrid, 2003) tivo sempre unha especial devoción polo mundo do Dereito e esa formación había acompañalo toda a vida, deixando a súa influencia e pegada noutros moitos ámbitos de actividade que desenvolveu. A de “home de leis” foi unha das características salientables da súa poliédrica personalidade permitíndolle transitar por numerosos campos facendo gala dunha vocación interdisciplinar que tanto o levaba polo mundo das letras como polas humanidades.

Unha primeira observación neste eido cabe referila á súa condición de axudante de cátedra en Dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela nada mais rematar os seus anos de estudante, dos que se licenciou co mellor expediente académico valéndolle o Premio da Fundación Fernández Carril. Neses anos previos de formación, Tobío, dotado de grandes capacidades para o estudo, amosara un grande interese pola ciencia política e o dereito público e coa axuda dalgúns profesores da carreira orientou os primeiros pasos para optar a unha praza no escalafón da universidade no ámbito do dereito administrativo ou do político. Como profesor axudante, Tobío, devoto da organización pero inimigo das rutinas, encarou o seu labor con creatividade á hora de deseñar clases prácticas e seminarios ou substituíndo en clases maxistras, en paralelo ao tan recoñecido labor desenvolvido na Biblioteca da Facultade que contribuíu a organizar cun alto nivel de eficiencia, tal que permitiu a súa dinamización e posta ao servizo dos estudantes e do público en xeral onde antes servía de pouco mais que espazo de consulta para o profesorado.

De regreso do seu periplo académico por terras alemás -algo máis dun ano-, no curso 1930-31 incorporouse á USC como profesor auxiliar no eido do Dereito Romano e da Historia do Dereito. Tobío botou man de bibliografía moderna e un estilo formativo de obediencia xermánica asomando unha visión integral na que salientaba a introdución sociolóxica sobre o dereito das sociedades primitivas. En paralelo, este Tobío docente programou un curso sobre a Historia do Dereito Galego que impartiría na nosa lingua. O seu debut como profesor universitario foi amplamente gabado polos propios alumnos. Ao seu remate, sen aínda ter moi claro por onde se encamiñaría a súa vida, tomará rumbo a Madrid para facer os cursos de doutoramento que incluían aulas en tres materias (Política Social, Historia das Institucións Políticas de América e Dereito Municipal).

Nesta etapa formativa que tanta influencia tería na súa vida, compre tamén destacar a participación do viveirense no Seminario de Estudos Galegos. Á fronte da sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, onde contaba coa presenza de figuras como Carballo Calero, Risco, Bóveda, Paz Andrade ou Ferreiro Cid, asumiu a encomenda de preparar o primeiro Anteproxecto de estatuto para Galicia. Sen dúbida, a súa formación como experto xurista en Dereito Público resultaría de gran axuda e facilitou a súa realización. Tobío, xunto con Carballo Calero, foi quen mais achegas fixo para dar unha fasquía normativa ao texto, asegurando a forma final dun documento que serviría de referencia á Asemblea de Municipios que en 1932 redactou o Estatuto que se plebiscitaría en 1936. E compre lembrar que aquel anteproxecto foi o primeiro documento desa natureza que

se tiña feito en Europa. O galeguismo, da man de persoas comprometidas e formadas, militaba na vangarda.

Outro referente indispensable neste aspecto é a súa participación no trazado do Consello de Galiza, sendo quen deu xeito á súa formulación xurídica a petición do propio Castelao, por quen tanta devoción profesaba, para contar cunha estrutura que puidera actuar como fideicomisaria da autonomía galega, equiparándonos cos autogobernos de Cataluña e de Euskadi que si contaban co Consell Nacional e o Euskadiko Batzar Nagusia, respectivamente. A nosa situación neste aspecto era mais ben problemática porque así como o Estatuto catalán chegouse a aprobar, ao igual que o vasco, o Estatuto de Galicia quedou truncado pese a ser aprobado en plebiscito. Desta forma creouse o Consello de Galiza como catalizador daquela vontade referendada polo pobo galego que secundara maioritariamente a proposta de Estatuto.

Tobío foi realmente o teórico desta institución que consistía na agrupación dos deputados galegos nas Cortes Republicanas, é dicir, aqueles que foran a votar en xullo de 1936 ao Parlamento de Madrid para referendar o Estatuto, feito que se viu impedido polo levantamento militar do xeneral Franco. Esta institución, o Consello de Galiza, foi a que manteivo viva e recolleu todo este proceso de creación de institucións autonómicas galegas. Era moi importante para Galicia falar cunha soa voz e dispoñer dun organismo que articulara os seus intereses. Posteriormente, o devir desta entidade foi moito mais problemático que o do Goberno Vasco ou a Generalitat. Funcionou durante os anos 40 e 50, ata algo despois da morte de Castelao.

As facetas do Tobío docente e o Tobío artellador de solucións xurídico-políticas para atender necesidades imperiosas do país en diferentes períodos históricos caracterizados pola súa dimensión crítica para as arelas democráticas e galeguistas, son inseparables e ilustran unha traxectoria de compromiso coa nosa identidade que nunca abandonou. En calquera caso, a dimensión docente, que exercería igualmente nos seus primeiros anos de exilio trala guerra (no primeiro tempo que pasou en Cuba, nomeadamente) iría cedendo paso a outras preferencias e posibilidades que irían gañando peso atendendo, claro está, ás propias necesidades de supervivencia ao ter que refacer a súa propia vida e do seu entorno familiar cando xa roldaba os corenta anos. A versatilidade da súa formación, a súa experiencia persoal, a ductilidade e a seriedade do seu actuar facilitaron ese acompañamento das oportunidades que lle ían xurdindo.

Non obstante, xa sexa como diplomático ao servizo da República, como investigador, tradutor, xornalista ou ensaísta, etc., Tobío, acaparador de múltiples intereses intelectuais como expresión dunha ampla capacidade persoal e unha vocación humanista irrenunciable, tivo sempre a noción xurídica como norma vertebradora do seu pensamento e do seu compromiso.

Incluso cando destinado na legación de Sofía (Bulgaria) decidiu manterse fiel á República, contrariando o comportamento virchaquetas do xefe da representación, na súa actitude pesaban sen dúbida as firmes convicións políticas que profesaba pero igualmente a procura dunha elemental

coherencia constitucional e legal, ben aquilatada durante o seu período formativo.

Igualmente, como tradutor, na elección das obras que verteu ao galego ou castelán, esa querenza polo mundo do dereito público reflíctese en escollas moi persoais e afastadas das estritas necesidades económicas do momento, pois nunca viviu en moito desaforo e ás veces tamén tivo que abordar tarefas dende unha perspectiva exclusivamente profesional. Lémbrese, por exemplo, que na súa estada en Alemaña, a comezos dos anos trinta, completou a súa formación xurídica. Na universidade en Berlín familiarizase coa teoría do Estado de Hermann Heller (1891-1933), profesor e político socialdemócrata –xudeu e membro da ala marxista do SPD-, considerado o formulador do concepto de “Estado social de dereito”. Tobío traduciría para o Fondo de Cultura Económica a obra *Teoría do Estado* do seu mestre, unha das primeiras a unha lingua distinta do alemán que permitiu a moitos introducirse no mundo da racionalidade humanista. Foi un tributo a aqueles anos doces pasados na capital alemá pero igualmente unha escolla temática que respondía ás súas preferencias formativas.

Compromiso co Galeguismo

Tobío simultanearía toda a súa vida esa vocación académica e igualmente investigadora co compromiso político. Nunca houbo fronteiras entre ambas e todas tiñan o seu cimento nunha sólida formación xurídica que de non ser polos avatares da guerra e da vida quizais podería dar de si un cabal innovador no mundo do dereito. Capacidades, vocación nin destrezas lle faltaban.

Os seus vínculos co galeguismo foron estreitos e trala fundación do Partido Galeguista, que viviu desde Madrid, sumariábase a el de contado e fiel a el permanecería toda a súa vida. As súas contribucións, non obstante, non teñen que ver coa dimensión estritamente partidaria derivada dunha implicación activa na súa estrutura senón coas achegas feitas en virtude da súa preparación e habelencia para dar conta das tarefas mais complicadas. Esa bagaxe estaría presente, por exemplo, na elaboración da Declaración de Principios do partido ou no papel desempeñado para a feliz realización do Primeiro Congreso da Emigración Galega ou a edición da Historia de Galicia.

Na Galicia entendida como “célula de universalidade” que formaba parte do tetrólogo galeguista (ademais da consideración como unidade cultural, pobo autónomo e comunidade cooperativa) adoptado en decembro de 1931, cos seus sub-principios de antiimperialismo, federalismo internacional e pacifismo, Tobío centraba o seu enfoque, debullando especialmente o primeiro. Como el deixou dito, os movementos nacionalistas achábanse expostos a limitacións varias que os podían levar a se converter en nacionalismos de campanario por un exceso de purismo. Aínda sen encarreirar a súa vida polos eidos da diplomacia, Tobío tiña claro que o galeguismo debía estar aberto ao exterior, onde podía atopar exemplo e axuda como tamén que a unha expansión da mundialización correspondía un aumento das singularidades. Pacifista, Tobío, teimaba no antiimperialismo como clave para a paz pois as grandes guerras foron sempre promovidas polos imperios ambiciosos e dominadores e mesmo se algunhas comezaron por incidentes en-

tre pequenas nacións, nunca foron máis que pretextos para as grandes potencias dirimiren os seus antagonismos.

Tobío preparou tamén o Manifesto, o Temario e o Regulamento do primeiro congreso da emigración galega (Bos Aires, 1956) e desempeñou un papel clave na súa organización, trazando a súa estrutura e utilizando as súas dotes comunicadoras e mediadoras para poñer paz entre as diferentes sensibilidades. Foi este un evento clave para aglutinar a comunidade política galega que pervivía no exilio en difíciles condicións e ameazada por tensións e rupturas que ao cabo impedirían o mantemento deste foro. Pero Tobío entregouse en corpo e alma á súa realización e se algunha unanimidade concitou foi o seu destacado e positivo facer.

Cómpre tamén sinalar o papel de Tobío como coordinador na realización da Historia de Galiza de Otero Pedrayo asegurando a publicación dos dous primeiros volumes, unificando os textos e poñendo orde nos materiais existentes, cubrindo carencias onde as detectara e garantindo unha edición rigorosa e gabada. A función de Tobío nesta gran empresa foi determinante para levala a bo termo e nela demostrou unha vez mais as súas aptitudes, constancia e servizo á causa galega.

Sinalado isto, tampouco é que se reservara exclusivamente para os grandes proxectos pois tanto valía para un roto como para un descosido, tal era a súa versatilidade. Tobío, por exemplo, participou tamén como un militante mais no espallamento das ideas galeguistas polo país adiante nas misións proselitistas organizadas pola dirección do Parti-

do. Sempre quixo servir a Galicia preservando a lealdade, a pesares dos moitos avatares da súa vida, ora na península, ora no exilio, a aquelas ideas e ideais dunha xeración, sen dúbida, irrepentible.

Outras dimensións de altura

Outra faceta importante e moi destacada de Tobío é a de tradutor pois tiña unha gran capacidade para a aprendizaxe das linguas e nunca a súa devoción polo galego foi obstáculo para ser partícipe dun poliglottismo activo. Ao contrario. O seu profundo coñecemento do alemán levou-no a traducir importantes obras e autores da cultura xermana, pero tamén do francés e do inglés, entre outras, sumando recoñecementos ata practicamente o final dos seus días. É neste sentido protagonista dunha obra significativa e en boa medida pioneira que Galicia debería recoñecer mais adecuadamente ao igual que esa mensaxe non conflitiva, tan necesaria actualmente, respecto da lingua propia na súa relación coas outras que tantas enerxías malgasta na nosa sociedade, as mais das veces por intereses espurios cando non por torpe ignorancia.

Así mesmo, como xornalista, en prensa escrita e radio, presente nos seus anos mozos pero especialmente prolífico durante a etapa da diáspora e sinaladamente en Uruguai, foi moi recoñecido na análise internacional, no que se valeu da súa experiencia diplomática, pero igualmente noutros eidos, especialmente nos temas artísticos. A etapa no diario “El Día” como tamén na “Radio Ariel” puido destacar nas súas dotes comunicativas e pedagóxicas ata se converter

nunha referencia. E tamén, en paralelo, cultivou a súa presenza nas publicacións dos colectivos da emigración e o exilio republicano.

E por último, cómpre salientar o inmenso labor investigador despregado para afondar na figura do Conde de Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña, que sempre destacaba na súa galería de personaxes históricos preferidos xunto ao Padre Feijóo e Erasmo de Rotterdam. “Gondomar” foi un personaxe co que sempre se identificou en boa medida por simbolizar esa competencia no seu facer ao servizo da legalidade e da política internacional de España pero sen por iso menoscar un compromiso irrenunciábel coa identidade e os intereses de Galicia. Con este nobre e diplomático galego que exerceu de embaixador en Inglaterra no século XVII, Tobío chegou a experimentar unha identificación fora do común.

Un intelectual de primeira liña

Foi Tobío, en suma, un intelectual de primeira liña no que a súa formación xurídica dos primeiros anos destaca sobranceiramente en aspectos e tarefas esenciais da súa traxectoria vital. Nada mellor que reler as súas *Décadas* (1994) para comprender a enorme significación deste galego de lei. Nestas magníficas memorias albiscamos o singular valor do seu exemplo, da súa conduta, das súas achegas, sorprendendo ante tanta bagaxe o escaso recoñecemento que aínda Galicia lle profesa.

Lois Tobío foi un exemplo de coherencia cunha galeguidade irrenunciábel pero igualmente partícipe dunha vontade

humanista que lle facilitou sempre os acomodados en situacións e lugares diversos. Un home de cultura, sen dúbida, capaz de sumar mil e un saberes nos que sempre estaría interesado abominando desa especialización que hoxe prolifera a cotío e que priva dos vimbios mínimos para apreciar as claves xerais da nosa contorna.

Militante dun progresismo inevitablemente asociado á liberdade, a democracia, a xustiza social, en suma, á dignidade humana, Tobío tanto fuxía do dogmatismo como sabía recoñecer os anxeos emancipadores das novas doutrinas e os seus buratos negros. Nada lle impedía definirse contra corrente cando era requirido.

E Tobío, para concluír, non foi só un home de ideas senón tamén de acción, capaz de poñelas en movemento, brindándolles ese tesón, clareza e orde que el soubo combinar con iguais doses de perseveranza e método, probablemente vocacionais pero seguramente reforzados coa súa formación xurídica. Como dixera o seu admirado Ovidio: *Abeunt studia in mores* – O que se persegue con celo convértese en costume.



**A situación do galego na
administración de xustiza segundo
os informes do Consello de Europa**

Carlos Varela García

I.- *Introdución*

Tanto o artigo 7.2 da Lei de Normalización Lingüística como o artigo 231.4 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establecen o dereito dos cidadáns a recibir toda a documentación emitida na lingua solicitada, si así fora demandado. En xeral, considerase que as actuacións son válidas e eficaces tanto si se fan en galego como en castelán, pero a parte ou interesado teñen dereito a obter unha copia en galego si expresan unha petición neste senso.

Tamén os representantes das partes e quen es lles dirixan (avogados e procuradores) poden utilizar a lingua galega tanto nas manifestacións orais e escritas cando se dirixan a un Tribunal. É dicir, na súa vertente activa (lingua na cal a persoa pode dirixirse a estes órganos) como na pasiva (dereito a que a persoa sexa atendida na lingua oficial escollida) sen que no exercizo deste dereito poida derivarse prexuízos ou cargas contra as persoas. .

Semella pois que, no ámbito da Administración de Xustiza, existe unha vontade lexislativa de incidir positivamente na situación da lingua galega no ámbito xudicial e na capacitación lingüística do persoal ao servizo da actividade xurisdiccional. Configurándose, deste modo, un marco de dereitos lingüísticos das persoas perante a Administración de Xustiza e de outros organismos públicos vencellados a mesma.

Polo que respecta aos dereitos lingüísticos das persoas perante a Administración periférica estatal, o artigo 15 da nova Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común

das Administracións Públicas (que entrará en vigor no mes de outubro deste ano) recoñece a cidadanía, nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma, o dereito a utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

II.- *Informe do Consello de Europa*

No ano 2001 o Goberno español ratificou a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias aprobada polo Consello de Europa o 5 de novembro de 1992 en Estrasburgo.

Tal e como recolle a Carta, os Estados asinantes deberán emitir informes sobre as medidas adoptadas tendentes a fiel aplicación da Carta. Ditos informes deberán ser presentados ao Secretario Xeral do Consello de Europa.

Nos seus informes periódicos, sobre a aplicación da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, o Comité de Expertos do Consello de Europa ven considerando que con todo, a xustiza continúa sendo un dos ámbitos onde as linguas propias das Comunidades Autónomas están menos presentes e que as medidas tomadas non bastan para brindar unha posibilidade efectiva a toda parte que puidera solicitar a utilización dunha lingua cooficial distinta do castelán nos procedementos xudiciais ou na administración, como pode observarse na ausencia de versión en galego nas aplicacións informáticas relacionadas con MINERVA ou FORTUNY o que impide que a recolleita de datos polos propios rexistros da Fiscalía ou dos xulgados poida facerse en galego.

Cómpre mencionar que ó 21 de setembro de 2005, o Comité de Expertos sobre a Carta Europea das Linguas Rexionais é Minoritarias, publicou o primeiro informe sobre o cumprimento dos compromisos contraídos por España. Neste informe se recolle entre outros puntos, as recomendacións que o Comité de Expertos realiza as autoridades españolas no ámbito da xustiza.

No Cuarto Informe, referido ao período 2010-2013, o Comité de Expertos do Consello de Europa, facendo estensible a todas as linguas cooficiais do Estado español, establece as seguintes recomendacións:

1. Emendar o marco legal con vistas a aclarar que as autoridades penais, civís é administrativas nas Comunidades Autónomas realizarán os procedementos nas linguas cooficiais a solicitude de parte.
2. Tomar as necesarias medidas legais é practicas para asegurar que unha proporción suficiente do persoal xudicial destinado nas Comunidades Autónomas teñan coñecemento laboral das linguas pertinentes.

O Comité de Expertos urxe, ademais, as autoridades a tomar as medidas necesarias para aumentar a porcentaxe do persoal xudicial, a todos os niveis é en particular entre xuíces é fiscais, con capacidade de utilizar o galego como lingua de traballo nos tribunais. Con relación a profesión de avogado o Comité de Expertos pide as autoridades españolas aclarar o RD 775/2011, de 3 de xuño, no relativo o acceso a profesión de avogado. Este Decreto obriga aos avogados a pasar un exame, pero non fai ningunha referencia ao coñecemento de linguas cooficiais.

III.- Actuacións da Xunta de Galicia

O Informe do Comité indica que é a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia o organismo ao que lle corresponde impulsar o uso do galego na administración de xustiza en colaboración coa Secretaria Xeral de Política Lingüística.

Ambos organismos están traballando para proporcionar ao sistema xudicial e xurisdiccional galego ferramentas e recursos que faciliten e melloren a protección dos dereitos lingüísticos tanto dos traballadores da xustiza en Galicia como dos cidadáns, así como para incrementar os índices de uso da lingua galega no ámbito xudicial.

Entre as actuacións que se levaron a cabo procede destacar as seguintes:

- Elaboración e publicación en papel do Dicionario Xurídico Galego, do que existe ademais versión en liña que está accesible na intranet da Xunta para todos os empregados públicos, incluídos os da administración de xustiza, xunto a outras ferramentas lingüísticas, como o corrector Galgo ou tradutores automáticos de pares de linguas.
- Colaboración coas actividades que realiza a Irmandade Xurídica Galega.
- Colaboración na edición anual da Revista Xurídica Galega (Rexurga).
- Desde o ano 2006 está vixente un convenio coa Fiscalía Xeral do Estado para potenciar e promover

o uso da lingua galega no ámbito de actuación da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

- Colaboración coa Escola de Práctica Xurídica e o Colexio de Avogados de Santiago, que inclúe a organización da Xornada Xustiza e Lingua.

- Colaboración coa USC na edición dun glosario de termos esenciais de dereito civil.

- Elaboración dun código de dereito civil galego a través do Centro de Investigacións Lingüísticas Ramón Piñeiro en colaboración co Parlamento de Galicia.

- Colaboración, a través dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Boletín Oficial do Estado na edición en galego de normas e códigos normativos.

- Realización de actividades de difusión da lingua galega entre os traballadores da xustiza en Galicia.

- Existencia de equipos lingüísticos no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas audiencias provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como na Dirección Xeral de Xustiza e nas oficinas dos decanatos de Santiago e Vigo.

- Creación do Portal da xustiza en Galicia, como canle de información ao cidadán (www.exustiza.es), dispoñible en galego e castelán, que permite aumentar a accesibilidade do cidadán á xustiza través de novos servizos de acceso, información e canles de comunicación e interlocución máis áxiles. Inclúe a informa-

ción ao cidadán, empregados públicos e profesionais dos seus dereitos, tipos de procedementos, normativa aplicable.

- Permite xerar en pdf ou descargar todos os formularios procesuais online. - Desde finais do ano 2011, na web externa da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta están dispoñibles todos os formularios electrónicos para os procedementos monitorios e os modelos do Rexistro Civil en galego, xunto á normativa legal en formato electrónico. Tamén se atopan dispoñibles a información e formularios en galego do Rexistro de Parellas de feito, xunto a toda a normativa do Dereito civil de Galicia.

- A Xunta de Galicia implantou xa completamente a aplicación informática MINERVA NOX, incluída dentro do Programa de novas tecnoloxías de Xustiza.

Doutra banda, a Xunta de Galicia, dentro das competencias asumidas para a provisión dos medios persoais, materiais e económicos necesarios para o funcionamento da Administración de xustiza en todo o seu territorio, é responsable da formación inicial e continuada dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza. A formación lévaa a cabo a Escola Galega de Administración Pública. Froito da colaboración entre a SXPL e a Escola Galega de Administración Pública convocáronse no período 2010-2013 un total de 40 cursos de linguaxe xurídica galego, 8 dos cales foron na modalidade de teleformación.

IV.- Actuacións pendentes

A axeitada resposta a demanda de uso do galego nas actuacións xudiciais non pode satisfacerse sen propiciar desde a Administración competente servizos que integren recursos bilingües, capaces de facer efectiva na tramitación procedemental a realidade da cooficialidade. Existen, deste modo, aspectos relativos a equipamentos e recursos informáticos que, en función da súa implementación, poden xogar a favor ou en contra da normalización lingüística.

Conseguir a incorporación do idioma galego nas aplicacións informáticas utilizadas nos xulgados e fiscalías é fundamental para que este non quede o marxe dos procesos relacionados coas novas tecnoloxías e co expediente xudicial electrónico.

A día de hoxe esta aplicación informática en galego non existe, polo que non resulta posible que un procedemento xudicial poida ser desenvolvido en galego desde a súa fase inicial ata a súa resolución por falta de recursos informáticos e documentais.

En cumprimento da Carta Europea da Linguas Nacionais e Minoritarias as autoridades da Xunta de Galicia deben tomar as medidas xurídicas e prácticas necesarias para garantir a presenza do galego nos sistemas informáticos dos órganos xudiciais, das fiscalías e dos colexios profesionais da avogacía e da procuradoría. Desta maneira aseguraríase a aplicación dos compromisos contidos na Carta no apartado referente a Xustiza. Unha demanda, por certo, que a Irmandade Xurídica Galega veu realizando insistentemente.



Un conto centenario

Dalila Dopazo Blanco

Sandra Piñeiro Vilas

Luís Villares Naveira

No ano do Centenario das Irmandades da Fala unha das aproximacións históricas de interese é a reivindicación sectorial da lingua nos diferentes eidos nos que naquela altura o idioma estaba excluído, para comparar a situación ares-tora, e ver cal foi o camiño andado, e sobre todo, a vixencia do discurso.

No eido xurídico, as Irmandades entroncan unha tradición xa secular en Galicia, iniciada cos *ilustrados* Feijoo e Sarmiento, que máis dunha centuria atrás reclamaban para a Xustiza a inclusión da lingua galega como vehículo de expresión entre a curia e o pobo, superando as barreiras que impuña o castelán como canle de comunicación única, colocando nos tribunais un muro de incompreensión infranqueable.

A comezos do século pasado, os intelectuais galeguistas, algúns deles con fonda formación xurídica, poñen o acento da visibilización da lingua no seu uso polas administracións, e así Peña Novo pasou á historia como o primeiro concelleiro en usar o galego de xeito oficial na corporación local da Coruña, en 1920, e os postulados das Irmandades incluíron dende o primeiro momento a esixencia da súa oficialidade lingüística, mesmo antes de enxergar un discurso político acabado, como lembra o feito de que no Congreso celebrado en Lugo en novembro de 1918, entre os obxectivos para Galicia estaban o de que "*o poder xudicial estará sempre desenvolvido por cidadáns galegos*" e a "*Cooficialidade do castelán e do galego*".

Neste contexto mereceu a atención singular e separada do resto de administracións a de Xustiza, o que non deixa de

ser curioso, tendo en conta que a súa concepción como poder do Estado separado dos outros dous non tiña a lectura e relevancia do constitucionalismo moderno, polo que a súa asimilación a unha administración máis do reino parecería lóxica no marco dun discurso xeral sobre a lingua, pero o certo é que a súa singularidade como centro autónomo de poder e o estatuto persoal dos seus membros sempre foi algo que preocupou aos nosos devanceiros galeguistas. As razóns, sinteticamente, eran dúas: dunha banda, o retardo con que chegaban os cambios sociais á Xustiza e aos seus membros, tanto pola rixidez das normas como pola composición da curia; e doutra, polo contacto directo que a xente tiña con estes corpos, que os obrigaba, tanto no eido penal coma no civil, a pasar pola escribanía ou directamente perante o xuíz (sen feminino posible, na época), e daquela a evidencia da asimetría era total.

Percatado deste estado de cousas, Porteiro Garea, con ocasión do discurso fundacional da Irmandade de Compostela o 28 de maio de 1916, aborda unha serie de argumentos onde analiza a actualidade da época, achegándonos por certo unha visión absolutamente universalista de Galicia, un país e un movemento preocupados polo mundo onde viven, abertos ao único cosmopolitanismo posible, o que parte do respecto á súa propia identidade, e coa vontade de construír un proxecto social con vocación maioritaria, inclusivo.

O chanzo IX da súa alocución dedicouno Porteiro a "*O dereito, xueces e notarios*", onde fala directamente do "**problema da administración de Xustiza**" para o galego,

centrado na cuestión da imposible interlocución en galego entre uns xuíces que nin queren nin saben o galego e un pobo a quen o Estado lle nega a posibilidade de se expresar na súa lingua. O autor aínda dá un paso máis manifestando a insatisfacción que produce a tradución, primeiro polas reticencias que causaría na curia e segundo por non expresar “con xusteza o pensamento e a vontade” do declarante. Remata o profesor exhortando aos seus irmáns que os xuíces e notarios saiban o galego, “se han ser garantía de xustiza e fidelidade”.

As palabras de Porteiro non eran casuais. Profesor de Dereito civil na Universidade de Santiago, institución da que chegou a ser Secretario Xeral, xa impartira aulas en galego de xeito ocasional, inaugurando o curso académico o 16 de Setembro de 1915, cunha palestra titulada «*A transformación do dereito civil pola gran guerra*», no Paraninfo da universidade compostelana. A consecuencia do seu coñecemento, Porteiro reflexionou que a práctica do galego era unha decisión persoal e dolorosa, situación que cifraba na alfabetización en castelán; a ausencia de materiais de recurso como gramáticas ou dicionarios; as carencias de tradición impresa e mesmo na decisión de tornar para o galego en ambientes académicos ou rexistros cultos, o que implicaba unha situación de conflito na sociedade e na contorna política do seu tempo.

Por máis que as Irmandades non eran as primeiras voces que se alzaban na defensa da normalidade lingüística para Galicia, si foron as que construíron un corpo argumental sistemático, omnicompreensivo deste fenómeno como integrante do feito social e político, de onde o chanzo á reivin-

dicación política da lingua era unha consecuencia necesaria, xa que a decisión de que o galego fose oficial ou que a xustiza o acollese como propio son decisións políticas, non culturais nin sociais, por máis que estes epítetos podan funcionar como presuposto da decisión política.

A eclosión no inverno das Irmandades da Fala derivou nunha tépeda primavera xurídica que para a lingua supuxo o seu recoñecemento como cooficial no artigo 4 do Estatuto de Autonomía para Galicia, referendado polo pobo galego o 28 de xuño de 1936. A tronada das bombas sumiu ao País na máis absoluta escuridade democrática e vital, e con ela o esmagamento da oficialidade da lingua propia, e a imposición e uniformización do castelán como único medio de expresión pública, facendo invisible e perseguido o idioma durante toda a ditadura.

A transición á democracia supuxo a reconexión con certos discursos culturais e lingüísticos dos anos trinta, pero o País era moi distinto, pois a castelanización forzada durante xeracións da poboación, a xeralización da alfabetización en castelán, a emigración ás urbes e o vínculo entre rural e atraso social, unido á falta de repudia oficial dos valores do franquismo –en nome da convivencia entre os que querían democracia e os que aínda detentaban un importantísimo poder real e foran élites sociais e económicas na ditadura– fixo que a recuperación da lingua galega na sociedade fose moi desigual. Con todo, a Constitución de 1978 abriu a porta a cooficialidade lingüística, que materializou o Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981.

Daquela, logo de trinta e cinco anos de autonomía e cen de *Irmandades*, queda algo vixente dos anxeios cristalizados nos seus discursos e manifestos, particularmente no relativo á administración de xustiza? Lamentablemente, moito.

A vixencia da cooficialidade lingüística é unha proxección do principio de igualdade formal proclamado no art. 14 da Constitución sobre o feito sociolingüístico de que a cidadanía galega tiña dúas linguas, unha tradicional e propia da maioría da poboación e outra de incorporación historicamente posterior que por razóns políticas que non veñen ao caso estudar ocupaba unha situación de preeminencia social. Pero a simple proclama legal o único efecto que ten é conxelar a imaxe, é dicir, permitir que dende ese momento as tendencias sociais puidesen ser visibles, pero sen incidir de forma significativa no seu devalo. En consecuencia, dada a ausencia de repudio dos valores franquistas antigalegos no corpo social, as actitudes lingüísticas do conxunto social e institucional seguirían actuando nunha sorte de darwinismo lingüístico onde a lingua máis forte socialmente sería a supervivente, usurpando progresivamente espazos coa desgaleguización das novas xeracións polos seus propios proxenitores antes galegofalantes, debido aos prexuízos interiorizados, a causa da ausencia de repudia.

A razón é a pouca eficacia que ten a igualdade formal para modificar o *statu quo* dunha situación. A simple proclamación do dereito á saúde non cura.

No eido da Xustiza, a simple proclamación da cooficialidade non converte ao galego en lingua relacional deste po-

der do Estado, nin sequera garante un trato igual en galego para quen se relaciona con esta administración.



Para garantir o dereito á saúde cómpre un sistema institucional sanitario que preveña a enfermidade, que eduque á poboación en hábitos saudables, e que teña capacidade de reaccionar cando sobreveñen as enfermidades. E isto implica formar, informar e gastar. Por que? Porque hai unha realidade que debe ser transformada para que o dereito sexa unha realidade. Do *deber ser* ao *ser*. Disto ocúpase o a igualdade *material*, que consiste na creación das condicións para toda a cidadanía teña unhas mínimas oportu-

nidades en relación aos bens básicos. E a creación desas condicións encoméndaselle ao poder público, que non se limita a observar o statu quo das cousas, senón a **intervir** nas realidades sociais para **transformalas**. Isto é o que refire o art. 9.2. da Constitución cando afirma que lles corresponde "*ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remove- ren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social*", precepto asumido expresamente polo pobo galego e refrendado no art. 4.2. do Estatuto de Autonomía. Por isto dicimos que vivimos nunha democracia *social*, polo compromiso de solidariedade que asumimos. É a razón pola que pagamos impostos para construír hospitais públicos.

E na lingua, a democracia social realízase mediante unha política de igualdade chamada *normalización lingüística*, que consiste en crear as condicións para que os individuos podan ser libres para vivir en plenitude en lingua galega, que é a que o *statu quo* tivo e aínda ten relegada a unha posición subordinada. Isto implica, como se sabe, poñer a disposición da poboación o coñecemento pleno, pero tamén os medios materiais para o seu exercizo e o máis importante de todo, aínda que non se vexa: erradicar os prexuízos que asocian o galego a valores negativos na relación social, e aínda hoxe fan que unha persoa que fala unha lingua lle transmita outra aos seus descendentes.

Danse as condicións de igualdade real entre linguas na Xustiza? Porteiro Garea debería laiarse igual cá no seu discurso de hai cen anos?

Igual, non. Parecido, si.

Igual non, porque arestora calquera cidadán/á pode dirixirse oralmente e por escrito á administración de xustiza e aos seus membros, e interactuar validamente nesta lingua sen ser sancionado por isto. Ademais, hai certo funcionario e membros do poder xudicial e fiscal que voluntariamente deciden desenvolver o seu labor en galego, o que ocasionalmente determina que a cidadanía reciba atención en galego. Finalmente, existen servizos de tradución para xestionar as situacións de conflito que se podan dar (aínda que a súa finalidade non deba ser esa).

Parecido, si. Porque nin funcionariado nin xudicatura nin fiscalía teñen o deber de coñecer o galego, polo que na práctica ás veces o dereito cidadán de se relacionar nesta lingua vese defraudado ante a incompreensión do servidor público, que non serve ao público. Por decenas cóntanse diariamente as situacións onde con coactiva amabilidade membros da xudicatura e a fiscalía ou letrados/as da administración de xustiza suxiren ou piden a letrados/as e cidadáns que realicen as súas intervencións en castelán, porque se entende mellor para quen logo ten que *decidir*. Por centenas cóntanse as declaracións de cidadáns/ás en galego que son traducidas e pasan ao papel en castelán nas oficinas. E por milleiros cóntanse os documentos que diariamente emiten os xulgados en castelán porque é a única lingua na que está glosado o programa informático propiedade da administración autonómica galega, quen afirma non poder facer outra cousa por mudar a situación.

A esixencia dun tratamento en réxime de cooficialidade conleva unha penalidade de retardo adicional na tramitación do procedemento. Estamos en condicións de afirmar que non hai xulgado en Galicia que poda dispensar tratamento en galego de xeito integral ao longo do procedemento que non implique un aumento na súa duración, o que funciona como eficaz disuasor de profesionais e particulares no exercizo do seu dereito.

Cooficialidade? Si. Igualdade? Non.

E que cumpriría para camiñar cara a igualdade? Compromiso:

Compromiso no **inmaterial**, facendo campañas que sensibilicen sobre a realidade lingüística de Galicia, sobre a naturalidade de expresarse na propia lingua en calquera ambiente social ou profesional, sobre a necesidade de asumir que un debe aceptar esta situación sen impoñer a súa versión monolingüe da relación social; en definitiva, respecto. E en paralelo, unha continua labor de alfabetización funcional completa que permita a todo o mundo que o desexe, poder expresarse sen dificultade en calquera das linguas cooficiais.

Compromiso co **material**, fornecendo os medios para o traballo en galego: nas universidades, dando aulas en galego; nos Colexios profesionais (Avogacía, Procuradoría, Peritaxe) dispoñendo recursos materiais e modelos de traballo; nas librarías e a rede, con lexislación consolidada na nosa lingua, así como a principal xurisprudencia traducida; e por suposto, nos xulgados, dotando a funcionariado, xudicatu-

ra e fiscalía de programas informáticos que permitan traballar en galego coa mesma facilidade coa que hoxe pode facerse en castelán.

A palabra compromiso implica **vontade** e sobre todo, **voluntariedade**. E no público o que non é obrigatorio é unha decisión política, con marxe para ser ou non ser, en función de quen xestione a administración en cada caso concreto.

Pero trabúcase o poder público que crea que pode desentenderse deste compromiso. Porque **ese** compromiso foi asinado polo constituínte, e posteriormente pola sociedade galega plebiscitante do Estatuto, de xeito que para os poderes públicos constituídos é un acto debido, consubstancial á democracia **social**, ir na contra destes valores é sinxelamente **ilexítimo**, do punto de vista constitucional, que concibiu o poder cunha finalidade determinada, que defrauda o gobernante que se aparta dela.

Por iso hai desleixos públicos que son dificilmente aceptables, porque supoñen un exercizo do poder contrario ás finalidades que o sustentan.

Sostén o poder público autonómico que o Minerva é un programa do Ministerio de Xustiza e que a CA emprega gratuitamente pero cuxa tradución correspondería ao Estado, polo que nada pode facer a administración máis aló de introducir algún documento en galego, sen que o conxunto da aplicación poda modificarse.

Pola contra, a situación real parece diferir deste relato: o Ministerio cedeu gratuitamente o programa Minerva á Xunta

con todos os dereitos de propiedade intelectual, de forma que a administración autonómica quedaba autorizada para modificar nel todo, non só introducindo documentos, senón modificando o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión bilingüe. Cando se asinou esta cesión o Ministerio xa advertiu á Xunta que dende ese momento eles serían os responsables da tradución, e que o Estado non podería facer esa xestión; item máis, consultada expresamente Intervención sobre este extremo, non autorizarían ese gasto, ao que tamén se oporía a Avogacía do Estado, dada a previa cesión gratuíta de dereitos sobre o programa. En consecuencia, a Xunta é dende ese momento a titular da aplicación en Galicia e a única facultada para modificalo ou traducilo.

Pode unha administración con **competencias e medios** renunciar a dotar de contido a legalidade lingüística nun ámbito que constitúe un Poder que garante a democracia no corpo social, como é o caso da Xustiza?

As verbas de Porteiro Garea volven a nós coma ecos non escoitados nas esferas do poder: cómpre esixir a galeguización completa da administración, dos seus axentes e dos seus medios, como única garantía para a cidadanía de **xustiza e fidelidade**.

Todo o demais, son contos.

007	Prólogos
013	Os xuristas das Irmandades da Fala
059	Aspectos xurídicos de Lois Peña Novo
071	Roberto González Pastoriza, crónica dun avogado galeguista
097	Fermín Bouza Brey e Trillo: maxistrado, intelectual e poeta
121	Ollos de Lene Luar
149	As Irmandades da Fala e Nós. O panorama previo do século XIX
161	O xurista Lois Tobío
173	A situación do galego na administración de xustiza segundo os informes do Consello de Europa
181	Un conto centenario

*Este libro imprentouse no prelo da
Deputación Provincial de Pontevedra no mes de maio de 2016
co gallo da celebración da
IX Asemblea da Irmandade Xurídica Galega celebrada en
Monforte de Lemos o día 11 de xuño de 2016 para conmemorar
o I centenario da fundación das Irmandades da Fala.*

